

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 2

SESION ORDINARIA DO 29 DE FEBREIRO DE 2016

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Excmo. Sr. Alcalde (grupo municipal Socialista)
Pardo Espiñeira, Francisco Javier (grupo municipal Socialista)
Silva Rego, M^a Carmen (grupo municipal Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e catro minutos do día vinte e nove de febreiro do ano dous mil dezaseis, coa Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. David Regades Fernández, e a asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa

Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pérez Correa, Piñeiro López, Rivas González, Rodríguez Díaz e Rodríguez Escudero, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Pleno do excelentísimo concello de Vigo, sesión ordinaria do 29 de febreiro do ano 2016, no salón do Pleno deste Concello, ábrese sesión pública.

PARTE RESOLUTIVA

1(17).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DO 30.11.15, EXTRAORDINARIA DO 9.12.15, EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 18.12.15, EXTRAORDINARIA DO 22.12.2015 E ORDINARIA (DECEMBRO) DO 12.01.2016).

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes ás sesións: ordinaria do 30.11.15, extraordinaria do 9.12.15, extraordinaria e urxente do 18.12.15, extraordinaria do 22.12.15 e ordinaria (decembro) do 12.01.2016.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non houbo.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(18).- DETERMINACIÓN DA FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DAS PISCINAS CUBERTAS MUNICIPAIS DAS TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E O XIMNASIO DO BERBÉS. EXPTE. 14838/333 (1316/1101)

ANTECEDENTES.- O xefe da Unidade Técnica Deportiva co conforme do concelleiro delegado de Deportes, con data 28 de xaneiro de 2016, emite o seguinte informe proposta:

“1.- Antecedentes:

O Pleno do Concello de Vigo do pasado 26 de outubro de 2015, aprobou a modificación da modalidade na xestión directa dos servizos públicos de deportes a través do Instituto Municipal dos Deportes, polo cal con efectos de data do 1 de xaneiro de 2016, ditos servizos pasaron a ser xestionados directamente na modalidade de “xestión polo propio Concello de Vigo”, xa que na citada data, procedeuse a extinción do organismo autónomo “Instituto Municipal dos Deportes”.

En relación o citado acordo, o apartado “quinto” indica que *“o Concello de Vigo subrogarase con efectos do 1 de xaneiro de 2016, na totalidade dos dereitos e obrigas que poidan derivarse dso contratos, convenios e calquera outro negocio xurídico de calquera natureza no que existe participación dos entes instrumentais extinguidos... ”*, polo cal o Concello de Vigo atopase subroagdo o acordo da Xunta Reitora do Instituto Municipal dos Deportes que en sesión ordinaria realizada o día 6 de maio de 2015, entre outros asuntos acordou *“Aprobar a prorroga do vixente contrato de prestación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares, e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios das instalacións municipais de Berbés e Travesas dependentes do IMD, suscrito coa UTE VIGO PISCINAS (U27805944), polo período comprendido entre o 1 de setembro de 2015 ao 31 de agosto de 2016, nas condicións previstas no devandito contrato e de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobadas por acordo da Xunta Reitora do IMD de data 13 de xuño de 2014”* e recollidos no expediente administrativo 2610/11.

A continuidade deste contrato de prestación de servizos ten vixencia ata o 31 de agosto de 2016, e o citado contrato contempla no seo obxecto a prestación dos seguintes servizos:

- Prestación dos servizos técnicos docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas deportivas das piscinas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares
- Prestación dos servizos de socorrismo das piscinas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares
- Prestación dos servizos de atención e control dos usuarios das piscinas de

Travesas, Lavadores, Teis e Valadares

- Prestación dos servizos de limpeza, conservación, mantemento e vixianza, nas piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares.
- Prestación dos servizos de profesionais técnico docentes, monitores e profesores para impartir distintas ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios das instalacións municipais do Berbés e Travesas, así como o mantemento das máquinas de actividade físico-deportiva dos Ximnasios.

En relación a próxima finalización deste contrato, e necesario ter en conta as seguintes cuestións

a.- A evolución e modificacións das demandas deportivas, así como a minoración progresiva dos usos nas instalacións e programas deportivos nas piscinas cubertas municipais, demanda unha revisión e reformulación do modelo de xestión.

b.- A disolución do “organismo autónomo - Instituto Municipal dos Deportes -” e a súa incorporación a propia estrutura de xestión do Concello de Vigo, conleva a necesidade de reformulación do modelo de xestión destas instalacións.

2.- Proposta:

Neste escenario, dende a Concellería de Deportes do Concello de Vigo, considerase necesario reformular o modelo de xestión sobre estas instalacións, cun dobre obxectivo; por un lado atender a nova demanda deportiva a través da modernización das instalacións para posibilitar a adecuación dos programas deportivos, e por outro lado, propoñer un novo modelo de xestión que se axuste adecuadamente a realidade económica deste tipo de instalacións.

Este novo proxecto debe de complementar os actuais servizos deportivos municipais mediante a modernización destas instalacións, posibilitando un crecemento da oferta dos servizos deportivos baixo un criterio sostible da actual rede de Centros Deportivos Municipais, para o cal se deberá ter en conta a globalidade dos servizos deportivos municipais.


En concreto, o desenvolvemento dun novo proxecto de xestión para as piscinas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares, debe configurarse como unha actuación de modernización dos servizos e de forma xeral debe comprender as seguintes actuacións:

a.- Necesidade de reforma e modernización das infraestruturas:


Na actualidade nos atopamos con catro infraestruturas deportivas cunha vida de uso que varia dende case os 25 anos da piscina municipal das Travesas, ata os case 20 anos das piscinas de Lavadores e Teis, ata os 8 anos da piscina de Valadares. Esta situación demanda por un lado unha actuación de reforma e adecuación da edificación, ata un proceso de renovación e modernización das instalacións propias destas instalacións para mellorar a capacidade de xestión.

Instalacións:

Piscina Municipal das Travesas.




Piscina municipal de Lavadores




d. 29.02.2016

Piscina municipal de Teis



Piscina Municipal de Valadares.



b.- Xestión integral dos servizos vinculados a propia xestión deste tipo de instalación incluíndo os servizos técnicos docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas deportivas, o servizo de socorrismo, atención e control dos usuarios, así como os de limpeza, conservación, mantemento e vixilancia, incluíndo todos a xestión dos consumos de enerxías das instalacións.

c.- En relación o contrato en vigor, debemos de atender tamén para o novo proxecto de xestión, a prestación dos servizos profesionais técnico docentes, monitores e profesores para impartir distintas ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios das instalacións municipais do Berbés e Travesas, así como o mantemento das máquinas de actividade físico-deportiva dos Ximnasios.

Fundamentos

Primeiro.- Os servizos deportivos como prestación de servizo público.

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (en diante, LBRL), enumera as competencias que son propias das entidades locais, atopándose entre as mesmas a correspondente ás actividades ou instalacións culturais e deportivas. O artigo 25.2. da LBRL establece: *“O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Á súa vez, o artigo 85.1 da LBRL dispón que *“son servizos públicos locais os que prestan as entidades locais no ámbito das súas competencias”*, concepto que foi explicado pola doutrina xurisprudencial no sentido de que, no ámbito das entidades locais, por servizo público ha de entenderse aquel servizo que tende á consecución dos fins que son competencia das referidas entidades.

Pola súa banda, o artigo 26 da LBRL establece un réxime de servizos mínimos de prestación obrigatoria para os municipios, esenciais para a vida en sociedade, de forma que o propio precepto decláraos implicitamente como servizos públicos, dos cales uns serán servizos públicos monopolísticos, mentres que outros serán servizos públicos non esenciais que poden prestarse en concorrencia co sector privado.

Centrándonos xa nas instalacións deportivas, o artigo 26.1.c) da LBRL, establece que os municipios que contén con máis de 20.000 habitantes, teñen a obrigaón de prestar

o servizo de instalacións deportivas de uso público, servizo que, de acordo co manifestado con anterioridade, sería cualificado como servizo público de prestación obrigatoria.

Por outra banda, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en diante, LALG), alude en dous momentos distintos ás competencias dos municipios en materia de instalacións deportivas. Así, no artigo 80.2 considera como competencia propia de todo municipio a de instalacións deportivas, sinalando a continuación no seu artigo 81 c) que os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes están obrigados a prestar o servizo de instalacións deportivas de uso público.

Ademais, o artigo 8 da recente Lei 3/2012, de 12 de abril, do Deporte de Galicia, establece que os municipios exercerán no seu correspondente ámbito territorial, entre outras, as competencias consistentes en fomentar, promover e difundir o deporte, construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e velar pola plena utilización das existentes no seu termo, coidando as súas condicións de hixiene e seguridade.

No caso concreto do termo municipal de Vigo, ao superar a súa poboación o número de 20.000 habitantes, é un municipio que se atopa obrigado a prestar o servizo de instalacións deportivas de uso público, dentro das cales se encadran os centros deportivos de titularidade municipal con instalacións de piscina e servizos complementarios, como as referidas ás actuacións "Centros deportivos Municipais: augaésaude".

Segundo.- A potestade dos municipios de autoorganizar os seus servizos públicos.

Os municipios teñen plena potestade para decidir acerca da organización dos servizos da súa competencia, tal e como con claridade recóllese no artigo 4.1. a) da LBRL, que dispón o seguinte: "Na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias, corresponden en todo caso aos municipios, as provincias e as illas: a) As potestades administrativas e de autoorganización".

Así mesmo, o artigo 30 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (en diante, RSCL), indica que, "As Corporacións locais terán plena potestade para constituír, organizar, modificar e suprimir os servizos da súa competencia, tanto na orde persoal como no económico ou en calquera outros aspectos, con arranxo á Lei de Réxime Local e os seus Regulamentos e demais disposicións de aplicación."

Esa potestade de autoorganización outorga á Administración local a facultade de discrecionalidade para decidir acerca da forma na que se vai a prestar o concreto servizo público de acordo coa legalidade vixente.

Terceiro.- Modelo contractual de xestión do servizo público.

Exposto que a prestación do servizo municipal de instalacións e actividades deportivas é un servizo público de competencia municipal, corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, conforme ao establecido no artigo 123.1 k) da LBRL, a competencia para adoptar o acordo que determine a forma de organización do servizo público cualificando a natureza xurídica do contrato e o modelo de xestión que se adopte.

O criterio mantido polo Concello para a construción e xestión desta clase de instalacións, como así se xustificou nos expediente 6078/33 e 11743/333, relativos á construción e explotación das piscinas de Barreiro e Florida e o novo complexo deportivo de Navia, foi a fórmula do contrato de xestión de servizo público, na modalidade indirecta de concesión.

Como se acreditou no marco dos devanditos expedientes, esta fórmula encaixa plenamente nos supostos previstos no noso ordenamento xurídico para a xestión indirecta de servizos públicos, e en particular, para a xestión de instalacións deportivas de uso municipal, que como as que teñen obxecto deste expediente demandan a execución de obras de reforma e modernización.

Na contratación da xestión do servizo público na modalidade de concesión, o empresario xestiona o servizo ao seu propio risco e ventura, de forma que, a diferenza da xestión directa, o risco económico da explotación non sería asumido pola Administración. Neste caso, o obxecto do contrato esténdese centrado na xestión das instalacións así como á realización das obras de reforma e modernización necesarias en base a definición previa por parte da administración dun anteproxecto.

Nos contratos de xestión de servizos públicos que comprendan a execución de obras, como son as actuacións previstas neste caso, a tramitación do expediente de contratación irá precedida, como actuación preparatoria, da elaboración e aprobación administrativa do anteproxecto das obras e explotación do servizo, con especificación das prescricións técnicas relativas á súa utilización de acordo co contido establecido no artigo 129 do TRLCSP (Memoria, planos, orzamento e estudo económico relativo ao réxime de utilización e explotación da obra). O artigo 133.2 do TRLCSP establece que en tal suposto, serán aplicables os preceptos establecidos na propia Lei para o contrato de concesión de obra pública. O devandito anteproxecto de explotación e de obra deberá ser sometido a información pública polo prazo dun mes, de acordo coa regulación establecida no TRLCSP para o contrato de concesión de obra pública.

O obxecto do contrato non está, polo tanto, limitado á xestión e mantemento das instalacións deportivas de auga incluídas no seu obxecto, senón que se estende, ademais, á execución das obras de construción, polo que esta actuación esixe un investimento importante que xustifica a aplicación da fórmula de xestión indirecta mediante o concesionario que asuma o risco e ventura tanto na fase de execución das obras, como na posterior explotación, compensada, polo menos, co dereito que lle asiste á percepción das tarifas aprobadas, que deberán abonar os usuarios do servizo. Deste xeito, o concesionario ten dereito a percibir as contraprestacións económicas previstas no contrato, entre as que se incluírá, para facer efectivo o seu dereito á explotación do servizo, unha retribución fixada en función da súa utilización, que se percibirá directamente dos usuarios (tarifas aprobadas) ou da propia Administración.

Ademais, o concesionario deberá prestar o servizo público con estrita subxección ás características establecidas no contrato, e proceder á execución das obras conforme ao proxecto aprobado polo órgano de contratación.

E pola concorrencia da execución de obras e explotación do servizo no obxecto do contrato, o prazo máximo de duración do contrato, incluídas as prórrogas poderá ser de

cincuenta (50) anos.

A regulación do contrato de xestión de servizos públicos inclúe o mantemento do equilibrio económico do contrato, entendido este mecanismo como a técnica que pretende conciliar o principio de risco e ventura que asume o contratista ante a eventual aparición de circunstancias imprevisibles, anormais ou non esperadas durante a súa execución, que determinan unha quebra ou ruptura na base das prestacións do negocio. Os límites ao risco que asume o concesionario fixaranse no Prego regulador da concesión.

Neste sentido, tomando como punto de partida o criterio adoptado polo Concello nos expediente 6078/333 e 11743/333, relativos á construción e explotación das piscinas de Barreiro e Florida e o novo complexo deportivo de Navia, e seguindo os razoamentos expostos, en aplicación da normativa citada e conforme ao establecido no artigo 123.1 k) da LBRL, e previo os informes xurídicos necesarios, propónse ao Pleno da Corporación, órgano competente, a adopción do seguinte,..."

Deseguido o funcionario informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 11 de febreiro de 2016, o secretario xeral do Pleno informa do que segue:

“Lexislación aplicable

-LBRL. Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

-TRLCSP. R.D. Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

-RS. Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

-LRL. Lei de Réxime Local. Decreto de 25 de xuño de 1955 polo que se aproba o Texto articulado e Refundido das Leis de Bases de Réxime Local de 17 de xullo de 1945 e de 3 de decembro de 1953.

Antecedentes

Con data de 1 de febreiro de 2016 ten entrada nesta Secretaría Xeral do Pleno para informe xurídico o Expediente 14838/333 referente á determinación da forma de xestión do servizo público nas piscinas municipais das Travesas, Lavadores, Teis, Valadares e no ximnasio do Berbés.

A esta petición de informe lle é aplicable o previsto no art. 122.5.e) 1º da LBRL. de conformidade co precepto estes informes deben ser ordenados pola Presidencia da Corporación, non obstante cabe entender que este requisito se cumpre cando tal petición de informe efectúase por unha concellería en relación coas materias nela delegadas, polo que procede emitir o seguinte,

INFORME

I.- Similar cuestión, xa foi informada por esta secretaría xeral en informes de data 15.2.2006; 24.03 2006 e 8.11.2012, este informe é actualización e adecuación dos citados.

II.- Sobre o que significa “servizo público” existen múltiples definicións doutrinais, case tantas como autores abordaron o seu estudo, sendo clásica a distinción entre un concepto amplo e outro estrito. O lexislador local na LBRL -que a súa vez distingue entre servizos públicos xerais (art. 25), obrigatorios (art. 26) e reservados (art. 86.2)-, seguindo a definición do art. 156 da LRL de 1955, apúntase ao concepto amplo ao indicar no art. 85.1: “Son servizos públicos locais os que prestan as entidades locais no ámbito das súas competencias”.

Pódese dicir que o servizo público é unha manifestación das competencias; dende esta perspectiva encaixan na idea de servizo público, ou mellor dito na de “servizo ao público”, dende as prestacións culturais ou deportivas, ata os servizos funerarios, pasando polos transportes urbanos, o abastecemento de auga potable, a ordenación do tráfico de vehículos nas vías urbanas ou a extinción de incendios.

En definitiva, e no que agora interesa, a actividade municipal de asumir a remodelación e modernización dunhas instalacións deportivas de uso público, para prestar a través delas dun xeito regular e continuo unha actividade dirixida a satisfacer as necesidades deportivas e lúdicas da comunidade veciñal, debe ser considerada, sen lugar a dúbidas, como un servizo público de competencia propia municipal. É mais, expresamente o art. 25.2.1.) da LBRL advirte que os municipios exercerán, en todo caso, competencias nas seguintes materias “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.” Por outra banda o artigo 26.1.c) da mesma norma sinala que os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, prestarán, en todo caso (competencia obrigatoria), o servizo de “instalacións deportivas de uso público”.

É de destacar a relación inmediata que manteñen as actividades previstas coa competencia e co servizo público citado. Tampouco debemos esquecer que son competencias municipais “cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal”. Neste sentido, non se pode descoñecer que entre as necesidades actuais da poboación urbana da Cidade de Vigo figuran en lugar destacado as de dispoñer de servizos deportivos, de recreo e espaxamento público.

III.- Sendo evidente que as actividades pretendidas se integran plenamente na idea de servizo público, corresponde ao Pleno Municipal determinar a súa forma de xestión tal e como sinala o art. 123.1.k) da LBRL.

O art. 85.2 da LBRL indica que os servizos públicos de competencia local poderán xestionarse directa ou indirectamente. Son modos de xestión directa os que se efectúan pola propia entidade local; a través dun organismo autónomo local; mediante unha entidade pública empresarial local ou a través de sociedade mercantil cuxo capital social pertenza integramente á entidade local. Son modos de xestión indirecta os que se prestan a través das distintas modalidades previstas no art. 156 do TRLCAP, é dicir, mediante concesión, xestión interesada, concerto ou sociedade de economía

mixta.

Sen prexuízo da denominada xestión municipal indiferenciada, o que caracteriza as restantes modalidades de xestión directa é a existencia dun ente instrumental ou de cobertura creado pola propia administración municipal que goza de personalidade xurídica propia e polo tanto dunha certa potestade de auto-organización e unha certa autonomía patrimonial. Non obstante a característica común dos modos de xestión directa radica no feito de que o risco económico da xestión do servizo é asumido pola Administración Municipal ou polos entes instrumentais por ela creados.

Nas modalidades de xestión indirecta o risco económico da explotación e xestión do servizo é asumido total ou parcialmente polos particulares, polos adxudicatarios do contrato, pois debe entenderse que nos denominados “xestión interesada” ou “sociedade de economía mixta” o risco é compartido.

Na elección dunha ou outra forma de xestión as Administracións Públicas gozan dunha gran discrecionalidade en virtude da súa potestade de auto-organización, art. 4.1.a) LBRL. En efecto, as leis tan só limitan esa discrecionalidade nos servizos que implican exercicio de autoridade que, en todo caso, tal e como determina “*in fine*” o art. 85.2 da LBRL, deben prestarse a través dunha forma de xestión directa indiferenciada e por medio de persoal suxeito ao estatuto funcionarial. Por outra banda os servizos asistenciais tan só poden ser prestados mediante xestión directa ou concerto, tal e como determina o art. 43.2 do Regulamento de Servizos de 1955.

O que caracteriza ao servizo público que se pretende levar a cabo é que este non só consiste na mera xestión ou explotación do mesmo, é dicir, no control e vixilancia da actividade e no mantemento das instalacións nas que se presta, feito que o fai susceptible de explotación económica, senón que así mesmo implica a remodelación e modernización das instalacións, en definitiva, “execución de obras”, circunstancia que por si soa condiciona a discrecionalidade da Administración Municipal na súa opción de determinar a forma de xestión, pois sen prexuízo do que manifieste a Intervención Xeral, a ausencia de consignacións orzamentarias adecuadas e suficientes para facer fronte aos presumibles elevados gastos previstos e a inconveniencia, ou quizais imposibilidade financeira (teito de gasto), de acudir ao crédito en aras ao mantemento dun equilibrio orzamentario e unha estabilidade financeira, obriga de modo indubitado a buscar financiamento privado para a mellora das dotacións previstas, o que de por si implica a necesidade e conveniencia dunha forma de xestión indirecta que neste caso só pode ser de “concesión de xestión de servizos públicos con execución de obra” que se caracteriza polo risco (perdas) e ventura (beneficios) que asume o concesionario, tanto na fase de execución como na súa posterior explotación. Risco e ventura que se compensa e se xera mediante unha contraprestación, “tarifa”, que satisfarán os usuarios dos servizos. Tal xestión, como sabemos, non implica a perda de potestades administrativas necesarias para asegurar a boa marcha do servizo nin os poderes de control e policía sobre o mesmo (art. 279.2 TRLCSP).

IV.- O artigo 132 da última norma citada advirte que antes de proceder a contratación dun servizo público establecerase o seu réxime xurídico, feito que obriga á aprobación dunha regulamentación especial do mesmo que atribúa as competencias administrativas; que determine o alcance das prestacións a favor dos administrados e regule os aspectos de carácter económico, xurídico e administrativo. Pois ben, sen prexuízo de que será o prego de prescricións técnicas do contrato o documento que

concreto e particularice o alcance e condicións das prestacións á realizar, resulta conveniente que con anterioridade se aprobe polo Pleno do Concello unhas sinxelas normas xerais do uso nas piscinas e ximnasios municipais, determinando os dereitos e obrigas dos usuarios con indicacións referidas ao acceso e outras circunstancias análogas. Pola súa parte o artigo 133.2 do TRLCSP sinala: “Nos contratos [de xestión de servizos públicos] que comprendan a execución de obras, a tramitación do expediente irá precedida da elaboración e aprobación administrativa do *anteproxecto de explotación e das obras precisas*, con especificación das prescricións técnicas relativas á súa realización”. Así mesmo indica que nestes supostos serán de aplicación os preceptos establecidos en tal norma para o contrato de concesión de obras públicas, o que determina que o órgano de contratación, a Xunta de Goberno Local, antes de aprobar o expediente de contratación, deberá someter a *información pública durante un mes* os anteproxectos mencionados.

V.- Co obxecto de determinar o réxime xurídico aplicable á contratación a realizar pode debaterse se estamos ante un contrato de “concesión de xestión de servizos públicos con execución de obra” ou ante un “contrato de concesión de obra pública”, a este o artigo 7.1 do TRLCSP defíneo como “(...) *contrato que tiene por objeto la realización por el concesionario de algunas de las prestaciones a que se refiere el artículo 6, [contrato de obras] incluidas las de restauración y reparación de construcciones existentes, así como la conservación y mantenimiento de los elementos construidos, y en el que la contraprestación a favor de aquél consiste, o bien únicamente en el derecho a explotar la obra, o bien en dicho derecho acompañado del de percibir un precio (...)*”.

Da definición transcrita se deduce que o esencial no “contrato de obra pública” é a explotación da obra, agora ben, cabe unha pregunta, se en tal obra se presta e se explota un servizo público, ¿estamos ante un “contrato de obra pública” ou ante un “contrato de concesión de xestión de servizos públicos con execución de obra”?

A resposta non é sinxela máxime cando a xurisprudencia, non se ten pronunciado. Unha solución ven apuntada na propia regulación que, do “contrato de obra pública” realiza o TRLCSP. En efecto, os arts. 240 a 274 do TR (Capítulo II do Título II) efectúan unha regulación pormenorizada do contrato de concesión de obra pública no que se refire ás obras obxecto de concesión, dereitos e obrigas do concesionario, réxime económico-financeiro, extinción da concesión, execución de obras por terceiros... etc. Pois ben, en ningún dos artigos do Capítulo II do Título II se menciona o concepto “servizo público” polo que desde unha visión contextual da norma se desprende que o legislador, consciente o inconscientemente, está excluindo desta tipoloxía contractual a aquelas obras que resultan necesarias para a prestación de servizos públicos debéndose rexer estas contratacións mediante o réxime dos “contratos de concesión de xestión de servizos públicos con execución de obra”.

Así as cousas, a problemática no momento da cualificación/tipificación do contrato pode reducirse a unha soa cuestión: a de saber se na obra a executar se vai, ou non, prestar un servizo público (servizo público en sentido estrito). Neste sentido, compartimos a reflexión da mais recente doutrina, en concreto a que realiza José María Gimeno Feliú no libro “*El contrato de concesión de obras públicas y otras técnicas paraconcesionales*”. Editorial Thomson Reuters, Pamplona 2010, pax. 215: “(...) *si la finalidad del contrato no se alcanza con la mera provisión de una obra, sino que exige además una actividad de prestación de un servicio que tenga la consideración de*

público, el contrato no podrá ser calificado como contrato de ... concesión de obras públicas, aunque incluya la ejecución de algunas de esa clase, incluso cuando tal prestación [la de obras] presente una importancia económica superior a la que suponga la prestación servicial, sino que deberá calificarse como contrato de gestión de servicios públicos. Podemos afirmar, por tanto, que la existencia de una prestación consistente en la ejecución de una obra no altera la calificación del contrato como de gestión de servicios públicos, cuando las necesidades a que obedece la licitación del mismo no se satisfacen con la sola construcción de la obra (...)”.

En definitiva, para o autor citado a obra a executar, aínda no suposto que sexa importante, é un elemento mais dunha actividade de prestación de servizos públicos que en todo caso tense que satisfacer polo que debe primar na cualificación a realizar a funcionalidade do servizo como causa do contrato.

En similar sentido se pronuncia o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo en sentenza nº 151/2012 de 30.03.2012. A resolución xudicial refírese a uns aparcadoiros públicos nun proceso no que o demandante discutía a natureza/tipoloxía determinada polo Concello (“xestión de servizos públicos”) e defendía a tese de “concesión de obra pública” do contrato. Pois ben, a sentenza despois de manifestar a dificultade e o terreo de confusión existente, sinala: “(...) *el elemento diferenciador se encuentra en el hecho de que el objeto lo constituya la construcción de la obra o la explotación del servicio. En aquellos casos en que la explotación del servicio requiera la ejecución de obras de instalación, estas tendrán carácter accesorio y una entidad económica menos respecto de la explotación del servicio*”. No suposto que informamos as obras nin sequera son de “instalación”, senón de “remodelación e modernización” polo que con mais motivo estamos ante un contrato de xestión de servizos públicos.

En apoio desta conclusión se encontra o artigo 278 do TRLCSP que cualifica expresamente como “contrato de xestión de servizo público con execución de obra” aos que comprendan a construción e explotación de “mercados ou lonxas minoristas”. Pois ben, se os contratos para xestionar a actividade que se leva a cabo en inmobles de dominio público adscritos ó servizo público de “abastecemento de alimentos” teñen esta indubidable cualificación legal, nada impide que os que se refiran á restauración e explotación duns inmobles de dominio público adscritos ao servizo público de “instalacións deportivas” (piscinas e ximnasio) teñan idéntica cualificación.

Non obstante o exposto determinada doutrina especializada, Embid Irujo, indica: “ (...) *No hay en la Ley elementos suficientes para discernir en todos los casos en que supuestos deberá utilizarse la figura del contrato de concesión de obras públicas o cuando deberá acudir al contrato de gestión de servicios públicos... Eso en última instancia, será decidido caso por caso por la Administración competente operando dentro de un marco de amplísima discrecionalidad. Es evidente que ello crea inseguridad jurídica y puede ser fuente con bastante probabilidad, de una sustantiva litigiosidad según y como tenga lugar el trabajo interpretativo o dispositivo (...)*”.

En similar sentido outros autores (Ballesteros Fernández. Gestión de Servicios Públicos Locales. La Ley. Madrid 2005) sinalan: “...partiendo de que el legislador ha introducido en la LCAP una nueva modalidad de contrato (el contrato de concesión de obra pública) pero sin alterar la regulación que la propia Ley efectúa del contrato de concesión de servicios públicos y considerando que inclusive se han modificado expresamente los arts. 156 y 157 de la norma, nos inclinamos por entender que la Ley ha dejado a la

discrecionalidad administrativa utilizar una u otra modalidad contractual.”

VI.- Pois ben, aínda no suposto que o futuro expediente de contratación a incoar puidese cualificarse, e en uso da discrecionalidade citada, dun ou outro xeito convén precisar que tipo de contrato é o máis idóneo para os intereses públicos municipais en virtude das características e réxime xurídico de ambos.

Polo que se refire os actos preparatorios, as diferencias son mínimas. En efecto, nos contratos de concesión de obra pública resulta preceptiva a aprobación, trala súa información pública, dun estudo de viabilidade sendo potestativo o anteproxecto de obra e explotación. En cambio no contrato de concesión de xestión de servizos públicos con execución de obra, resulta preceptivo, previa a súa información pública, a aprobación dun anteproxecto de obra e explotación que en todo caso debe conter, (art 129 TRLCSP por remisión do 133.2 da mesma norma), unha memoria na que se expoñan as necesidades a satisfacer e os factores sociais, técnicos, económicos, medioambientais e administrativos considerados para atender ao obxectivo fixado e a xustificación da solución que se propoñe; planos de situación xerais y de conxunto necesarios para a definición da obra; un orzamento que comprenda os gastos de execución da obra, partindo das correspondentes medicións aproximadas e valoracións e un estudo relativo ao réxime de utilización e explotación do servizo, con indicación da súa forma de financiación e do réximen tarifario que rexerá na concesión. Poderíamos mesmo dicir que o anteproxecto de obra e explotación é, dado o seu amplo contido, un estudo de viabilidade máis profundo.

En canto á publicidade, licitación, adxudicación, duración, execución, réxime económico-financeiro, cumprimento e extinción dos contratos e das súas concesións, as diferencias son algo máis substanciais. En efecto, polo que se refire á publicidade a normativa vixente considera innecesaria no contrato de xestión de servizos públicos, a publicación dos anuncios de licitación no DOCE, calquera que sexan os importes do investimento a realizar. Non obstante a ausencia deste requisito non impedirá que o órgano de contratación a leve a cabo se así o considera conveniente, é mais, co fin de evitar litixiosidade debe facelo no suposto que o importe da obra supere a cantidade de 5.000.000 € que é o límite fixado no TRLCSP para a publicidade comunitaria. En canto ao financiamento privado non existe impedimento legal no contrato de concesión de xestión de servizos públicos para hipotecar a concesión administrativa outorgada previa, autorización do órgano de contratación e de conformidade co previsto na lexislación hipotecaria (art. 107.6ª Lei Hipotecaria). En efecto, a concesión administrativa constitúe por si mesma unha entidade hipotecaria de carácter independente do terreo ou finca sobre a que se proxecta.

A duración máxima que pode determinar o prego nun ou outro contrato defire. No contrato de concesión de obra pública tal prazo non pode exceder de 40 anos computados dende a formalización da acta de comprobación de replanteo da obra (art. 268.1 TRLCSP). No de concesión de servizos públicos o prazo máximo elévase a 50 anos (art. 132.a) podendo computarse dende a data de posta en funcionamento do servizo. Esta diferenza substancial nos prazos implica maiores facilidades no financiamento e amortización do investimento no contrato de xestión de servizos públicos, circunstancia que ten incidencia na fixación das tarifas a satisfacer polos usuarios, polos cidadáns.

Aínda sendo importante a previsión anterior, non o é menos o concepto do

mantemento do equilibrio financeiro nun e outro contrato. Certo que ambos deberán executarse a risco e ventura do adxudicatario, agora ben, a normativa vixente contempla no de concesión de obra pública excesivas cautelas que garanten ao concesionario a rendibilidade. Neste sentido o art. 258.2.c) do TRLCSP, en relación co 131.1.d) da mesma norma, sinala que a administración contratante deberá restablecer o equilibrio económico do contrato en beneficio do concesionario incrementando as tarifas, o prazo concesional ou outras variables da concesión (financiamento público) cando os rendementos da demanda de utilización da obra non acaden o nivel mínimo previsto na oferta do concesionario.

A garantía exposta (que se contrarresta coa participación da Administración nos beneficios derivados da explotación da zona comercial cando superen o nivel máximo previsto na oferta) implica unha volta substancial na teoría do equilibrio económico-financieiro dos contratos pois esvaece a idea do risco do concesionario na explotación do servizo. Certo é que o mantemento do equilibrio citado é un dereito do concesionario e un deber da Administración e que este equilibrio debe respectarse dado que o que debe primar é o interese público de manter a continuidade na prestación do servizo.

Agora ben, sendo isto así, entendemos que a previsión legal transcrita é excesiva pois despraza o risco normal da empresa adxudicataria á Administración concedente, impondo a esta, a favor do concesionario, un auténtico seguro de beneficios que, ao noso xuízo, constituirá unha inesgotable fonte de litixiosidade pois cando o desequilibrio sexa solicitado haberá que afondar nas razóns polas cales a demanda de utilización da obra non acada o mínimo previsto na oferta, feito que pode ser consecuencia dunha incorrecta xestión ou mesmo dunha oferta pouco realista.

No contrato de xestión de servizo público non existe a garantía mencionada neste o adxudicatario ten dereito ás contraprestacións económicas previstas no contrato e á revisión das mesmas, no seu caso, nos termos que o propio contrato (prego) estableza (art. 281.2 TRLCSP). Por suposto que aquí tamén o mantemento do equilibrio económico-financieiro é un dereito do concesionario e un deber da Administración (arts. 126.2.b); 127.2.2º; 128.3.2º e 152.2.3 R.S. 1955). Non obstante este equilibrio móvese dentro dos supostos normais do "*ius variandi*", "*factum principis*", "*forza maior*" e do "risco imprevisible", todo isto sen prexuízo das revisións periódicas -actualizacións- das tarifas polo transcurso do tempo.

CONCLUSIÓNS

1. As instalacións deportivas de uso público son servizos públicos de competencia municipal e de carácter obrigatorio, artigos 25.2.l) e 26.1.c) LBRL.
2. O artigo 85.2 da LBRL indica que os servizos públicos de competencia local poderán xestionarse directa ou indirectamente.
3. Na elección dunha ou outra forma de xestión as Administracións Públicas gozan de discrecionalidade en virtude da súa potestade de auto-organización, artigo 4.1.a) LBRL.
4. A necesaria execución de obras nas piscinas municipais das Travesas, Lavadores, Teis, Valadares e no ximnasio do Berbés condiciona a discrecionalidade da Administración Municipal pois a ausencia de consignacións orzamentarias adecuadas

para facer fronte aos elevados gastos obriga a buscar financiamento privado para a mellora das dotacións existentes, iso implica a determinación dunha forma de xestión indirecta.

5. Entre as diferentes modalidades de xestión indirecta de servizos públicos citadas no artigo 277 do TRLCSP (concesión, xestión interesada, concerto e sociedade de economía mixta) a concesión e o concerto non contemplan un risco compartido da Administración coma consecuencia dunha participación no financiamento. Por outra banda a concesión, a diferenza do concerto, non limita a concorrencia na licitación (capacidade de obrar) a operadores que veñan realizando prestacións análogas, así mesmo nesta modalidade a propia Lei entende que a xestión do servizo debe desenvolverse a risco e ventura do concesionario.

6. A existencia dunha prestación consistente na execución de obra non altera a cualificación do futuro contrato como “contrato de xestión de servizos públicos” pois a necesidade funcional á que obedece a licitación, a causa e o obxecto do contrato, non se satisfai coa remodelación e modernización das instalacións.

7. Aínda entendendo que, segundo determinada doutrina, pode existir discrecionalidade para cualificar o futuro contrato como xestión de servizos públicos ou como concesión de obra, o maior número de anos polos que se pode efectuar a concesión e a maior claridade no equilibrio das prestacións recomenda para o interese público municipal, ao xuízo desta Secretaría Xeral, que o contrato en cuestión sexa cualificado de xestión de servizos públicos con execución de obra.

Infórmase favorablemente a proposta de acordo que consta no expediente.”

Con data 22 de febreiro de 2016, o interventor xeral do Concello informa do que segue:

“Informe de fiscalización.

Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- R.D. Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia (LDG).

Proposta de acordo sometida a fiscalización:

Polo Director Deportivo-Xefe da Unidade Técnico Deportiva do Concello de Vigo, coa conformidade do Sr. Concelleiro delegado de Deportes sométese a consideración do Pleno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Declarar expresamente que as actividades das instalacións deportivas das “piscinas cubertas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares” e o ximnasio do Berbes, sexa asumida pola Administración municipal do Concello de Vigo como servizo público municipal dependente da Concellería de Deportes.

SEGUNDO: Determinar que a forma de xestión do servizo público das instalacións deportivas das “piscinas cubertas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e o Ximnasio do Berbes” integrado polas actuacións das obras de remodelación e modernización e a xestión integral destas instalacións, se realizará mediante “xestión indirecta a través de un contrato administrativo de xestión de servizos públicos e baixo a modalidade de concesión de servizos públicos con execución de obra”.

TERCEIRO: Instar á concellería-delegada de Deportes á realización das actuacións previas o obxecto de establecer o réxime xurídico básico dos servizos públicos municipais que se desenvolven e prestan nestas instalacións “piscinas cubertas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e o Ximnasio do Berbes”.

CUARTO: Instar á concellería-delegada de Deportes a elaboración dun anteproxecto de explotación co contido indicado no artigo 129.2 do TRLCSP e outro correspondente as obras precisas, con especificación das prescricións técnicas relativas a su realización.

QUINTO: Instar á concellería-delegada de Deportes o inicio do expediente de contratación necesario para garantir a continuidade dos servizos que actualmente se prestan baixo o contrato de prestación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares, e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos das instalacións municipais de Berbés e Travesas, no periodo transitorio dende a finalización prevista para o actual contrato -31 de agosto de 2016- e a adxudicación do novo contrato de “xestión indirecta a través de un contrato administrativo de xestión de servizos públicos e baixo a modalidade de concesión de servizos públicos con execución de obra”.

Informe:

I. Competencia. O artigo 8 da LDG atribúe aos municipios, nos termos sinalados pola lexislación de réxime local e a lexislación sectorial, no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias, entre outras: Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente en idade escolar; promover e, no seu caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas; velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso destas e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade; fomentar e apoiar a creación de asociacións deportivas no seu ámbito territorial, especialmente nos centros de ensino, barrios e centros de traballo; autorizar, de conformidade cos requisitos xerais, a

realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal; organizar campionatos e eventos deportivos de carácter local; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou regulamentariamente e que contribúa aos fins ou obxectivos da presente lei.

Establecendo a citada Lei para os Concellos de máis de 5.000 habitantes a obriga de contar cun área de deportes para contribuir a levar a actividade físico-deportiva a toda a cidadanía e garantir o pleno aproveitamento social das instalacións.

II. Consideracións formais. No expediente consta orde de servizo do concelleiro de Deportes de data 26 de xaneiro de 2016 dispoñendo o inicio dun *“expediente conducente a determinación da forma de xestión do servizo público das piscinas cubertas municipais das Travesas, Lavadores, Teis e Valadares, tendo en conta a necesidade de garantir a continuidade dos servizos que se prestan nestas instalacións a partir do 1 de setembro de 2016”*; informe-proposta do Director Deportivo de Concello de Vigo conformado polo citado concelleiro; e informe xurídico do Secretario Xeral do Pleno do Concello de Vigo de data 11 de febreiro de 2016.

III. Potestade de autoorganización. Os municipios teñen plena potestade para decidir acerca da organización dos servizos da súa competencia (artigo 4.1. a) da LBRL).

Así mesmo, o artigo 30 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, indica que, *“As Corporacións locais terán plena potestade para constituír, organizar, modificar e suprimir os servizos da súa competencia, tanto na orde persoal como no económico ou en calquera outros aspectos, con arranxo á Lei de Réxime Local e os seus Regulamentos e demais disposicións de aplicación.”*

IV. Motivación.

Na documentación preparatoria do contrato faise constar o seguinte:

“O obxecto do contrato non está, polo tanto, limitado á xestión e mantemento das instalacións deportivas de auga incluídas no seu obxecto, senón que se estende, ademais, á execución das obras de construción, polo que esta actuación esixe un investimento importante que xustifica a aplicación da fórmula de xestión indirecta mediante o concesionario que asuma o risco e ventura tanto na fase de execución das obras, como na posterior explotación, compensada, polo menos, co dereito que lle asiste á percepción das tarifas aprobadas, que deberán abonar os usuarios do servizo. Deste xeito, o concesionario ten dereito a percibir as contraprestacións económicas previstas no contrato, entre as que se incluírá, para facer efectivo o seu dereito á explotación do servizo, unha retribución fixada en función da súa utilización, que se percibirá directamente dos usuarios (tarifas aprobadas) ou da propia Administración”.

V. Extremos obxecto de fiscalización.

Por esta Intervención tense comprobado a concurrencia dos requisitos seguintes:

	SI / NON
--	----------

No expediente consta orde de servizo de inicio do expediente ditado polo concelleiro delegado da Área correspondente	SI
No expediente consta informe-proposta do Director Deportivo de Concello de Vigo conformado polo citado concelleiro; e informe xurídico do Secretario Xeral do Pleno do Concello de Vigo de data 11 de febreiro de 2016	SI
A proposta atópase debidamente motivada	SI
Trátase dun servizo de competencia municipal e carácter obrigatorio (artigo 25.2 l) LRBRL), requisito para que poda xestionarse de forma indirecta	SI
Non existe duplicidade na prestación dos servizos con outras Administracións Públicas	SI
A modalidade de contratación da xestión dos servizos públicos proposta atópase entre as admitidas polo artigo 277 do TRLCSP (concesión)	SI
Trátase dun servizo susceptible de explotación por particulares (artigo 275 TRLCSP)	SI
A prestación do servizo que se pretende contratar non conleva exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos (artigo 275 TRLCSP)	SI
A proposta realízase ao órgano competente, o Pleno do Concello de Vigo, ao tratarse de determinar a forma de xestión dun servizo (art. 123.1.k) da LRBRL)	SI

VI. Impacto sobre a Estabilidade Orzamentaria e a Sostibilidade Financeira:

Ao presente expediente non resulta preciso incorporar un informe específico de sostibilidade financeira da Intervención Local ao non referirse á xestión directa baixo as modalidades de Entidade Pública Empresarial Local ou Sociedade Mercantil Local, consonte ao disposto no apartado 2 do artigo 85 da LRBRL. O citado precepto dispón que: *“Solo podrá hacerse uso de las formas previstas en las letras c) y d) cuando quede acreditado mediante memoria justificativa elaborada al efecto que resultan más sostenibles y eficientes que las formas dispuestas en las letras a) y b), para lo que se deberán tener en cuenta los criterios de rentabilidad económica y recuperación de la inversión. Además, deberá constar en el expediente la memoria justificativa del asesoramiento recibido que se elevará al Pleno para su aprobación en donde se incluirán los informes sobre el coste del servicio, así como, el apoyo técnico recibido, que deberán ser publicitados. A estos efectos, se recabará informe del interventor local quien valorará la sostenibilidad financiera de las propuestas planteadas, de conformidad con lo previsto en el artículo 4 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera”*.

De calquera xeito, o cambio, de ser o caso, na modalidade de xestión do servizo de instalacións deportivas de uso público, pasando da xestión directa á xestión indirecta, mediante concesión, non debería afectar ao cumprimento dos principios de

estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira do Concello de Vigo, xa que polas propias características do contrato concesional, o custo das obras de reforma e acondicionamento necesarias serán sufragadas directa e íntegramente polo concesionario -polo que non se verá afectado o límite de gasto non financeiro-, e a súa contraprestación económica consistirá nas tarifas percibidas directamente dos usuarios como consecuencia do seu dereito á explotación do servizo durante o prazo concesional (ata 50 anos).

Como é sabido, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor (artigo 15 RDLEP).

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións públicas da Contabilidade nacional.

Como consecuencia da aprobación do Regulamento (CE) Nº 2.516/2000, en contabilidade nacional, o criterio para a imputación dos ingresos fiscais e asimilados ou directamente relacionados con eles e con efecto no déficit público, é o de caixa, polo que a efectos da elaboración das contas de contabilidade nacional, as rúbricas de impostos (capítulos 1 a 3 do orzamento de ingresos) rexístranse polo importe total realizado en caixa en cada exercicio, xa sexa de corrente ou de pechados.

A estes efectos, dos estados contables incorporados á liquidación do orzamento do organismo autónomo IMD correspondente ao exercicio 2015, dedúcese que no concepto 343 “Precios Públicos por servizos deportivos” obtivéronse uns Dereitos Recoñecidos Netos de 1.891.262,61 € e unha Recadación Neta de 1.891.262,61 € pola xestión de todas as instalacións deportivas municipais que foron obxecto de xestión directa pola propia entidade.

Se temos en conta que da liquidación dos estados consolidados do Concello de Vigo do exercicio 2015, resultaron as seguintes magnitudes:

- Remanente Líquido de Tesourería: 73,91 millóns de euros.
- Resultado Orzamentario do exercicio: 22,36 millóns de euros.
- Estabilidade Orzamentaria sen axustes: 25,40 millóns de euros.
- Estabilidade Orzamentaria axustada: 24,30 millóns de euros.

Podemos concluir que non afectará ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira do Concello de Vigo, xa que o maior déficit xerado pola non recadación dos prezos públicos por servizos deportivos será absorbido na súa integridade polo previsible superávit de financiación SEC 95 obtido polo Concello de Vigo nos seus estados consolidados. Tampouco afectará ao cumprimento do límite de gasto non financeiro ou teito de gasto xa que, baixo a modalidade de contratación proposta, o custo das obras serán financiadas íntegramente polo

concesionario polo que non conlevará incremento do gasto computable.

Neste mesmo sentido, xa no informe xurídico do Secretario Xeral do Pleno indícase que: “ (...) a ausencia de consignacións orzamentarias adecuadas e suficientes para facer fronte aos presumibles elevados gastos previstos e a inconveniencia, ou quizais imposibilidade financeira (teito de gasto), de acudir ao crédito en aras ao mantemento dun equilibrio orzamentario e unha estabilidade financeira, obriga de modo indubitado a buscar financiamento privado para a mellora das dotacións previstas, o que de por si implica a necesidade e conveniencia dunha forma de xestión indirecta que neste caso só pode ser de “concesión de xestión de servizos públicos con execución de obra” que se caracteriza polo risco (perdas) e ventura (beneficios) que asume o concesionario, tanto na fase de execución como na súa posterior explotación. Risco e ventura que se compensa e se xera mediante unha contraprestación, “tarifa”, que satisfarán os usuarios dos servizos. Tal xestión, como sabemos, non implica a perda de potestades administrativas necesarias para asegurar a boa marcha do servizo nin os poderes de control e policía sobre o mesmo (art. 279.2 TRLCSP)”.

Conclusións:

Por canto antecede esta Intervención informa favorablemente a proposta contida no expediente 14838-333 tramitado pola concellería de deportes do Concello de Vigo. “

A Comisión Informativa de Medio Ambiente, Festas, Turismo e Deportes, na súa sesión de 23.02.2016, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: Señores corporativos, hoxe sometemos á consideración do Pleno a aprobación do expediente para determinar a forma de xestión do servizo das piscinas municipais das Travesas, Teis, Lavadores, Valadares e do ximnasio do Berbés, instalacións que forman parte do proxecto de Auga e Saúde.

As razóns e os argumentos atópanse na documentación que conforma o informe proposta do expediente, en calquera caso o 31 de agosto do presente ano remata a actual concesión do servizo, péchanse polo tanto, 20 anos de servizo desenvolvido por diferentes empresas no seu percorrido, péchase o pasado e temos que encarar o futuro.

Neste percorrido 15.000 usuarios distintos anuais, 400.000 usos anuais teñen desenvolvida a súa actividade na instalación, novos programas para bebés, para maiores, para natación escolar e para o público en xeral, teñen alumeado convivindo con harmonía e respecto cos clubs e a natación de competición. A

xestión neste 25 anos sempre foi desenvolvida por empresas de servizos, remata un tempo, unha experiencia na que dun custe anual de 3,5 millóns de euros o Concello inviste de xeito directo 2,5 millóns de euros, 25 anos de andadura nos ofrecen experiencias de abondo para quitar conclusións para o futuro.

A rede municipal de auga ten sete infraestruturas que deben traballar de xeito integrado para responder ás necesidades e expectativas da cidadanía, optimizar tódolos recursos para unha maior eficiencia e eficacia e a modernización debe ser un obxectivo.

O actual contrato de prestación de servizos ten vixencia ata o 31 de agosto, polo tanto remata, o citado contrato contempla no seu obxecto a prestación dos seguintes servizos: prestación dos servizos técnicos docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas deportivas nas piscinas, prestación do servizo de socorrismo nas piscinas, prestación do servizo de atención e control do usuarios nas piscinas, prestación de servizos de limpeza, conservación e mantemento e vixilancia das piscinas, prestación dos servizos profesionais técnicos, docentes, monitores e profesores para impartir distintas ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios das instalacións municipais do Berbés e Travesas, así como o mantemento das máquinas e actividades físicas, deportivas e dos ximnasios.

En relación á próxima finalización deste contrato e cara o próximo é necesario ter en conta a seguintes cuestións: a avaliación da modificación das demandas deportivas, a aparición de novas disciplinas e actividades así como unha minoración progresiva dos usos das instalacións e programas deportivos nas piscinas cubertas municipais, demandan unha revisión dos seus programas e a reformulación do modelo de xestión.

A disolución do organismo autónomo Instituto Municipal dos Deportes e a súa incorporación a propia estrutura de xestión do Concello de Vigo o leva á necesidade de reformular o modelo de xestión destas instalacións, a aparición de novas instalacións e ofertas na cidade, amplíase e é cada vez máis variada, é un novo reto.

Neste escenario dende a Concellería de Deportes consideramos necesario reformular o modelo de xestión sobre estas instalacións cun dobre obxectivo, por un lado atender a nova demanda deportiva a través da modernización das

instalacións para posibilitar a adecuación dos programas deportivos e por outro, propoñer un novo modelo de xestión que se axuste adecuadamente á realidade económica deste tipo de instalacións. Este novo proxecto debe contemplar os actuais servizos deportivos municipais mediante a modernización destas instalacións, posibilitando un crecemento da oferta dos servizos deportivos baixo un criterio sostible da actual rede de centros deportivos municipais, para o cal deberase ter en conta a globalización dos servizos deportivos municipais, en concreto o desenvolvemento do novo proxecto de xestión para as piscinas municipais de Travesas, Lavadores, Teis, Valadares debe configurarse como unha actuación de modernización dos servizos e de forma xeral debe contemplar as seguintes actuacións: necesidade de reforma e modernización das infraestruturas, a xestión integral dos servizos vinculados á propia xestión deste tipo de instalacións, en relación ao contrato en vigor debemos atender tamén que o novo proxecto de xestión e prestación de servizos profesionais técnicos, docentes, monitores e profesores para impartir distintas ensinanzas e actividades deportivas no ximnasio de instalacións do Berbés, Travesas, así como o aumento da actividade físico-deportiva dos ximnasios. Polo tanto, propoñemos a este Pleno a reformulación a través dun contrato que se recolle no prego e no informe de dotacións dos servizos.

SR. PÉREZ CORREA: No Pleno do 26 de outubro, que é certo que se integraba ós organismos autónomos, entre eles se propoñía a integración do Instituto Municipal de Deportes, este grupo municipal alertábase dunha cuestión que para nós non era secundaria. En primeiro lugar dicíamos que a integración dos órganos autónomos dentro da estrutura neste caso da xestión directa do servizo público por parte do Concello non era necesariamente boa ou mala, senón que o que pedíamos era que se clarexara se esa integración, se ese proceso de asimilación das competencias que estaban dun organismo autónomo, tiña dous focos ben iluminados e ben postos enriba da mesa, unha era a cuestión de como se ía a xestionar os servizos, e dicíamos incluso se iso podía ser a antesala da privatización, como ocorreu na cidade de Madrid no 2004, cando un órgano moi parecido que tamén se chamaba Instituto Municipal de Deportes, se integra na estrutura xeral do Concello de Madrid, e dous meses despois se privatizan tódolos

servizos que ofertaba esta institución ata entón público.

Nós diciamos se iso se ía dar nesta conxuntura, tamén falamos da cuestión laboral e do que tiña que ver coas contratacións e coa situación laboral de moito persoal do IMD, a nós parécenos cando menos, bastante sospeitoso a proposta deste expediente, porque non se trata só de introducir un sistema de xestión, que é certo que para a desgracia deste Concello durante moito tempo se leva facendo con empresas privadas e non con persoal público, senón que aquí introdúcese unha fórmula bastante novidosa, digamos neste formato que temos de Concello, que é que non é que vaíamos a poñer en concurso público a xestión das piscinas e dos ximnasios, senón que se pide o financiamento privada da reforma, apóstase polo financiamento privado deste centros sen saber aínda cales son os importes económicos que suporía asumir dende o orzamento público as reformas destas piscinas e polo tanto, quítase a concurso a xestión, a mellora das infraestruturas e faise unha amortización que pode chegar ata 50 anos e que se pon esa amortización sobre os prezos públicos, é dicir, o usuario final vai acabar pagando as obras de mellora das piscinas que nos non dubidamos en infraestruturas de máis de 20 anos que sexan necesarias, pero trasládase ao prezo dos servizos públicos. Polo tanto, apóstase por un sistema no que unha concesionaria privada vai quedar absolutamente blindada mentres amortiza o custe do investimento da mellora desas infraestruturas.

Polo tanto, é un sistema de xestión que nós non imos apoiar porque primeiro, descoñecemos se hai algún estudo que diga cales son os importes necesarios para a mellora desas infraestruturas, porque ao mellor si temos capacidade económica dende este Concello, tantas veces se alardea da situación de bonanza económica das contas deste Concello, ao mellor si temos que priorizar sobre humanizacións, temos que priorizar nalgún exercicio a mellora desas infraestruturas e ao mellor si somos capaces de xestionalo dende o público evitando estas concesións que cando menos son perigosas, porque non estamos a falar dun contrato de servizos que se asina un ano ou dous, senón que estamos a falar de que se quita a concurso unha inversión privada sobre unha infraestrutura pública e se amortiza ao longo de exercicios que poden chegar como pon aquí neste expediente a 50 anos, e sobre todo porque o Concello vai deixar obviamente de recadar ese millón e pico de recursos que ata o de agora viñan pola vía da recadación das taxas polos usos

destas infraestruturas.

Polo tanto, nós seguimos a pensar que se improvisa de novo, non sabemos ou creo que non hai un informe que nos diga cal vai ser o montante total ou as necesidades que teñen esas infraestruturas e polo tanto, vaise apostar por que sexa unha empresa privada que xa aproveitando o expediente tamén xestione as cuestións que teñen que ver co persoal que desempeña as funcións nas piscinas e nos ximnacios e logo metemos a unha amortización que como pon aquí pode chegar a 50 anos. Nós pensamos que isto é unha privatización clara, pensamos e se nos confirma que aquilo que dicíamos no Pleno do 26 de outubro, de que isto podería ser a antesala da xestión privada definitiva de moitos servizos públicos, se confirma e este expediente pono enriba da mesa do que estamos é dun desmantelamento do Instituto Municipal de Deportes e a venda por parcelas ás empresas privadas, moitas delas que se crean exclusivamente para xestionar servizos nesta cidade e que polo tanto, cando menos para nós é absolutamente sospeitoso e por iso imos votar en contra desta proposta.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Fernández, con toda a educación e o cariño que lle teño, teríamos que dicirlle que quen o viu e quen o ve, un señor que foi un excelso representante do sindicalismo nesta cidade, que abandeiraba esas manifestacións que dicían “non, non, non á privatización” e agora no Pleno do Concello e coa americana posta xa di que o pasado é público e que o futuro é privado, vaia “papelón” Sr. Fernández.

Eu entendo a posición do Alcalde que prefire non estar aquí escoitando este Pleno, o que está a pasar na cidade e que prefira estar nestes momentos nunha reunión do Partido Socialista, en vez de atender aos problemas dos cidadáns de Vigo, pero se estivera aquí lle diríamos dende o Partido Popular que para nada estamos de acordo coa idea deste goberno municipal que se disfrazaba de esquerdas e de progreso e que tanto se lle enche a boca facendo demagogia cunha suposta defensa dos servizos públicos e logo non fan máis que entregarlles os servizos municipais que levaban 25 anos funcionando correctamente ás empresas privadas, por iso vostedes son os amigos das concesionarias, e ademais non controlan nin auditan eses servizos públicos que lle regalan ás empresas concesionarias e por iso esas empresas concesionarias ao final acaban facendo o que lles da a real gana.

Como saben aquí en Vigo está todo privatizado, os servizos sociais, o albergue e agora tamén o deporte, porque o deporte é saúde e deporte tamén, a saúde non a queren privatizar pero o deporte si xa o privatizaron. En vez de policía e bombeiros que é o único que queda sen privatizar, en pouco tempo teremos gardas de seguridade e senón ao tempo, xa o veremos.

A través deste expediente curioso, que o queren meter así como de refilón, decatámonos de dous asuntos que nos parecen moi graves, un, que non se falaba ata agora, é que parece que por fin xa sabemos que é o que van facer coa piscina da Etea, que é cubrila de formigón, pechala, alí non vai haber piscina, ou sexa, gastamos 850.000 euros de cartos públicos municipais nun arranxo, porque levan sete anos sendo propietarios da piscina da Etea e non fixeron absolutamente nada, ademais de demostrar a súa incapacidade na xestión dos servizos públicos, nos decatamos de que definitivamente non queren abrir a piscina da Etea, pois en Vigo fan falla piscinas públicas señores do Partido Socialista, fan falla porque hai moitos vigueses/as que están a ir ás piscinas privadas, algunhas en moi mal estado porque están obrigados xa que non hai sitio material nas piscinas públicas da cidade.

En segundo lugar, con este expediente o que vemos é un novo capítulo nas privatizacións do Partido Socialista e do Alcalde socialista o Sr. Caballero. Regalar durante cincuenta anos aos seus amigos das concesionarias as piscinas das Travesas, de Lavadores, de Teis, Valladares e o ximnasio das Travesas, por iso nos indigna unha vez máis esa dobre moral que vostedes teñen, poñéndose diante da pancarta con “non, non, non á privatización” e despois escoitar aquí dicirlle que se pecha o pasado que é público e que se encara o futuro que é privado, que vai pasar cos traballadores? A parte do servizo, van seguir todos, vai haber despidos? Van seguir mantendo o convenio propio que teñen agora? Vannos cambiar de convenio? Esta é a súa defensa dos servizos públicos e do deporte da cidade, todos nos lembrarnos daquelas promesas do Alcalde de dúas piscinas olímpicas, pero claro iso foi en campaña electoral, o que pasa que ao final todo o mundo sabe que unha cousa é o que vostedes din e outra cousa é ao final o que fan.

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: Sr. Fidalgo o tempo do entroido xa pasou, o que ten posiblemente dous comportamentos, dúas morais é vostede en persoal e o seu grupo político en particular, pero vostede fundamentalmente porque acaba de dicir

cousas que nin vostede cre. Os que privatizan son vostedes, privatizaron o Álvaro Cunqueiro dándolle 1.000 millóns de euros á empresa concesionaria, vostedes foron os que puxeron en marcha o complexo de Barreiro baixo esa fórmula precisamente, vostedes, o seu partido e o que foi o seu presidente, vostedes, si señor, vostede si que ten unha dobre moral por iso lle digo que o entroido xa pasou, quítese a careta.

Por iso Sr. Fidalgo síntome moi orgulloso do meu pasado, o reivindico e o defendo, eu son o mesmo de toda a vida, son un, non son dous como vostede e aínda por enriba no entroido non me disfrazo ando a tipo natural.

Segundo lugar, os dereitos dos traballadores están garantidos, Sr. Pérez, cando foi o transvase da disolución do IMD, recolleuse precisamente que os traballadores terían os seus dereitos, pero pretendemos precisamente para que eses dereitos teñan máis estabilidade e perspectiva, traballar nun novo proxecto deportivo que dea continuidade que por un lado cree novos programas e atenda a novas demandas da cidadanía e por outra banda que sexa un servizo público valorado e eficiente e necesita un traballo e saben os propios traballadores de modernización e de reformulación das propias instalacións que requiren un potente investimento, e ese investimento e ese modelo e tarifas estarán recollidas no prego de contratación administrativa coas cláusulas técnicas e administrativas que terán que ser redactados no seu momento, agora estamos a discutir a fórmula de xestión para o futuro, para neste tempo que vai a desaparecer poñer en marcha tódolos mecanismos e aí recolleranse e aí estarán garantidos os dereitos dos traballadores como ten que ser, e como este concelleiro defende e este Goberno defende, non hai maior defensor dos traballadores desta cidade que este goberno, non vostedes os do Partido Popular.

Dicirille Sr. Fidalgo, que se vostede quere nadar, poder ir, as nosas piscinas teñen capacidade de soportar un 40% máis de demanda para poder usalas, incluído os de Teis, polo tanto están servidos e poden facelo de lindo gusto, van a ter os traballadores os dereitos garantidos, vai haber unha maior capacidade de demanda, de oferta, unhas instalacións moito máis modernas e eficaces e un servizo público máis valorado, con iso gañaremos todos.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e dez votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar expresamente que as actividades das instalacións deportivas das “piscinas cubertas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares” e o ximnasio do Berbés, sexa asumida pola Administración municipal do Concello de Vigo como servizo público municipal dependente da Concellería de Deportes.

SEGUNDO: Determinar que a forma de xestión do servizo público das instalacións deportivas das “piscinas cubertas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e o Ximnasio do Berbés” integrado polas actuacións das obras de remodelación e modernización e a xestión integral destas instalacións, se realizará mediante “xestión indirecta a través de un contrato administrativo de xestión de servizos públicos e baixo a modalidade de concesión de servizos públicos con execución de obra”.

TERCEIRO: Instar á concellería-delegada de Deportes á realización das actuacións previas o obxecto de establecer o réxime xurídico básico dos servizos públicos municipais que se desenvolven e prestan nestas instalacións “piscinas cubertas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e o Ximnasio do Berbes”.

CUARTO: Instar á concellería-delegada de Deportes a elaboración dun anteproxecto de explotación co contido indicado no artigo 129.2 do TRLCSP e outro correspondente as obras precisas, con especificación das prescricións técnicas

relativas a súa realización.

QUINTO: Instar á concellería-delegada de Deportes o inicio do expediente de contratación necesario para garantir a continuidade dos servizos que actualmente se prestan baixo o contrato de prestación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares, e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos das instalacións municipais de Berbés e Travesas, no período transitorio dende a finalización prevista para o actual contrato -31 de agosto de 2016- e a adxudicación do novo contrato de “xestión indirecta a través de un contrato administrativo de xestión de servizos públicos e baixo a modalidade de concesión de servizos públicos con execución de obra”.

PRESIDENCIA: Antes de seguir coa orde do día, queremos dar a benvida a todo o público que se atopa aquí e de forma especial aos alumnos de segundo de administrativo do Colexio Mendiño, por iso tamén lle pedimos aos señores concelleiros que teñan un carácter como sempre exemplarizante para estes alumnos que veñen a gozar deste Pleno.

3.2(19).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DO ANO 2015. EXPTE. 16194/541 (1317/1101)

Dáse conta do informe do tesoureiro municipal, de data 2.02.2016, que di o que segue:

"LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014. Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015.

INFORME.-

I.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria ou da acción de fomento.

II.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP (novo sistema de cálculo).

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

"1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o

verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)

Do mesmo modo, na súa Disposición Final sétima modifica o artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación”

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a proveedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentas, polo que se refire aos Informes de Morosidade

compútase, con carácter xeral, dende o rexistro da da factura na plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, en coherencia coa normativa de morosidade aplicable «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», consecuentemente, o máximo conforme á normativa actual, serían 60 días en total, (desagregado en 30 días desde entrada en rexistro para aprobar e 30 desde a aprobación ou recoñecemento para o pago).

Salvo de casos particulares como Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato).

III.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha nova *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(<http://www.minhap.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf>), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise dos datos que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e para dar a información requerida polo MINHAP para dar cumprimento á Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACE ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de

información é totalmente garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

Pagamentos realizados no trimestre.

Intereses de demora pagados no trimestre.

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.

Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores

IV.- Datos correspondentes ao 4º trimestre do ano 2015.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2015 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo (Rexistro contable de facturas).

Achégase a información enviada ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, asinado e enviado en prazo, que figura na páxina web do Concello de Vigo, información económica.

Resumo das principais magnitudes contidas no informe:

Pagos realizados no trimestre.

Dentro do período legal de pago:

Número de pagos: 4.219

Importe total: 29.469.435,53 euros

Fora do período legal de pago:

Número de pagos: 55

Importe total: 132.561,81 euros

Período medio de pago (PMP): 21,15 días

O “Período medio de pago” dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

Intereses de demora pagados no trimestre.

Número de pagos: 0

Importe total de intereses: 0,00 euros

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pago:
 Número de operacións: 6.495
 Importe total: 12.231.207,83 euros

Fora do período legal de pago:
 Número de operacións: 13
 Importe total: 66.347,09 euros

Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 9,77 días

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

O número de factuas neste caso está condicionado polas correspondentes ao subministro eléctrico, xa que hai unha factura por cada enganche (contrato), o cal fai que mensualmente o número de facturas deste subministro estea nun número medio de 750, é ao ter factuado en decembro a totalidade dos últimos catro meses, resulta un número moi importante (máis de 7.000 facturas no mes de decembro por subministro eléctrico). Aínda así, a contía dos obrigas orzamentarias pendentes de pago ao final do ano é a mínima histórica, e foron pagadas na súa totalidade no mes de xaneiro do ano 2016.

Resumo por trimestres do morosidade

Lei 3/2004, Lei 15/2010, Artigo 216 do TRLCSP, aprobado polo RDL 3/2011		
Trimestres	PMP/días	PMPP/Días
Primeiro Trimestre	27,93	15,5
Segundo Trimestre	24,5	19,19
Terceiro Trimestre	25,21	19,14
Cuarto Trimestre	21,15	9,77

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días, dos datos que se amosan na táboa de morosidade comercial, os mesmos están moi alonxados deses 60 días.

Resumo do Período medio de pagos mensual (PMP, RD 635/2014)

PMP , Real Decreto 635/2014, ano 2015												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	-1,13	-6,60	-7,46	-10,91	-12,36	-7,49	-9,57	-6,45	-8,50	-11,23	-6,27	-16,83

EMAO	-4,93	-11,35	-17,32	-15,53	-21,08	-21,53	-9,45	-24,09	-19,19	-9,60	-16,43	-17,49
MARCO	-1,83	9,64	-8,51	-1,63	-6,64	29,74	56,67	74,62	92,63	48,19	-5,69	-14,14
XMU	-7,44	-12,13	-11,80	-15,49	-11,37	-14,02	-19,10	-13,08	-13,73	-3,14	-12,61	-16,85
IMD	-7,16	-10,62	-24,98	-4,00	-16,22	-8,18	-12,49	-4,84	-8,00	-16,39	-13,27	-18,82
VIGOZOO	-6,66	-16,16	-15,31	-11,20	-16,17	-12,94	-19,99	-11,71	-15,56	-17,53	-12,00	-15,10
PMP global	-1,34	-6,64	-7,92	-10,69	-12,39	-7,38	-9,37	-5,57	-7,45	-10,39	-6,57	-16,75

En relación co PMP, os días negativos que se reflicte na táboa, supón que os pagamentos fixéronse cunha antelación aos trinta días fixados polo RD 635/2014.

O que poño en coñecemento da Concellalía delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos."

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente de 23 de febreiro de 2016, quedou enterada do contido do informe.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Unha vez finalizado o cuarto trimestre de 2015 corresponde facer balance sobre o cumprimento do prazo de pago a provedores e corresponde facelo nun contexto no que se acaba de publicar datos oficiais doutras administracións e tamén algún dato publicado por algunha asociación profesional, hai que dicir que mentres que a media de pago doutras administracións é de 64 días, o prazo medio de pago no Concello sitúase tres veces por debaixo dese prazo medio de 64 días doutras administracións.

Hai que dicir tamén que para o goberno de Vigo non só é o cumprimento dunha obriga legal senón que é un compromiso prioritario o cumprimento puntual de pagamento aos provedores polo que supón facilitar a economía das empresas do contorno, reducir os custos financeiros das empresas, permitir o ciclo económico normal da compra de bens e servizos por parte destas empresas e como non para o mantemento e para a creación de emprego.

A cidade de Vigo co seu concello á cabeza, confirma a súa posición de referente económico de Galicia e tamén do resto do Estado posto que os seus datos son sobresaíntes, basta para confirmar esta afirmación comprobar algúns datos, no cuarto trimestre de 2015 fixéronse un total de 4.274 pagos a provedores, por un importe de 29,6 millóns de euros, o cal pon de releve que non é fácil compararse

con esta cidade, non é fácil buscar unha cidade que pague tanta cantidade de cartos en tan pouco tempo, menos de tres veces da media do resto das administracións públicas. Con este volume a porcentaxe de cumprimento é de 99% polo tanto, podemos dicir que estamos cun cumprimento absoluto dos prazos de pago, este dato se referenda tamén co importe pagado como xuros de demora, cero euros en intereses de demora, polo tanto se referenda que cumprimos co prazo de pago aos provedores posto que non estamos obrigados a pagar compensación algunha por atrasos, polo tanto cumprimento total e absoluto.

Hai que dicir tamén que ao final do cuarto trimestre de 2015 quedaban pendentes de pago, pero dentro do prazo legal, 6.500 operacións das que só trece se atopaban a punto e vencer ese prazo máximo, esas representaban un 0,01% do total das operacións e tan só 66.000 euros, polo tanto estamos ante a débeda comercial máis baixa de toda a historia do Concello.

Polo que se refire aos prazos, hai que ter en conta que as administracións e polo tanto o Concello ten 30 días dende a recepción dos bens ou dos servizos para aprobar as súas certificacións de conformidade e dispón doutros 30 días para proceder ao pagamento, se collemos os datos do mes de decembro, por tomar un mes como estadística, atopámonos con que o período medio de pago global do Concello foi de menos de 16,75 días, é dicir aínda quedan 16 días para o inicio do cómputo deses 30 días de prazo de pago a provedores, é dicir, dito de forma máis clara, en torno a 10 días despois da recepción dos bens ou servizos, os provedores perciben os importes debidos, así se referenda tamén co dato do período medio pendente de pagamento, é dicir, co número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento que foi de 9,77 días, é dicir, no contorno de 9-10 días os provedores perciben o pagamento dos servizos ou dos bens que prestan ao Concello. Esta dato é particularmente importante se temos en conta que as facturas do alumbeado eléctrico do mes de decembro supuxeron tan só máis de 7.000 facturas que foron pagadas en tempo e forma polo servizo económicos deste Concello, isto demostra un compromiso extraordinario dos funcionarios, demostra unha notable dirección técnica e por suposto un impulso político para o cumprimento do prazo de pago aos provedores. A contía das obrigas pendentes do mes de decembro foi a mínima histórica e foron pagadas as facturas nos primeiros días do mes de xaneiro.

Son, como pode comprobarse, datos extraordinarios por si mesmos pero tamén se comparamos con outras administracións, basta dicir que esa media do resto dos concellos é de 64 días, Vigo moito menos por debaixo e que na Xunta de Galicia pagan en 60 días, polo tanto, datos extraordinariamente bos para este Concello.

SR. PÉREZ CORREA: De novo así como nos dicíamos que entre o segundo e terceiro trimestre había un incremento dese tempo, creo que é bo dicir que agora pois que se vaian reducindo os tempos como nós dicíamos que era importante para a situación económica das empresas da nosa contorna, pois dicimos que é positivo que se vaia a reducindo este tempo, tamén é certo que é dous poucos ou polos menos na administración pública e a parte substancial do control sobre os pagos que se fan con cargo aos recursos do Concello e aquí estamos a falar de pago a provedores na súa maioría ou no seu importe máis grande no que ten que ver coas concesionarias, empresas privadas que fan servizos na nosa cidade. Polo tanto, nós pensamos que se se lle paga aos provedores, os provedores teñen liquidez e polo tanto a situación económica deses provedores é mellor, sobre todo nun momento que a morosidade entre o sector privado aumenta e segue aumentando.

Tamén dicimos que nos gustaría, é certo que vemos un esforzo nas cuestións que teñen que ver con esta parte que se audita por parte do Ministerio que nos pensamos que esta mesma celeridade tiña que darse noutros pagos que fai o Concello, sobre todo o que ten que ver cos convenios co movemento veciñal, co que ten que ver co convenio coa FAVE ou o que ten que ver con outras partidas sociais que se atrasan os pagos, polo tanto sería bo aplicar este criterio de transparencia, de autocontrol que o ministerio puxo ás entidades locais, aplicalo á totalidade dos pagos que fai o Concello de Vigo, non exclusivamente a provedores senón tamén as partes conveniadas, iso si que nos consta a nós que hai atrasos en pagos co que teñen que ver con compromisos adquiridos por este Concello con entidades sociais e entidades veciñais e si que nos gustaría que esta celeridade que se da coas empresas privadas e cos provedores tamén se dea neste ámbito para equiparar un criterio que é certo que non é obrigatorio pero que para nós pode ser unha referencia aplicar os mesmos tempos de pago, de recoñecemento das facturas que se emiten por parte das entidades sociais, aplicalas tamén a esta parte substancial do orzamento para equilibrar tamén os dereitos que ademais das

empresas teñen os cidadáns a ser respondidos sobre todo en tempo e forma e o que está conveniado e acordado coas administracións públicas se cumpra tamén, polo tanto que esta parte sería interesante que se aplicara ao resto de pagos que fai o concello non só a provedores.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Unha vez máis recoñecer estes datos que se presentan neste informe, invitar tamén ao Sr. Aneiros a que sexa un pouco máis rigoroso cando fala de pagos doutras administracións, se son bos os datos que ten, se non fai falla terxiversar os datos doutros para incrementar aínda máis e poñer máis en valor os datos de pago que teñen, o que sinceramente é un unha magoa e que esta situación financeira que lles permite facer os pagos con esta axilidade o que sen dúbida é positivo para tódolos provedores e sen dúbida terá moi contentas ás concesionarias que a vostede lles importan tanto, tamén se trasladara aos cidadáns, é dicir esa situación financeira porque insisten en non trasladarlla a tódolos vigueses/as e neste ano 2016 nos fan pagar máis impostos que no ano 2015, cando tódalas administracións están baixando os impostos, é que non é coherente, que pasa só a administración local, só vostedes poden ter a suficiente capacidade para poder atender a eses pagos? Por que non llo trasladan aos vigueses/as que o necesitan e que eles si que están a ter dificultades en pagar as súas facturas e eles si que están tendo dificultades en chegar a fin de mes, sinceramente cada vez se explica menos esa decisión que tomaron de subir os impostos no ano 2016, esperemos que rectifiquen e que para o 2017 tomen unha decisión completamente diferente.

Tamén quero felicitarlles porque a pesares de que o Sr. Aneiros no último Pleno no que tratamos o último informe de Tesourería, negoume e negoume a situación e botou balóns fora como acostuman a facer pola situación dos prazos de pago do Marco que estaban en 92,63 días, é dicir, cun número de días realmente escandaloso, pois tomaran nota desa situación e a corrixiran e neste informe vimos que baixou sensiblemente este prazo de pago para o Marco, estou segura que isto é porque o Concelleiro de Cultura tomou boa nota e puxo todo da súa parte para solucionar este problema que había de prazo de pago das facturas e nese sentido recoñecer tamén o esforzo que se fixo. Tamén recoñecer a axilidade e a dilixencia que teñen vostedes en pagar os 1.440 contratos menores que asinaron a dedo no

mes de decembro, que rápido pagaron eses 1.440 contratos menores a dedo, é un motivo tamén de satisfacción para vostedes e para os que recibiron eses contratos de forma directa e sen un concurso público previo.

En definitiva, esperamos que segan sendo tan dilixentes pagando a tódolos provedores, pagando as axudas e subvencións, non só hai contratos e facturas nas administracións, tamén hai subvencións sociais, axudas sociais que están a esperar por ese pago con esa dilixencia e sinceramente propóñanse que os vigueses tamén se merecen ese beneficio da situación financeira do Concello de Vigo e báixenlles os impostos por favor.

SR. ANEIROS PEREIRA: A situación é moi sinxela, a dilixencia dos servizos económicos deste Concello é con tódolos pagamentos, incluídas tamén as subvencións, tódolos pagamentos que ten que facer este Concello fanse no seu tempo e da forma máis áxil e rápida posible, o que teñen que saber os cidadáns é que ademais de que este Concello cumpre de forma rápida e áxil cando se trata de subvencións, cando hai que de xustificar a actividade realizada, cando hai que xustificar e presentar documentación, hai que presentala de xeito completo e en tempo e forma, polo tanto, ás veces os posibles atrasos non veñen tanto por esta administración senón que veñen pola forma de xustificar e de presentar as actividades, pero insisto, tódolos pagamentos que ten que facer este Concello dende as nóminas ata as subvencións, pasando polo pago aos provedores, fanse no tempo menor posible, somos unha das administracións non só de Galicia senón tamén de España que máis rápido, que máis axiña cumpre co pago a tódolos provedores, incluíndo como digo as subvencións, as nóminas, tódolos pagamentos que teñen que facer estes servizos económicos do Concello.

Pero quero facer unha referencia especial á Sra. Muñoz, á voceira do Partido Popular, porque parece que está, como o seu grupo, moi interesada en facer manobras de confusión, porque volve dicir unha cousa e os datos son tozudos, a presión fiscal deste concello é a menor de toda Galicia e non só iso senón que o que pagan os vigueses/as vese referendado polo gasto público que reciben, é dicir, a capacidade de investimento do Concello é moito maior do que pagamos os vigueses/a, polo tanto, non estamos nun contexto de subida de impostos, nin moito menos de que eses impostos non teñan uso. O que significan estes datos Sra.

Muñoz e para que o entenda a cidadanía e para que o entendan os invitados, os alumnos do Instituto, significa dito de forma moi sinxela que temos cartos en caixa, e que con eses cartos en caixa, cos cartos que temos nos bancos, pagamos rápido, cumprimos co prazo de pago a provedores e pagamos e tamén hai que dicilo e non llo admito, os contratos menores son legais, e fanse cumprindo os trámites legais, superando os informes de Intervención, por certo, ningún reparo neste Concello, ningún, non como noutros concellos de Galicia onde goberna o Partido Popular. Polo tanto, cumprimento estrito da legalidade neste Concello, rapidez e axilidade no pagamento aos provedores, ás persoas que reciben subvencións e ás persoas que reciben becas neste Concello, por certo, becas de inglés, xa que están aquí os alumnos do instituto, pagamos no menor prazo posible, somos a administración máis áxil e máis rápida de todo Galicia e unha das máis rápidas de todo o estado.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.3(20).- APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN DO EPÍGRAFE I “INMOBLES” DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, REFERENTE Á PROPIEDAD Nº 697, CESIÓN 239,94 METROS CADRADOS PARA ZONA VERDE SAMIL. EXPTE. 2222/244 (1318/1101)

ANTECEDENTES.- O xefe do servizo de Patrimonio coa conformidade da xefa de área Tenencia e do concelleiro delegado de Patrimonio, con data 9 de febreiro de 2016, emite o seguinte informe proposta:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei Hipotecaria de 8 de febreiro de 1946 (LH).

ANTECEDENTES

Primeiro.- No Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado por acordo do Pleno do 4 de maio de 1993, consta no seu Epígrafe I- Bienes Inmuebles co C. Propiedade 000697 a seguinte parcela: Denominación: Cesión de 239,94 m2 zona verde Samil ; sita no Cño. Pertegueiras, Alcabre; clasificada coa natureza de uso público; Linderos: Norte, Evaristo Goberna; Sur, Gabino Mallo; Este, Cmño de Carro; Oeste, vallado propio y cmño. Pertegueiras. Título de adquisición, cesión gratuita, Proxecto de Compensación Polígono nº 3, 3ª fase PP de Samil (parcela 20). Superficie terreno: 239,94 m2.. Non consta inscrita no Rexistro da Propiedade .

Segundo.- Segundo informe dos servizos técnicos municipais de data 14.12.2015, na actualidade dita parcela, dacordo co plano de deslinde escala 1/500 realizado, dispoñe dunha superficie de 158,50 m2, sendo os seus lindeiros: Norte, Pedro Estevez Alonso; Sur, Telmo Perez Martinez e Pedro Estevez Alonso; Este, cmño Pertegueiras; Oeste, Cmño. Pertegueiras.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Entre os medios e facultades que establece o ordeamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopáse a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destiño ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

Segundo.- Así mesmo, as Administracións públicas deben inscribir nos correspondentes rexistros públicos os bens e dereitos do seu patrimonio, sexan de natureza demanial ou patrimonial, que sexan susceptibles de inscrición, así como todos os actos e contratos referentes ós mesmos que poidan ter acceso a ditos rexistros (artigo 36.1 LPAP).

A inscrición ou anotación dos actos e contratos relativos ó dominio e demais dereitos reais sobre bens inmobles practícarase no Rexistro da Propiedade (artigo 1 LH) e terá que practicarse de conformidade co previsto na lexislación hipotecaria e na LPAP. Neste senso, as operacións de agrupación, división, agregación e segregación de fincas practícaranse mediante traslado da disposición administrativa en cuxa virtude se verifiquen, ou mediante a certificación prevista no artigo 206 LH, sempre que non afecten a terceiros (artigo 37.1 e 2 LPAP).

Terceiro.- Conseqüentemente, procede no presente caso a actualización dos datos cos que consta a parcela nº 697 no Inventario municipal, rectificando seus asentos co fin de adecualos á realidade física resultante do informado polos técnicos municipais, no que atinxe a súa cabida.

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do acordo de rectificación e alta inventarial e posterior inscrición rexistral no Rexistro da Propiedade dos dereitos obxecto do presente expediente o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).

En mérito ó exposto, se propón ó Pleno Municipal, previo informe da Comisión informativa de Xestión Municipal, a adopción do seguinte acordo...”

Deseguido o funcionario informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2016, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO

Primeiro.- Rectificar o Inventario Municipal de Bens e Dereitos, no Epígrafe 1 Inmobles, a propiedade nº de código 000697, resultando coa seguinte descrición:

Terreo para zona verde en Samil; sito no Cño. Pertegueiras s/n, na parroquia de Alcabre, coa natureza de uso público e dunha superficie de 158,50 m², sendo os seus lindeiros: Norte, Pedro Estevez Alonso; Sur, Telmo Perez Martinez e Pedro Estevez Alonso; Este, cmño Pertegueiras; Oeste, Cmño. Pertegueiras. Adquirido mediante cesión gratuita no Proxecto de Compensación do Poligono nº 3, 3ª fase PP de Samil (parcela nº 20) por Escritura pública outorgada o 21 de xullo do ano 1983 e autorizada polo Notario D. Cesar Cunqueiro Gonzalez Seco co nº 1817 da orde do seu protocolo. Ref catastral 9037913NG1793N.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Rexistro da Propiedade interesando a inscrición rexistral da propiedade municipal nº 697.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se realizaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1(21).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ARTELLAR OS MECANISMOS LEGAIS E DE CARÁCTER SUPRAMUNICIPAL QUE PERMITAN AS MODIFICACIÓNS NECESARIAS NO ACTUAL EMPRAZAMENTO DA FÁBRICA DE PSA-PEUGEOT-CITROËN, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1321/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro de 2016, número 1321/1101, o voceiro do grupo municipal Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A anulación por parte do tribunal supremo do PXOM aprobado en 2008 pola falla de motivación da inaplicación do non sometemento do mesmo á AAE (Avaliación Ambiental Estratéxica) pon de manifesto a enésima improvisación do urbanismo da nosa cidade e o sometemento de procedementos legais e de tempos ás necesidades electorais ou propropagandísticas dos diferentes gobernos de unha e outra cor á fronte do Concello de Vigo e da Xunta de Galicia.

Mais aló de futuribles consecuencias tanto xudiciais como económicas que esta anulación poida traer á cidade de Vigo, a realidade é que proxectos transcendentales para a cidade ou para actores económicos ou institucionais aos que o PXOM anulado daba cobertura, quedan en suspenso ou mesmo en grave perigo de non conseguir sacalos adiante ou aprazalos “sine die” establecendo o clásico “peloteo” entre Xunta e Goberno de Vigo que leva estando presente dende case unha década.

A Xunta de Galicia nunha absoluta improvisación pretendeu durante o proceso de aprobación da lei do solo de Galicia (en trámite de emendas xa superado) promover unha modificación expres do artigo 144 para permitir aprobar de xeito urxente baixo o criterio de “interese xeral” calquera tipo de proxecto urbanístico que non tivese amparo nun PXOM e sen exposición pública e proceso de alegación análogo, algo que AGE dixo por activa e por pasiva que deixaba nunha manifesta inseguridade aos proxectos que, contidos no PXOM anulado, se considerasen importantes (plan parcial de ampliación do polígono de Balaídos, Cidade da Xustiza, estación intermodal).

Finalmente o PP aprobou en solitario a lei do solo e en vez de articular a modificación do artigo 144 como anunciara inicialmente, artellou un proxecto de lei chamado “*de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese*” que admitido a trámite pola mesa do parlamento o pasado 16 de febreiro será debatida no parlamento e con toda seguridade, aprobada. Este proxecto de lei segue considerando “prescindibles o período de exposición pública e alegación”, e introduce o criterio de que se contén expropiacións será o concello o “expropiante e beneficiario das mesmas”, algo que entra en contradición, por exemplo, co criterio do convenio subscrito entre Zona Franca e o Concello de Vigo para a ampliación do polígono de Balaídos, proxecto sobre o que a Marea de Vigo xa se pronunciou en contra por entender que hai alternativa.

Sí hai un avance neste proxecto de lei importante con respecto á improvisado intento de modificación expres do artigo 144 da lei do solo xa que, como xa dixo AGE na súa oposición á proposta de modificación, ten que haber trámite ambiental. Neste caso, este proxecto de lei así o considera ao indicar que “*se polas súas características o proxecto estivese comprendido dentro do ámbito de aplicación da avaliación do impacto ambiental establecido pola norma vixente, a Consellería competente por razón de materia remitirá tamén o proxecto ao órgano competente para os efectos da tramitación do correspondente procedemento.*”. A Xunta “autoeméndase” con respecto a disparatada idea de modificación do artigo 144 e desde Marea de Vigo o valoramos como positivo.

Este proxecto de lei, de todos xeitos, para a Marea de Vigo, non vai establecer en todo caso as garantías xurídicas necesarias para procesos de expropiación mesmo xera incerteza no que sexan expropiacións de vivendas ao non existir prazos de alegacións.

En datas recentes, Marea de Vigo mantivo contactos con Zona Franca e a dirección da PSA en Vigo que informaron sobre as necesidades urxentes da planta de

Balaídos, que quedan “indefensas” ante a anulación do PXOM no que corresponde as capacidades de cambios dentro do perímetro actual da fábrica, feito que é a verdadeira prioridade e que non ten nada que ver coa ampliación da mesma cara Matamá que tiña que ser, en todo caso, recollida nun plan parcial no PXOM anulado, que, despois de máis de 7 anos de vixencia do mesmo, non existía.

Polo exposto, instamos a esta Corporación Municipal a adoptar os seguintes

ACORDOS

1.- Instar á Xunta de Galicia a artellar os mecanismos legais e de carácter supramunicipal que permitan as modificacións necesarias no actual emprazamento da fábrica da PSA-PEUGEOT-CITROËN que é a única urxencia real e que permite á compañía estar en posición competitiva dentro do grupo para optar a un novo modelo, seguir tendo dúas liñas de produción e manter, xa que non existe outro compromiso de emprego que o incrementa, os postos de traballo existentes na empresa.

2.- Instar a PSA a responder ao esforzo que esta cidade fai e crear emprego directo na fábrica xa que dende 2010 perdéronse máis de 5.000 postos de traballo no centro coincidindo esta perda de emprego con anuncios importantes de novos modelos como os que agora voltan a facerse públicos.

3.- Iniciar xa sen máis demoras a contratación pública, ou mesmo asumir a mesma dende a xerencia de urbanismo do Concello de Vigo, para a redacción dun novo PXOM que defina modelo de cidade acorde a realidade actual e previsións futuras, participativo e democrático.”

Con data 23 de febreiro de 2016, a Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade quedou enterada do contido da moción.

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Gustaríanos que neste debate que coidamos polo menos o grupo municipal da Marea de Vigo que é onde hai que dar os debates, gustaríanos que estivera o Alcalde sobre todo porque foi a Alcalde o que verteu acusacións, non só infames, senón que forman parte desa estratexia absolutamente delirante de converter a política nunha lameira que dende logo a Marea de Vigo non vai participar, nós non queremos incendiar ningunha industria, nos non queremos incendiar sobre todo unha industria que xa se encarga ela de incendiar aos seus traballadores laboralmente, de queimalos, o que se chama no argot laboral deste

país, nós imos falar de cuestións que nos parecen absolutamente rigorosas e que polo tanto este Pleno ten que empezar a facer política, non empezar a facer Bodevil de determinadas cuestións que teñen que ver co futuro económico desta cidade.

En primeiro lugar, a Marea de Vigo foi consecuente cun traslado de políticas e cun traslado de solucións ante un problema que non é meridiano para a articulación do futuro industrial da PSA, que é a anulación dun Plan Xeral, podémoslle dar 50.000 voltas ás solucións de bombeiro que se están a xestionar para intentar solventar algún dos ámbitos contidos nese Plan Xeral, pero nós queríamos que as solucións, esas solucións que se poñían enriba da mesa non hipotecaran ou non puxeran de novo o urbanismo desta cidade en solfa e nós dixemos no seu día que a anulación Plan Xeral requiría a redacción dun novo Plan, xa perdemos tempo, logo falaremos nunha moción sobre esta cuestión do que ten que ver coa articulación dun novo Plan Xeral que permitira como permitía o Plan Xeral do 2008, quitar adiante determinadas cuestións que para este caso, para a empresa PSA eran absolutamente necesarias para levar adiante o seu proxecto industrial e o mantemento de dúas liñas de produción que é unha das cousas atípicas que ten esta fábrica con respecto a outras fábricas do grupo que segue tendo dúas liñas de produción. Nós dicíamos que fomos rapidamente xa a redactar o Plan Xeral e que se había algunha cuestión de urxencia que entraba dentro das necesidades urxentes pola cuestión do propio sistema de fabricación e do propio funcionamento interno do grupo PSA que fomos ó carácter supramunicipal, e a solución que se nos da enriba da mesa é modificar un artigo da Lei do solo, que nin sequera o Partido Popular quixo facer ao final, porque sabían que a modificación dese artigo non tiña consistencia xurídica e optouse por unha opción que dende logo a Alternativa Galega de Esquerda tamén verbalizara nos primeiros Plenos, que era vaian vostedes a unha lei, a unha lei nova, non modifiquen a Lei do solo e vaian a unha lei nova, e foise a esa lei que verbalizou o Sr. Antón Sánchez voceiro do grupo da Alternativa Galega da Esquerda que foi unha lei que substituíra a esa proposta de modificar pola vía expres un artigo da Lei do solo que por certo que o borrador da modificación dese artigo dicía que non había nin exposición pública e non había dereito á alegación. Afortunadamente iso non se fai e propónse unha lei que inclúe todas e cada unha das emendas presentadas pola oposición, incluída a do Partido Socialista, o que a Marea de Vigo dixo dende o primeiro momento, exposición

pública e período de alegación, pero omítese para nós unha parte substancial que era a parte que estaba recollida no Plan Xeral do 2008, non había que someter, ou polo menos a administración entendía que se podería saltar o sometemento á avaliación ambiental estratéxica a todo o plan, pero que si os ámbitos particulares do Plan Xeral tiñan que ser avaliados dese xeito. Aquí na proposta de lei que aprobou o Parlamento de Galicia a semana pasada non aparece, se daquela se entendía que si que hai que facer unha avaliación ambiental estratéxica dun ámbito tan importante como é a ampliación dun centro industrial e da industria que ten declaración de emisións máis alta de Galicia pois nós entendemos que segue faltando esa cuestión e seguimos pensando e por iso votamos coherentemente en contra, que segue faltando aínda unha parte, solventada a cuestión da exposición pública e solventada a cuestión do dereito a alegación de calquera veciño, pero que por enriba, cando este grupo municipal fala tanto con Zona Franca como coa propia empresa o que nos trasladan é que a cuestión da ampliación é secundaria, porque a ampliación implica non só que imos a ter que volver a redactar un convenio entre Zona Franca e o Concello porque a lei di que o expropiante vai ser o Concello, o Concello de Vigo imos a expropiar, vai ser quen paga as expropiacións tal e como pon a lei que recolle e aprobada no Parlamento de Galicia. Polo tanto, teremos que volver a redactar un convenio, teremos que volver a poñer enriba da mesa quen paga as expropiacións, digo tomando a literalidade da lei, e teremos que volver a facer o proceso para garantir que as administracións se poñen de acordo para esta cuestión, e como seguimos pensando que as expropiacións mediante esta lei quedan en solfa pedimos que se aplique esta proposta de falar exclusivamente da reordenación interna da fábrica que si sería posible entendemos con esta lei.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade señores de Marea de Vigo é que lendo a moción que presentan hoxe no Pleno e escoitándoo agora Sr. Pérez, sinceramente en colación cunha frase que di que “o que cometeu un erro e non o corrixe comete outro erro aínda maior” e vostedes parecen empeñados en incidir no erro, na equivocación tan grave que están cometendo neste últimos meses, é exactamente o que lles está a pasar, cometeron un erro e en vez de rectificar cometen outro máis grande porque insisten, insisten e insisten, e cometeron un erro inicialmente

negándose ao artigo 144 da Lei do solo, sobre todo porque pecharon dun portazo a posibilidade nin sequera de dialogar, de debater sobre as dúbidas que propoñían aínda a pesares que dende a Xunta de Galicia e dende o Partido Popular abriuse a porta a ese dialogo e achegarse a entender sobre a redacción e os requisitos legais que ían pedir nese artigo e o fixeron, pecharon dun portazo sen importarlles o prexuízo que ocasionaban a esta cidade. Tiveron unha segunda posibilidade, a que houbo que recorrer por que vostedes pecharon a porta á primeira, con ese proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia, de excepcional interese, que se presentou novamente por parte do Goberno da Xunta de Galicia e no debate sobre a lei e a pesares de que se aceptaron moitas das alegacións que vostedes presentaron inicialmente e que se negaron a dialogar na primeira instancia, volveron vostedes a votar en contra, os seus compañeiros de AGE volveron votar en contra desta lei. Sinceramente parécenos insólito porque como vostede acaba de recoñecer agora neste Pleno, aceptáronse a práctica totalidade das demandas que vostedes poñían enriba da mesa, pedían trámite de exposición pública, haberá ese trámite de exposición pública, pedían informe medio ambiental, se incorpora un informe medio ambiental, agora din que non é suficiente que hai que ir un pouco máis alá que non lles chega co que hai, sinceramente o que parece é que non queren aceptar e é apoiar esta medida. Tamén dicían que os concellos ían perder peso, se lles ía a non ter en conta ese protagonismo que tiñan que exercer neste tipo de proxectos, pois quedou claro coa redacción da lei que os concellos son os verdadeiros protagonistas desta tramitación e que sen eles non se pode facer absolutamente nada.

A pesares de todo votan en contra, e agora cando parecía que pasara todo, presentan vostedes esta moción na que volven a pedir a declaración de supramunicipalidade, pero se quedou demostrado que esa non é a vía que necesitaba esta cidade, que esa non é a vía que necesitaban os grandes proxectos desta cidade porque non garante a rapidez que se necesita, sobre todo a modificación no polígono para Citroën para poder facer fronte ás obras que hai que facer e para poder seguir optando a eses modelos novos que necesita esta cidade para manter o emprego, se ata o Partido Socialista, o Goberno Local, deuse conta que a supramunicipalidade non era a vía e retirou unha moción que había presentado no Pleno cando se deu conta que a alternativa que se poñía enriba da

mesa por parte da Xunta de Galicia era substancialmente mellor porque era a que permitía cumprir o obxectivo.

Eu píddolles sinceramente que abandonen esa cerrazón, que abandonen esa obsesión que teñen con Citroën, esa guerra sen cuartel na que vostedes están e que dende logo é difícil de entender tendo en conta que é a empresa que máis postos de traballo directo e indirectos dá na nosa cidade, porque esa obsesión estalles levando a esquecer o que a cidade realmente necesita, e a única realidade é que cando a cidade está pasando por un dos seus peores momentos coa anulación do Plan Xeral, cando Vigo necesitou que todos esteamos á altura da situación e se tomen as medidas urxentes, necesarias, rápidas que ademais garantan a seguridade xurídica, vostedes lle deron as costas e iso é o que vai quedar no futuro, iso é o que vai quedar, tiñan vostedes a posibilidade de estar á altura do que a cidade necesitaba neses proxectos urxentes, lamentablemente neste caso perdérona, os vigueses témome que non a van esquecer, eu lles pido que para o resto de tramitación do Plan escoiten á cidade e escoiten o que a cidade necesita e deixen de estar embarcados nesta guerra contra Citroën e pensen nos traballadores/as que o que máis queren é ter un posto de traballo.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Sr. Pérez eu a verdade é que debo amosar a miña sorpresa con esta moción, eu entendo que vostede o que está intentado é quedar ben, logo de negar apoio, axuda e negar que os proxectos de Vigo poidan desenvolverse en reiteradas ocasións, en particular neste tema concreto en tres ocasións, o seu grupo Mareas negouse neste Pleno a apoiar unha iniciativa para promover un cambio na Lei do solo, no Parlamento de Galicia o grupo ao que vostedes pertencen, Alternativa Galega de Esquerdas, negouse a apoiar esa modificación da Lei do solo e ademais negáronse a apoiar a Lei de medidas urxentes, eu só lle digo miúdo “papelón” en contra de Vigo, en contra dos traballadores de Citroën, en contra dos sindicatos que representan aos traballadores de Citroën, en contra do progreso desta cidade. Tal “papelón” que ata o Sr. Beiras non foi a votar ao Parlamento de Galicia, non é só que a súa obsesión con negar o apoio á planta de Citroën estea circunscrita a esta lei, e a tramitación dunha medida que permita desenvolver os proxectos que Vigo precisa de forma urxente porque son proxectos de excepcional interese público, non é que vostedes aquí na aprobación inicial da

modificación puntual para a ampliación de Balaídos votou en contra, e dixo neste Pleno que a vostede o proxecto de Citroën non lle importaba, que para vostede non era importante.

Eu creo, a verdade, que con esta iniciativa esperábamos que vostedes entraran en razón, pero cando vostede pon os seus argumentos enriba da mesa, que eu recoñezo que é un “papelón”, pero cando pon os seus argumentos enriba da mesa e que vostede mesmo se contradí, nese proxecto de lei se incorporou a exposición pública, 20 días, o Concello ten que tramitala e ten que facer un informe para informar esas alegacións, ademais este proxecto ten que ser sometido a tódolos informes sectoriais pertinentes, tamén á avaliación de impacto ambiental, pero sabe cal é a súa confusión principal, vostede está a pensar que este proxecto de lei é para desenvolver ámbitos de planeamento e non é para iso, xa llo explicamos en reiteradas ocasións, entre outras, no propio Consello da Xerencia de Urbanismo, este proxecto de lei é para desenvolver proxectos, o proxecto dunha nave industrial, o proceso de ampliación dunha nave industrial e xa lle dixemos en reiteradas ocasións que o problema fundamental de Citroën estaba no actual polígono de Balaídos, claro que está nese polígono, porque as súas condicións urbanísticas cambiaron de forma substancial do Plan do 93 ao Plan do 2008, e as actuacións que hoxe precisa a factoría de Citroën para poder garantir o traballo das súas dúas liñas de produción que son absolutamente imprescindibles e urxentes e tiñan que estar materializadas neste ano 2016, están no actual polígono de Balaídos, por iso había que tramitar esa modificación de xeito tan rápido, e por iso é increíble que vostedes se negaran ao progreso da cidade, por iso é increíble que puxeran en perigo o principal proxecto empresarial que temos enriba da mesa, é un dos motores da economía de Vigo e de Galicia. Vostedes con estas iniciativas convértense nun partido antisistema, anticidadáns, contra o emprego da cidade e eu recoñezo que esa situación é moi grave, claro que estamos a traballar no novo Plan Xeral como vostede xa sabe porque lle informamos puntualmente nos Consellos da Xerencia das distintas reunións e avances que se van producindo, pero máis aló diso, hai algúns proxectos de indubidable interese público que hai que desenvolver de forma rápida e dende este goberno municipal apreciamos a colaboración que outras administracións nos ofrecen, en particular neste caso, a colaboración da Xunta de Galicia, teño que recoñecer que o Partido Popular de

Galicia estivo moi por enriba do Partido Popular de Vigo, que estivo en contra inicialmente dos proxectos desta cidade negándose a que se tramitaran con ámbitos por enriba do Planeamento Municipal, deixándose a responsabilidade en mans única e exclusivamente do Concello de Vigo, pero esa colaboración indubidablemente a apoiamos e nos encanta que o Partido Popular de Vigo se sume tamén a esa estratexia de colaboración e coordinación. Pero señores de Marea de Vigo, non sigan vostedes negando a oportunidade de desenvolver proxectos en Vigo, claro que o Concello de Vigo terá que facer as expropiacións promovidas pola Zona Franca cando toque, os expedientes, non pagalas por supostos, iso terá que pagalas a administración que lle corresponda, polo tanto únense vostedes ao progreso de Vigo non sigan rexeitando a axuda a esta cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Imos falar de progreso e imos falar de emprego porque se ve que aquí hai cuestións que non se manexan polo menos por parte dos dous grupos municipais, ano 2010, 10.000 traballadores no cadro de persoal de PSA, ano 2016 menos de 5.000, dos cales só 1.800 teñen xornada laboral de oito horas, non é un tema secundario, entre o ano 2010 e o ano 2016 esta cidade ten feito esforzos titánicos a favor da empresa, urbanísticos e de todo tipo, cando quixeron unha circunvalación, unha circunvalación cando quixeron un porto seco, fíxose un porto seco, cando logo xa non querían unha circunvalación querían un polígono industrial, un polígono industrial e cando agora PSA nos pide un esforzo a resposta a teñen vostedes na prensa da semana pasada, coas prexubilacións que non van ser substituídas por novo persoal e polo anuncio de que sábados e domingos vanse converter en laborais, é dicir, menos lobos coa cuestión de PSA porque tamén terá que ter corresponsabilidade con esta cidade e que o seu Plan industrial non inclúa as posibilidades de deslocalización ao norte de Portugal como xa están a poñer nos papeis que lle entregan aos sindicatos que eu por suposto non defendo aos sindicatos maioritarios da PSA, porque eu non defendo nin nesta casa nin alí o sindicalismo amarelo que está colaborando nesta perda de emprego. Polo tanto, o que a moción di é corresponsabilidade no esforzo que imos facer, por que? Porque claro que todo é urxente, no urbanismo sempre hai urxente e no urbanismo sempre hai absoluta legalidade, iso tamén o dicían vostedes no ano 2008 co Plan Xeral, era urxente aprobalo neste Pleno e houbo un Pleno absolutamente “bochornoso” para

aprobalo porque era moi urxente, despois de dous anos parados e nos trámites entre Xunta de Galicia e o propio Concello, era moi urxente, desbloqueamos en 24 horas, todo é urxente e había absoluta seguridade xurídica, sabemos onde está esa seguridade xurídica, na anulación do Plan, a fórmula xurídica máis determinante que é a anulación, e polo tanto nós dicimos improvisacións outra vez non, e non nos vale para unha ampliación unha avaliación de impacto ambiental, porque a Unión Europea non propón en ningún momento que os proxectos deste tipo, non estamos a falar dunha nave industrial, estamos a falar da maior nave industrial que ten o sur de Galicia e posiblemente na maior infraestrutura que temos enriba da mesa e como figuraba no Plan, pedimos que figure nese texto de lei unha avaliación ambiental estratéxica, con todo o que supón, que non existe na lei, por iso nós votamos en contra a pesares de que é certo de que hai avances.

O que estamos a pedir aquí é claridade porque o Sr. Alcalde parece que non se decata, o Sr. Alcalde segue a falar dos 50.000 metros que se poden ampliar en base a isto, sistematicamente o di, fala dos 50.000 metros cadrados que en 4 meses xa se poden ampliar, veremos se en 4 meses eses 50.000 metros cadrados están avanzados cara o barrio de Matamá, veremos e nos propoñemos unha alternativa que é a falar do ámbito actual da empresa.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e vinte votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 17.02.2016 (Rex. Nº 1321/1101), polo

voceiro do grupo municipal Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Unha cuestión de orde, eu quería que tendo en conta que por segundo Pleno consecutivo as mocións que presentan o grupo Socialista foron presentadas fora de prazo e polo tanto non foron informadas pola comisión informativa correspondente, incumprindo os artigos 47 e 50 do Regulamento do Pleno do Concello de Vigo quería pedir que se retiraran.

PRESIDENCIA: Queda dada a conta da cuestión de orde, dinos o secretario que está todo correcto co cal procedemos ao debate.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Non escoitamos ao secretario.

PRESIDENCIA: Díxoo no Pleno pasado.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Pido que conste en acta.

PRESIDENCIA: Xa quedou constancia na acta pasada.

5.2(22).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ARTICULACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A MELLORA DO SERVIZO DE TRANSPORTE AO AEROPORTO DE VIGO. REXISTRO PLENO 1325/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de febreiro de 2016, número 1325/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Desde a Xunta de Galicia veuse discriminando claramente ao Aeroporto de Vigo con decisións de subvencións a outros Aeroportos que prexudicaron gravemente o tráfico e o número de viaxeiros no de Vigo.

Esta situación está a reorientarse grazas ás diversas actuacións do Goberno Municipal de Vigo e os últimos datos demostrano.

Os últimos datos de número de pasaxeiros demostran claramente que se se adoptan as decisións adecuadas o Aeroporto de Vigo ten un enorme portencial.

Como queira que os aeroportos necesitan un conxunto de servizos para a súa mellora, a conexión entre as cidades e os aeroportos tamén son un aspecto esencial.

Nese sentido, tamén a Xunta de Galicia discrimina á cidade de Vigo e ao seu Aeroporto. O DOG de 20/01/16 publica a Resolución da Consellería de Infraestrutura e Vivenda pola que se dá publicidade ao Convenio de Colaboración para a mellora do servizo de transporte ao Aeroporto de Lavacolla.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia á articulación dun Convenio de Colaboración para a mellora do servizo de transporte ao Aeroporto de Vigo.”

DEBATE:

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Ao longo destes anos a poboación de Vigo puido comprobar como a Xunta de Galicia marxinou ao Aeroporto de Vigo con decisións de subvencións e políticas de axudas que beneficiaron a outros aeroportos de Galicia, en detrimento do Aeroporto de Vigo, o que prexudicou gravemente o tráfico e o número de viaxeiros no Aeroporto de Vigo. Na actualidade esta situación estase a reorientar gracias a diversas actuacións do goberno municipal de Vigo, que empezan a dar os seus froitos como nos demostran os últimos datos publicados por Aena sobre estadísticas de aeroportos relativos ao ano 2015 e que reflicten a reactivación do Aeroporto de Vigo e que continúa a senda de crecemento do 2014 cando xa houbera freado a súa caída.

Os últimos datos de número de pasaxeiros do Aeroporto de Vigo demostran claramente que se se continúa adoptando as decisións adecuadas o Aeroporto de

Vigo ten un enorme potencial de crecemento, como queira que os aeroportos necesitan dun conxunto de servizos para a súa mellora e crecemento entre os que se atopan como un dos máis importantes os servizos de transporte aos aeroportos, un dos aspectos esenciais a potenciar, son precisamente as conexións entre os aeroportos e as cidades.

Neste sentido, tamén ao longo destes anos a sociedade de Vigo puido constatar como a Xunta de Galicia veu a marxinar á cidade de Vigo a ao seu aeroporto, con actuacións e subvencións á mellora do servizo de transporte público do restantes aeroportos de Galicia, en detrimento de plans de mellora do transporte público ao Aeroporto de Vigo. Proba disto é que un ano máis o Diario Oficial de Galicia, con data de 20 de xaneiro de 2016, publica a Resolución da Consellería de Infraestruturas e Vivenda pola que se da publicidade ao convenio de colaboración suscrito entre esta consellería e a empresa concesionaria de transporte público de Santiago de Compostela e ao Aeroporto de Lavacolla para a mellora do servizo de transportes ao aeroporto de Santiago de Compostela.

Esta actuación claramente discrimina á cidade de Vigo e ao seu Aeroporto, un aeroporto que se atopa marxinado, non recibindo ningún tipo de achega, de subvención por parte da Xunta de Galicia para a mellora dese transporte público ao Aeroporto. Así no convenio ao que fixen referencia anteriormente para a mellora do servizo público ao Aeroporto de Santiago de Compostela só no ano 2016 a Xunta de Galicia achega a cantidade de 340.000 euros, mentres que achega cero euros á mellora do servizo de transporte público ao Aeroporto de Vigo é por isto que esta moción que traemos hoxe aquí a este Pleno ten como obxectivo poñer fin a esta inxustiza, romper coa marxinação dos últimos anos dos gobernos do Partido Popular na Xunta de Galicia que se veñen facendo á cidade de Vigo ao Aeroporto de Vigo e tamén aos cidadáns e cidadás da cidade de Vigo.

Por todo isto e en nome do grupo municipal Socialista propoñemos a este Pleno que se aprobe “esixir á Xunta de Galicia a articulación dun convenio de colaboración para a mellora de servizo de transporte ao Aeroporto da cidade de Vigo”.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos de acordo coa moción pero si pensamos que hai clarexar determinadas cuestións que se poñen aquí, digo porque seguramente non quedará nunha moción que sexa aprobada nun Pleno e que ao final vai ao limbo,

en primeiro lugar porque hai unha cuestión que aquí non se cita, e non é un tema secundario para unha cidade como Santiago de Compostela e que en Santiago de Compostela este convenio está subscrito dentro da área metropolitana do transporte metropolitano de Santiago de Compostela, iso quere dicir que non seu día cando se artellou ese convenio coa empresa privada Freyre era porque o transporte urbano de Santiago de Compostela non chega a Lavacolla e polo tanto o que tiñan que facer era chegar a un acordo coa empresa que tiña subscrito o transporte entre Santiago de Compostela e Lugo para que modificara o seu traxecto e puidera chegar o transporte ao aeroporto de Lavacolla que como sabemos o transporte urbano de Santiago de Compostela non chega ás inmediacións do Aeroporto. O caso que nos toca, nos estamos de acordo con ese convenio, pero pedimos que ese convenio non sexa un convenio entre a Xunta de Galicia e Vitrasa, porque se que Vitrasa recibe subvencións e de feito na proposta que se está a falar de transporte metropolitano, tódalas subvencións que se fan ao transporte público de Vigo quedan no ámbito, e cito textualmente “quedan fora da área as medidas específicas de Vigo no seu transporte, tarxeta B, medidas sociais porque as financia o Concello de Vigo”, isto está no documento que en teoría é un documento de consenso que se nos fai chegar entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo. Nós se que pensamos que hai que incorporar e creo que hai algunha avance sobre todo pois no referido ao Comité de Coordinación que se inclúe tamén a representantes do propio Aeroporto que temos que incluír este convenio dalgunha maneira dentro do transporte metropolitano, porque se non sería simplemente dicir que hai unha agravio comparativo entre a cidade de Santiago de Compostela e a cidade de Vigo cando son dimensións radicalmente diferentes, o transporte urbano de Vigo si chega ao Aeroporto de Vigo, entra dentro das liñas da área periurbana, chega perfectamente, no caso de Santiago de Compostela é unha situación diferente. Nós si que queremos que esta moción se inclúa dentro do desenvolvemento do futuro transporte metropolitano porque temos unha concesionaria que xa recibe deste Concello 12 millóns de euros anuais, e que posiblemente gran parte desa subvención xa implique que ten unha obrigatoriedade de cubrir un servizo ás inmediacións do Aeroporto e polo tanto, eu creo que é bo pedir colaboración entre administracións non porque haxa un agravio con respecto á cidade de Santiago de Compostela e que esta está dentro dun

acordo metropolitano porque non seu día e calquera que coñeza a cidade de Santiago de Compostela, cando queríamos ir ao aeroporto non había opción de transporte público porque a concesionaria non tiña liñas cara alí e a única opción foi facer unha modificación da liña regular de transporte a Lugo que é competencia autonómica para que houbera ese servizo recollido no ámbito de posibilidade de a chegada de calquera cidadá do centro de Santiago de Compostela ao Aeroporto. Nos estamos de acordo en que convenie pero que se circunscriba e que se traballe exclusivamente dentro dos convenios e das achegas que se fagan dentro da Área Metropolitana de Vigo porque senón será a enésima subvención a Vitrasa que moitas veces non sabemos se acaba de verdade mellorando ou xestionando dunha maneira máis positiva o transporte público en Vigo.

SR. GAGO BUGARÍN: Sra. Marra se non fose porque tratamos de algo serio e importante para a nosa cidade, diríalle que a moción e o que vostede expuxo aquí a verdade é que sona a chiste, pero de pouca gracia, porque foron vostedes os que privatizaron e os que privaron a este cidade e aos vigueses/as de poder beneficiarse do transporte metropolitano, e agora resulta que despois dun ano de boicots e de ter paralizada e de que non nos podamos incluír dentro do transporte metropolitano, resulta que agora o aproban e se acollen sen máis, sen ningunha modificación substancial co proxecto presentado hai un ano. Por iso que nos fai gracia que vostedes veñen aquí facendo moita demagogia, porque fixeron moita demagogia co Aeroporto, e algún día haberá que explicarlles con claridade a demagogia que fixeron, sen ir máis lonxe creo que é bo reflectir aquí que entre o ano 2005-2008 cando vostedes estaban no Goberno da Xunta de Galicia o investimento da Xunta de Galicia no Aeroporto de Peinador foi de cero euros, sen embargo o investimento da Xunta de Galicia no Aeroporto de Lavacolla foi de 3.800.000 euros fronte a cero euros, poderíalle dicir o que investiu a Xunta de Galicia na época do Sr. Feijóo entre o ao 2009-2012, catro millóns en Lavacolla e 3.800.000 euros en Peinador, esa é a diferenza e a demagogia que nós non facemos e que vostedes a utilizan habitualmente.

Ademais convén lembrar tamén que o Sr. Alcalde desta cidade, por certo en Madrid, debe estar preocupado polo que vai acordar o seu pupilo con Cidadáns, resulta que torpedeou durante un ano o que cualificou de ilegal e o que cualificou

de gran agravio para a cidade agora resulta que o aproba sen máis, é dicir, nos fixo perder 400 días a tódolos vigueses de confrontación, de boicots, só porque vostedes e o Alcalde desta cidade vive enclavado na confrontación institucional, e ao final quen o paga? Tódolos cidadáns, estamos cansados de que sexa así con tódolos grandes proxectos da cidade, macro depuradora, Cidade da Xustiza, Área Metropolitana, transporte metropolitano, etc.

Dito isto Sra. Marra, sinto dicirlle que o Aeroporto de Vigo ten un problema serio de conectividade, é certo que o ten, porque para ter un Aeroporto de primeira tamén hai que ter unhas conexións fluídas e eficientes, e pregúntolle como é posible que un vigués tarde o mesmo en chegar a Peinador, se colle o autobús na Praza da Independencia, que se tarda exactamente o mesmo practicamente que ir dende Vigo ao aeroporto de Lavacolla collendo o AVE e collendo o transporte metropolitano, isto é para facelo mirar, é máis, invítolle a algúns de vostedes a que deixen algún día o coche oficial, que fagan a proba que hai moitos anos que non collen o autobús, que veñan comigo que seguro que teremos unha conversación amena e que comprobemos porque dáme a sensación de que non o saben. Tárdase o mesmo entre ir dende o centro de Madrid a Barajas, o mesmo que se tarda dende o centro de Vigo ao Aeroporto de Peinador, e saben por que? Porque só hai unha única liña de autobús que conecta aos vigueses con o Aeroporto e ademais esa liña ten 16 paradas, sabe cantas paradas ten o Aeroporto de Lavacolla, o transporte metropolitano que conecta aos cidadáns de Santiago de Compostela co seu aeroporto? Tres paradas, dezaseis fronte a tres, esa é a diferenza na xestión e na eficacia, por iso Sra. Marra, vostedes levan oito anos no goberno, é que levan oito anos no goberno facendo demagogia e falando do aeroporto e levan oito anos privando aos vigueses de que poidan acceder ao aeroporto mediante transporte público, só así se entende que só o 5% dos pasaxeiros que saen de Peinador vaian ao Aeroporto en transporte público, fronte ao 20% que o fan no Aeroporto de Lavacolla e fáganllo ver porque isto é unha cuestión de eficacia e de xestión.

Por outra banda, a nós fainos gracia que vostedes pidan un acordo de colaboración con outras administracións, por certo, xa antes de que vostede o propoñan aquí, o Sr. Regades hoxe Alcalde da cidade, ten unha solicitude de reunión por parte da directora xeral de Mobilidade para integrar precisamente e impulsar o transporte metropolitano e urbano co Aeroporto, xa a Xunta de Galicia deu o paso antes de

que vostedes o solicitasen, por iso me gustaría que tomase nota e que entenda que hai administracións como a Xunta de Galicia que non fan fai falla que lles dean o a aviso senón que eles xa dan o paso a diferenza vostedes. O que necesita esta cidade é unha liña de autobús que saía dende a Laxe, que recolla e que recepcione aos cidadáns que veñen doutro lado da ría, que logo pare no Areal e que por último para tres paradas nada máis na estación do AVE, despois ata que non se constrúa a estación Intermodal o que necesita esta cidade é haxa lanzadeiras dende a estación de autobuses para que a xente que quere e que ven á cidade a través do autobús, que poida acceder ao Aeroporto de Peinador sen ter que coller tres autobuses como lle pasa hoxe en día a un cidadán de Ponteareas que ten que coller tres autobuses para chegar a Peinador.

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Sr. Correa, chámame a atención que veña vostede a dicirnos e a defender aquí ao goberno da Xunta de Galicia e as subvencións que se lle entrega por parte deste goberno ao Aeroporto de Santiago de Compostela, chama a atención pero o maior agravio e eu si que considero que é un agravio que non se trate igual ao transporte na cidade de Vigo e ao Aeroporto na cidade de Vigo, o maior agravio o constitúe o que ten feito a Xunta de Galicia ao bloqueo da Área Metropolitana de Vigo, ese é o maior agravio que se ten feito a esta cidade.

Vitrasa non recibe ningunha subvención por parte deste Concello, sabe quen a reciben os cidadáns/ás desta cidade, que son mediante subvencións e axudas a ese transporte público, a favorecer ese transporte público é o que subvenciona este Concello ao cidadáns/ás desta cidade.

Sr. Gago demagogia a súa, porque as cifras están enriba da mesa e eu creo que as puxen moi claras, o convenio de colaboración que a Xunta de Galicia ten para favorecer, para mellorar o servizo de transporte público ao Aeroporto de Santiago de Compostela, que non existe, aquí non existe, xa me gustaría a min que me achegaran 340.000 euros tódolos anos para mellorar o transporte público ao Aeroporto de Vigo, así de fácil parece que vostedes seguen no non permanente a esta cidade, a favorecer o transporte público á cidade de Vigo, continúan no antivigo en dicir non a Vigo. Está ben claro apoiem esta moción, que a Xunta de Galicia achegue tamén unha cantidade similar para mellorar o transporte público ao Aeroporto de Vigo.

O transporte público nesta cidade a verdade é que é magnífico, falaban anteriormente do servizo que temos, cada 30 minutos temos un autobús urbano que presta o servizo ao Aeroporto cos puntos centrais principais desta cidade, o conecta, reitero dunha forma magnífica, no que é posible a pesares do que sae nos medios, transportar maletas como ben saben os cidadáns, ademais con importantes políticas de axudas e subvencións aos cidadáns para que poidan utilizar este transporte público, uns obxectivos que ten moi claro esta concellería, dende o primeiro momento un dos obxectivos que tivemos á hora de abordar o transporte público é precisamente mellorar a mobilidade e tamén a accesibilidade ao transporte público.

PRESIDENCIA: Nalgún momento desta mañá se describiu a ausencia do Alcalde da cidade o Sr. Abel Caballero neste Pleno, a verdade que todo este goberno se sente moi orgulloso de que o Alcalde da Cidade, o Sr. Abel Caballero, nuns momentos tan importantes para o futuro de España, nuns dos momentos que se está a decidir sobre o futuro deste país que el participe de forma activa en todo o que está a pasar. Procedemos á votación.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.02.2016 (Rex. Nº 1325/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.3(23).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO DÚAS NOVAS CONEXIÓNS DIRECTAS ENTRE VIGO-MADRID, CON SAÍDA A PRIMEIRA HORA DA MAÑÁ E DA TARDE, COA

CONSECUENTE REDUCCIÓN DE TEMPOS DE TRAXECTO. REXISTRO PLENO 1327/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de febreiro de 2016, número 1327/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Desde o Ministerio de Fomento, a finais do mes de xaneiro do presente ano anunciouse a posta en marcha de dúas novas conexións entre Vigo e Madrid.

A sorpresa foi que ao coñecer os detalles destas dúas novas frecuencias non constituían un percorrido directo entre Vigo e Madrid, senón que comportaba unha escala intermedia en Santiago de Compostela, o que incrementaba o traxecto para os viaxeiros procedentes de Vigo en 15 minutos.

A política ferroviaria dos gobernos do PP sempre discriminaron á cidade de Vigo e son moitos os exemplos, pero esta nova decisión supón unha humillación para todos os cidadáns de Vigo.

Todos os sectores sociais da cidade reclaman liñas directas entre Vigo e Madrid, máis rápidas e un AVE por Cerdedo tamén directo e resulta que o momento de implantar novas frecuencias obrígase aos vigueses para ter que ir desde Madrid a Santiago de Compostela para volver a Vigo. É de todo punto inadmisibile e é unha clara mostra do desprezo a que se somete a esta cidade por parte do Ministerio de Fomento.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar ao Ministerio de Fomento a que estableza dúas novas conexións directas entre Vigo e Madrid, con saída á primeira hora da mañá e da tarde, coa consecuente redución de tempos de traxecto.”

DEBATE:

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Dende o mes de xaneiro de 2016 o Ministerio de Fomento ven anunciando a posta en marcha de dúas novas conexións ferroviarias entre Vigo e Madrid, dúas novas conexións que prometían en palabras do Ministerio revolucionar o transporte ferroviario a Galicia, a sorpresa foi que ao coñecer os detalles destas dúas novas frecuencias non constituían un recorrido directo entre

Vigo e Madrid senón que comportaban un claro retroceso cunha escala intermedia tendo que facer un enlace en Santiago de Compostela co conseguinte incremento do traxecto e dos tempos de viaxe para os pasaxeiros procedentes de Vigo de máis de 15 minutos, en consecuencia, unha noticia que puidera parecer unha mellora da oferta e dos servizos ferroviarios por parte do Ministerio supuxo un novo agravio, unha nova discriminación aos cidadáns/ás de Vigo, que están vendo como as novas conexións ferroviarias entre Vigo e Madrid empeoraron notablemente respecto á situación anterior, tanto en tempo de viaxe como no incremento do traxecto e dos horarios establecidos. E é que a política ferroviaria do goberno do Partido Popular tanto do Goberno Central como da Xunta de Galicia sempre marxinou, discriminou á cidade de Vigo e son xa moitos os exemplos que vimos ao longo destes últimos anos, pero é que esta nova decisión por parte do Ministerio de Fomento de conectar Vigo e Madrid a través de enlaces intermedios, obrigando aos cidadáns de Vigo a ir a Santiago de Compostela, ter que facer alí un transbordo tras unha hora de viaxe Vigo-Santiago de Compostela para coller o tren destino a Madrid supón non só unha marxinación senón unha humillación aos cidadáns e as cidadás de Vigo.

Un agravio máis que se une ao do tren hotel nocturno que incrementa notablemente as súas horas de viaxe, supón once horas de viaxe, con desviacións por León para desdobrase por Monforte, un traxecto que aumenta en máis de 82 minutos en sentido Vigo-Madrid e en máis de 111 minutos no traxecto de Madrid-Vigo, reitero unha humillación, un agravio aos cidadáns/ás desta cidade.

Tódolos sectores sociais da cidade demanda liñas de conexión directa entre Madrid e Vigo e é que a sociedade viguesa veu reclamando dunha maneira unánime durante os últimos anos a necesidade de que Vigo conte cunha conexión ferroviaria directa, fluída entre Vigo e Madrid, mediante unha liña de altas prestacións que permita o fluxo de viaxeiros e de mercancías máis rápido e que a través dun AVE por Cerdedo permita conectarse coa rede de alta velocidade do conxunto de España. Pois ben, sendo este o momento de abordar estes proxectos e implantar novas frecuencias directas que permitan dar resposta ás necesidades efectivas de mobilidade dos cidadás de Vigo, obrígase aos vigueses a ter que ir de Vigo a Santiago de Compostela, de Santiago de Compostela a Madrid ou ben nos traxectos de volta, de Madrid a Santiago de Compostela ter que facer un transbordo e unha

hora máis de viaxe de Santiago de Compostela a Vigo, e isto é o que denunciámos nesta moción, que consideramos dende o grupo municipal Socialista en todo punto inadmisíbel e unha clara mostra do desprezo, da humillación a que somete a esta cidade por parte do Ministerio de Fomento e da Xunta de Galicia a esta cidade.

É por isto, que dende o grupo municipal Socialista propoñemos a este Pleno a que o Ministerio de Fomento rectifique, corrixa o agravio e a discriminación que novamente se fai á cidade de Vigo, e que se establezan dúas novas conexións directas entre Vigo e Madrid, con saída a primeira hora da mañá e da tarde, coa consecuente redución efectiva dos tempos de traxecto de viaxe entre estas dúas cidades.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Imos apoiar o contido desta moción, agora ben, chámanos a atención que sendo esta a segunda moción que presenta o goberno municipal sobre o transporte ferroviario, as dúas traten exclusivamente sobre ao traxecto a Madrid, e que non estean a prestar máis atención as liñas de cercanías porque tamén están a ter múltiples problemas. Moitos traballadores/as que sempre volvían a casa en tren ao rematar a quenda da tarde das 10, no tren rexional que sería de Vigo-Guixar as 22:35 ata Santiago de Compostela con parada en tódalas estacións, viron como este servizo era suprimido. As asociacións de usuarios reclaman a volta desta ligazón con Santiago de Compostela con paradas en Redondela, Arcade, Pontevedra, Vilagarcía, Catoira, Pontecesures e Padrón e que sería barato e útil para tódolos usuarios e usuarias do Eixo Atlántico.

En sentido norte con saída de Vigo, incorporáronse servizos entre as 11:00 e as 13:00 horas, cousa que está moi ben, máis non se entende porque non se priorizou este aumento nas horas puntas, é dicir, auméntase servizos en horas val, elimínanse en horas punta, non hai servizo de proximidade entre as 7 e 8:50 saíndo de Vigo, en resúmen, os horarios incluso os sistemas de abonos parecen feitos para usuarios esporádicos que son minoría e deixan de lado aos usuarios frecuentes que son maioría no Eixo Atlántico. Por outra banda, a liña A Coruña-Vigo que entrou en funcionamento este sábado, os traballadores de Adif Pontevedra alertan dos perigos potenciais, por exemplo nos andeis de Arcade ao permitir a circulación de trens directos a 180 quilómetros por hora, e ademais esta liña entrou en funcionamento sen o sistema ERTMS xa tristemente celebre polos motivos que

todos/as coñecemos. O comité de empresa de Pontevedra critica que a estación de Urzaiz en Vigo nace con graves deficiencias estruturais en unidades, así como incluso de salubridade, así tras un investimento multimillonario os empregados/as están obrigados a situarse a pe do chamado plataforma técnica, o cal non foi rematado nas mesmas condicións que o resto da estación, así as cousas o comité de empresa censura que a celeridade para poñer en marcha o servizo obedece unicamente a motivos electorais. Redúcese o persoal permanente que atende as estacións, o que vai crear dificultades aos viaxeiros, recriminan que non exista servizo de autobús permanente entre as estacións de Urzaiz e Guixar Vigo, cando hai quen vai nun tren de ida nunha terminal e de volta noutra, ou que non haxa un abono mensual para os que usan aparcadoiros do Eixo Atlántico de forma habitual. Está ben que o goberno municipal estea preocupado polas conexións con Madrid, máis non está de máis lembrar que o transporte de proximidade e o que vertebrará un país. Presentar este acordo parece un pouco empezar a casa polo tellado, piden unha solución para unha liña de Madrid que está ben, que é positivo, pero aínda non temos resoltos problemas moito máis próximos.

Aínda así o acordo da moción é positivo e imos votar a favor.

SR. FIGUEROA VILA: Hoxe nos traen aquí unha moción que nós imos apoiar porque nos parece que é unha proposta coherente pero que loxicamente ten unha serie de matizacións importantes que temos que por en marcha, primeiro, que é o que vos tede din dos trens pois están dicindo unha verdade a medias, é dicir, non é certo o que vostedes contemplan senón que hai unha serie de cambios que dende o 1 de febreiro se puxeron en marcha coa entrada deses 98 quilómetros de vías de altas prestacións entre Olmedo e Zamora e que reduciu o tempo no traxecto aproximadamente en media hora. O tren que sae de Vigo as 8:49 horas chega a Madrid ás 16:60, agora tarda seis horas 15 minutos e o das 6:25 de Madrid a Vigo agora chéganos á cidade ás 22:14 horas, é dicir, cinco horas 49 minutos, o feito de que Renfe puxese o 1 de febreiro este cambio de horarios e programación, acurtou o tempo bastante, polo tanto é unha medida moi positiva, é certo que se manteñen tamén as tres viaxes que nos conectan directamente con Madrid, os Alvia e isto acábbase de reflectir e tamén a maiores aparecen sete combinacións diarias que nos poden facer chegar aos vigueses á capital de España, Madrid, polo tanto tamén

é positivo, nós non imos aquí a cuestionar quen fixo máis por conectar o AVE a través da alta velocidade con Madrid, pero creo que o tema da alta velocidade está perfectamente reflectido que hai unha serie de hemerotecas e de historia con relación ao apoio do AVE a Madrid e creo que a alta velocidade a Vigo ten un nome que se chama Ana Pastor, e que loxicamente durante os últimos catro anos desta lexislatura fixo unha serie de investimentos importantes do AVE a Galicia aproximadamente de 3.500 millóns de euros, o Eixo Atlántico aproximadamente uns 837 millóns de euros e dende logo, creo que isto se reflicte perfectamente nos medios de comunicación e queda patente en tódolos discursos da Ministra pero non só de palabra senón en documentos como o presuposto para o ano 2016 con respecto a Vigo, onde se contemplan aproximadamente uns 70 millóns de euros dende a estación de Vigo, Ourense-Vigo por Cerdedo, o Eixo Atlántico e investimentos noutros proxectos. Polo tanto, creo que o traballo da Sra. Pastor está perfectamente reflectido.

Pero tamén nos gustaría facer un pouco de historia, a hemeroteca nos di que un xornal do ano 1988 e o Sr. Caballero anuncia en Vigo que Galicia poderá contar con trens de alta velocidade, é dicir, no ano 88 dicía isto o Sr. Caballero, polo tanto que non se cumpriu, pero tamén se facemos referencia ao Sr. Caballero di “manteño o compromiso do AVE directo a Madrid para o 2012”, isto o dicía o 7 outubro do ano 2008, polo tanto compromisos incumpridos por parte do Sr. Caballero, pero a nós o que nos preocupa realmente a parte destas liñas que loxicamente melloran os traxectos con Madrid e os tempos tamén, pois falar do tema fundamental, o tema fundamental que lle queda ao AVE con Galicia é a variante importante para todos que é a variante por Cerdedo, creo que isto é fundamental e aquí se reflicte e queda reflectido nos Orzamentos do ano 2016, onde hai unha partida para desatascar este proxecto que é importante e que agora mesmo xa está en declaración de impacto ambiental dende o ano 2015 e que é importante que se recolla e que se reflicte no futuro porque nos imos seguir apoiando o trazado do AVE Vigo por Cerdedo porque é fundamental, pero creo que tamén a hemeroteca ao final nos fai entrar en razón a todos onde o 12 de xaneiro do ano 2016, este ano con motivo de por en marcha a estación Mayne e a Intermodal co cambio da Lei do solo co tema da supresión e da anulación do Plan Xeral, pois houbo unha xuntaza en Madrid onde estaba Fomento, Xunta de Galicia, Concello e onde estaban tódolos

representantes destas tres institucións, o Alcalde, a Conselleira e por suposto tamén a Ministra a Sra. Pastor, aquí falábase claramente da variante por Cerdedo e dicía que durante esta reunión tratouse a variante por Cerdedo que era fundamental e que había que entre todos poñer en marcha. Polo tanto, iso é o obxectivo fundamental que nós perseguimos dende o grupo municipal do Partido Popular que a variante por Cerdedo se poña en marcha e que poidamos concretar este proxecto que é fundamental para o futuro de Galicia e para o futuro de Vigo. Polo tanto, eu creo que aí é onde deberíamos centrar os nosos esforzos, que é importante as liñas do día a día pero tamén é importante que esta variante se poña en marcha e aquí se di claramente por parte da ministra que a variante por Cerdedo será irreversible.

Polo tanto, esperemos que o futuro do AVE pase por concretar esta variante e este trazado que para nós é o importante.

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: A verdade é que Sr. Figueroa confunde aos cidadáns cando se pon a falar de cuestións que non veñen nesta moción, pero permítame que lle clarexe algunhas cuestións, e é que o AVE a Cerdedo leva aparcado durante catro anos nun caixón, leva esquecido nun caixón catro anos de promesas que a Sra. Pastor ven facendo a esta cidade pero que a día de hoxe nada de nada sobre o AVE a Cerdedo, e a verdade é que estou convencida de que si esa infraestrutura se acaba facendo, serán os gobernos socialistas como xa os iniciamos, os que acaben cumprindo esas promesas do AVE por Cerdedo. Pero miren a moción que traemos a este Pleno fai referencia a un prexuízo que se lle está a facer aos cidadáns de Vigo, un prexuízo que se lle fai en tempos de traxecto e tamén en horarios dese traxecto entre Vigo e Madrid. En primeiro lugar porque se lles obriga a ir por Santiago de Compostela, se lles obriga a un transbordo en Santiago de Compostela a ter que facer unha hora de viaxe Vigo-Santiago de Compostela, en Santiago de Compostela ter que facer transbordo e unha vez que fan transbordo ter que esperar para coller unha conexión Santiago de Compostela a Madrid e iso é un agravio, un prexuízo que se lle fai a esta cidade, pero mire non só o dicimos e o reclamamos dende este grupo municipal Socialista, é que o din os cidadáns, un dos cidadáns de feito nunha desas múltiples denuncias, fala de que o AVE a Vigo é unha tomadura de pelo, e di para concluír “en definitiva cando Renfe e Adif falan de acercar Madrid e Galicia

pode que se estean referindo a Ourense ou como moito a Santiago de Compostela ou A Coruña, pero no que se refire a Vigo trátase dunha auténtica tomadura de pelo, e iso é o que é unha tomadura de pelo a esta cidade, unha verdadeira tomadura de pelo.

Aquí eu creo que temos moi claro cales son as intencións que ten o Goberno de España, a Sra. Pastor, cando discrimina e cando humilla a esta cidade novamente, sabe cal é intención? Inflar os datos que non existen de pasaxeiros en Santiago de Compostela, para xustificar o que? Para xustificar aí o AVE que si teñen directo e que si acurta tempos dende Santiago de Compostela a Madrid, e iso o fan con cifras, coa demanda que ven dende Vigo porque créanme que si inflan os datos cando obrigan aos cidadáns de Vigo ir dende Vigo a Santiago de Compostela en Santiago de Compostela hai que transbordar e dende aí novamente coller a conexión a Madrid, realmente vergoñento.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.02.2016 (Rex. Nº 1327/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.4(24).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A DERROGAR A LEI 27/2013, DE RACIONALIZACIÓN E SUBSTENTABILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL, ASÍ COMO OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1328/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de febreiro de 2016, número 1328/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr.

López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local veu a reformar a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, de forma que supuxo un ataque frontal á autonomía local e á súa capacidade de prestar servizos á cidadanía. Tamén á consideración que ata agora se tivo do municipio como goberno político, converténdoo nun mero xestor de decisións alleas. Os Concellos foron as administracións públicas que sufriron as políticas de austeridade máis agresivas e insolidarias.

A reforma exposta priva ás entidades locais das competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, así como noutras competencias: sanidade, consumo, igualdade, políticas de emprego, etc.

A nova Lei consagra unha visión exclusivamente economicista das funcións mesmas do Estado, e en especial das Entidades Locais, ao citar a estabilidade orzamentaria como principio reitor que debe presidir as actuacións de todas as Administracións públicas no canto de situar a atención nos cidadáns/as e a calidade na prestación de servizos no centro da reforma. Paradoxalmente, esta medida de suposto aforro establécese sobre a Administración Local, a única que se mantén sen déficit público en 2015 e as previsións ata 2019 sitúanse no 0,0 %.

Desde o principio, o PSOE opúxose frontalmente a esta reforma porque ataca e dana á raíz mesma do goberno municipal, recorta competencias aos concellos e abre o camiño á desaparición ou a privatización dos servizos sociais que prestan os concellos. O texto é, ademais, un ataque á Carta Europea de Autonomía Local. Tamén se opuxeron o resto dos grupos da oposición e alcaldes de toda España, incluídos moitos do Partido Popular. Por iso, presentouse un recurso de inconstitucionalidade contra esta Lei.

Igualmente, máis de 3.000 concellos de toda España, que representan a máis de 16 millóns de cidadáns e cidadás, presentaron un conflito ante o Tribunal Constitucional en defensa da autonomía local constitucionalmente garantida. Tanto os recursos presentados como o conflito exposto foron admitidos a trámite polo Tribunal Constitucional e están pendentes de tramitación e sentenza.

A crise económica expón novos retos para as entidades locais, retos que, unidos á necesaria derogación da Lei para a Reforma Local, abren un escenario que debe estar protagonizado polas propostas, o diálogo e o consenso político para resolver con eficacia os problemas que veñen arrastrando as entidades locais e cuxos primeiros afectados son os cidadáns e cidadás.

O principal obxectivo debe ser aplicar o principio de subsidiariedade. As entidades locais son as administracións máis próximas á cidadanía. Por iso, reforzar o seu carácter democrático e mellorar a súa capacidade para prestar servizos deben ser as prioridades. Para iso é fundamental a participación da cidadanía nas decisións máis importantes dos concellos, mediante mecanismos efectivos de participación.

A segunda característica ha de ser a transparencia. A cidadanía necesita saber de forma clara que fai a administración que teñen máis próxima. Só así se poderá xulgar e controlar aos gobernos locais e aos seus representantes con responsabilidade. O terceiro trazo é a suficiencia orzamentaria. Desde hai moito tempo os nosos concellos necesitan unhas competencias claras e uns ingresos suficientes para levalas a cabo. Só unha administración que atende aos seus cidadáns e cidadás é unha administración útil.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar o Goberno do Estado a adoptar urxentemente as medidas necesarias para:

- Derrogar a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Aprobar unha Lei de Réxime Local que reforce a autonomía local, que garanta un sistema de financiamento estable e proporcional a unhas competencias ben definidas dos entes locais e aquelas que non sendo propias, previo convenio, poidan desenvolverse sen comprometer a estabilidade orzamentaria con garantías de control e transparencia da xestión pública.
- Impulsar, desde o consenso, unha nova lei de Facendas Locais que dote de estabilidade, rigor e recursos as competencias asumidas polas entidades locais, de forma coordinada coa do financiamento autonómico, definindo con claridade a participación das facendas locais nos tributos do Estado (PIR) e nos das Comunidades Autónomas (PICAs)."

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Cando regrese o Alcalde esta tarde xa lle daremos saúdos de todos vostedes e lle diremos o moito que se lembraron vostedes do Alcalde no Pleno, o Sr. Rajoy non necesita ningunha axuda, non fai falla que vaia ningún de vostedes a axudar ao Sr. Rajoy.

Traemos esta moción polo momento político que vivimos, hoxe máis que nunca é necesario reafirmar o lugar que debe ocupar a administración local, é verdade que o fixemos moitas veces, pero hoxe se se quere e como dicía anteriormente é máis necesario que nunca. Os catro anos de goberno do Partido Popular foron un desastre, todo o mundo o sabe, de feito hoxe é palpable o rexeitamento

xeneralizado que ten o Partido Popular, ninguén en España quere que o Partido Popular repita, pero falando da administración local tamén sufriu estas políticas negativas do Partido Popular durante catro anos, esa austeridade que tanto dano fixeron a tódolos cidadáns tamén se aplicou precisamente á administración local, precisamente a administración que mellor funciona, precisamente a administración que non ten déficit, e a Lei de administración local do Partido Popular, esta que pretendemos derrogar, supuxo o maior ataque á autonomía local, e tamén a súa capacidade de prestar servizos á cidadanía. Os concellos sufriron esa política de austeridade na súa parte máis agresiva e insolidaria, esta reforma do Partido Popular privou e priva aos concellos de competencias en políticas sociais, precisamente aquelas que funcionaron nos concellos, aquelas que fixeron ao Concello de Vigo precisamente a bandeira, o estandarte e precisamente o Concello que mellor e de forma máis completa abordou estas necesidades que tiñan os cidadáns.

A reforma do Partido Popular e esta lei fíxose como sempre dende o Partido Popular única e exclusivamente con criterios economicistas, sen pensar precisamente nas persoas, esas das que vostedes fan mención ás veces pero que cando se trata de legislar e cando se trata de actuar en política, vostedes non se lembran dos que están máis afectados pola crise.

Cando promulgaron esta Lei coa súa maioría absoluta, esa que hoxe rexeita todo o mundo, falábase dun suposto aforro para xustificar precisamente ante a Unión Europea, inclusive meteron por medio a redución de concelleiros demonizando o que cobraban uns, o que cobraban outros e querendo facer políticas como a Sra. Cospedal.

Precisamente nesa Lei o paradoxo maior era que se argumentaba a estabilidade presupostaria, precisamente sobre a administración que respecta o déficit, nada comparado, o que fan as administracións locais co incremento do déficit do Sr. Rajoy que xa está por enriba do 100% do PIB, nada comparado tampouco coa indisciplina das comunidades autónomas, que vostedes dende o Partido Popular fomentaron e consentiron, fronte a isto o Partido Socialista opúxose dende o primeiro momento a esta reforma, por moitos motivos que xa din anteriormente pero tamén por un básico e é porque esta Lei supón privatizacións, creo que sinceramente é unha das maiores razóns ou a única razón para promulgar esta lei,

fronte a esta Lei houbo un recurso de inconstitucionalidade que nin máis nin menos estaba avalado e está avalado por 3.000 concellos en representación de 16 millóns de cidadáns, pero é que, e vostedes sábeno, tamén estaban alcaldes do Partido Popular, a administración local como propoñemos ten tres novos retos, os tres retos son ese principio de subsariedade que nos permitirá mellorar a capacidade de prestar servizo, unha transparencia que se necesita e que algúns aplicamos dende sempre e todo isto, Sr. Fidalgo por moito que sorría, coa suficiencia presupostaria necesaria de ser precisamente o primeiro concello con débeda cero.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos obviamente de acordo con esta moción porque a parte non é a primeira vez que chega a este Pleno unha moción pedindo a derogación desta Lei, pedindo sobre todo o que supón de atrancos á autonomía local e sobre todo porque supón unha regresión sobre un consenso ou consenso histórico de avanzar cara a autonomía dos concellos, o que nos lle chamamos o municipalismo e que efectivamente esta lei tirou abaixo. Nós si que temos algunhas preocupacións, non polo contido desta moción coa estamos de acordo como non podería ser menos, eu milito nunha forza que tamén é unha das forzas que recorreu ante o Constitucional, os concelleiros e a vicepresidencia da AFEM, que é a miña forza política, nos temos manifestado conxuntamente para a derogación desta lei, pero si que é certo que esta Lei require un cambio de goberno, niso estamos de acordo, unha lei que require unha maioría social progresista sexa capaz de tombala, e nós si que temos preocupación polo contido do pacto entre o Partido Socialista e Cidadáns que nalgúns partes pon en solfa o que se introduce nesta moción, si é certo que ese pacto fala da derogación da Lei, pero introducindo a “coletilla” sempre en consecuencia cunha defensa moi pechada da estabilidade orzamentaria, é máis, o pacto entre o Partido Socialista e Cidadáns introduce nos criterios que sobre todo teñen que ver coa Unión Europea que logo foron trasladados a Lei 2/2012, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, eses criterios introdúcense nese acordo e dise “manter un firme compromiso coa estabilidade orzamentaria e o cumprimento dos pactos de estabilidade e crecemento da Unión Europea”, os pactos de estabilidade e crecemento da Unión Europea son os que consignaron determinadas políticas ao longo deste anos, os que teñen que ver co financiamento autonómica, pero tamén

son parte substancial do que xustificou esta Lei, e polo tanto, ter un acordo cun partido de dereitas, a veces rozando a ultradereita como Cidadáns, que di que a estabilidade orzamentaria e o PEST hai que mantelos si ou si, vulnera un contido moi importante desta moción que nos estamos de acordo, que “a nova lei consagra unha visión exclusivamente economicista das funcións mesmas do Estado, en especial das entidades locais ao citar a estabilidade orzamentaria como principio reitor que debe presidir as actuacións de tódalas administracións”, isto o están vostedes asinando con Cidadáns nun acordo. Nesta lei dise que a estabilidade orzamentaria non ten que ser o principio reitor pero non seu acordo de Cidadáns, asumen que a estabilidade orzamentaria, por certo, se cita en moitas partes do documento, teñen que ser case unha consagración xurídica de calquera actuación das administracións públicas. Polo tanto, nós estamos de acordo, esperemos que se ese acordo de Goberno, vostedes falan de investidura, pero un acordo bastante completo que se podería considerar de goberno, esperemos que desapareza tamén ese criterio de estabilidade orzamentaria para traballar nas administracións públicas, porque estaremos consagrando tamén este tipo de leis que o que están a facer e acabando cos concellos no noso país. Polo tanto, si que consideramos que sería bo que esta moción lla trasladara aos posibles socios de Cidadáns, dicindo que non están de acordo con ese criterio de estabilidade orzamentaria e de déficit cero e todas estas políticas neoliberais que se introduciron dunha maneira secuencial a partires do ano 2012, 2013 con suficiente leis e nós pensamos que estando de acordo con esta moción deberían clarexalo tamén nos acordos que se subscriben no Congreso dos Deputados ante posibles configuracións de goberno que van ser os que sexan capaces de tombar esta lei anticoncellos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Esta mesma moción, Sr. Font, debateuse o día 30 de novembro no Pleno, podemos volver a debatela tódalas veces que queiran pero o noso voto vai ser un pouco o mesmo, eu creo que a súa posición se que cambiou con respecto ao 30 de novembro porque visto o pacto con Cidadáns, visto tamén a reforma do artigo 135 da Constitución que fixo o Sr. Zapatero no seu día para introducir o principio de estabilidade orzamentaria, non entendemos moi ben ese dobre linguaxe e esa demagogia que utiliza sempre o Partido Socialista, parecer os santos e logo vir aquí a dar leccións de socialismo e de esquerdas.

Dende o Partido Popular de Vigo que é o mesmo Partido Popular que o de Galicia e que o de España, cousa que non poden dicir vostedes, cremos que foron as reformas do Goberno do Sr. Rajoy, as que conduciron a España a abandonar a recesión que nos trouxo o Partido Socialista e o Goberno do Sr. Zapatero, foron as leis como a de Racionalización e Substentabilidade da Administración Local as que permitiron manter a prestación dos servizos públicos dos concellos en épocas de crise e por iso, é moi lamentable este discurso catastrofista, demagóxico e sen ningunha base real que seguen mantendo vostedes sobre este asunto.

Sr. Font, vostede dicía en novembro disparates como que de non derogarse esta lei antes do 31 de decembro, nos íamos atopar co caos mundial, dicían que terían que pechar os comedores escolares, que nos teríamos que ver privados do servizo de Axuda no Fogar, das axudas de vivenda, das axudas a mercadorías e alimentación, que non habería programas de respiro familiar, non habería programas de maiores nin centros de día, que non se podería prestar o servizo de teleasistencia, que non habería programas de formación e emprego, que o Albergue tería que pechar, o Albergue privatizado tería que pechar, que non se podería atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero, que había que pechar as escolas infantís e os comedores escolares, dáse conta do absurdo dos disparates que dicía o día 30 de novembro? Vostedes ademais no 30 de novembro nos dicían que nós eramos os que faciamos demagogia. Ao final Sr. Font quen tiña razón? Vostedes ou nos? Dáse conta, non? É unha mágoa que non estea aquí o Sr. Alcalde, que este a máis preocupado de ir a unha reunión do Partido que de asistir ao Pleno do Concello, sobre todo tendo en conta o esforzo que fixo a señora concelleira, Sra. Lago, que se veu dende a Laponia a asistir a este Pleno a facer un esforzo, o cal a felicitamos non só por vir, que estará cansada, nótaselle un pouco cansada, pero veu e fixo o esforzo porque ten unha obriga cos cidadáns de Vigo, non como o Alcalde e a Sra. Silva que están en Madrid na Federal do Partido Socialista dando o para ben a este acordo para un goberno reformista e de progreso, 65 follas, que o que fan ao final é cargarse ás Deputacións, ao final a Sra. Silva vai ser o Partido Popular o que lle vai salvar o cargo á Sra. Silva.

O que lle dicíamos o 30 de novembro, e llo seguimos dicindo, é que a lei xa contemplaba que non entraría en vigor ata que houbera un novo financiamento autonómico e municipal, eu creo que está claro Sr. Font, se quere llo repito pero

creo que está claro. Tamén lle falabamos do informe da avogacía do Estado, da disposición transitoria primeira e segunda e da disposición adicional décimo quinta e da lei autonómica que na súa disposición adicional carta poñía claramente que se seguirán prestando os servizos sociais en tanto non haxa un novo sistema de financiamento, e ademais é isto o que pedira a FEMP, unha moratoria na aplicación da reforma local.

Isto é así, Sr. Font, se non lles gusta terán que esperar ao pacto con Cidadáns a ver se o cambian, os cambios van na dirección do Partido Popular.

SR. LÓPEZ FONT: Vésolles moi preocupados pola alta política, sabe cal é a conclusión? Que Vigo hoxe está na política nacional, que Vigo hoxe ten influencia, que o Alcalde de Vigo é coñecido e ten a súa voz dentro do que é a política do Estado, e cando esta cidade tivo Alcalde e Alcaldesa do Partido Popular, Vigo non pintaba nada no panorama nacional, isto é así, nin no panorama galego, gracias aos meus compañeiros que mo apuntan por detrás, polo tanto, o Alcalde hoxe está a defender os intereses desta cidade, pero está a facer a política que tódolos cidadáns reclaman de que vostedes non volvan a gobernar.

Reafírmome no que dixen o 30 de novembro, o problema e o seu descoñecemento, o problema é que o que está a dicir que a FEMP propoñía é absolutamente falso, a FEMP propoñía a derogación da lei e o que tivo que facer o Secretario do Estado, que fíxense como funcionan vostedes a nivel de Goberno, un secretario de estado lle manda unha carta ao Presidente da FEMP dicindo, non vai entrar en vigor a lei, claro que era o caos, Sra. Muñoz convén que se lea ben as normas, porque vostede a parte de ler fenomenal o informe que privatizou o hospital de Vigo, o resto das normas confunde un pouco.

Aquí non hai dobre linguaxe, aquí a Lei de administración local é un auténtico caos, e todo o que dixo o Sr. Fidalgo é absolutamente falso porque é totalmente certo o que estando en vigor esa lei non poderíamos ter servizos sociais, non poderíamos ter Albergue, Teleasistencia, e fíxense a chapuza que significa o que un secretario de estado cun escrito diga se se aplica ou non se aplica unha lei.

Polo tanto, leccións de darnos vostedes a nós, de esquerdas, claro que si, e afortunadamente esta cidade leva oito anos con políticas de esquerdas e en oito anos o Alcalde de Vigo fixo valer o peso desta cidade e algo moi importante,

atendeu aos que máis o necesitan, aos que vostedes durante catro anos negaron melloras fiscais, laborais, na lei de dependencia e vostedes son os únicos concelleiros que teñen que pasar en Galicia polo bochorno dun hospital privado, vostedes, os trece que estaban antes e os sete que están agora, vostedes foron coellos de indias do Sr. Feijóo porque non hai outro hospital privatizado en Galicia, esas son as súas políticas sociais.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.02.2016 (Rex. Nº 1328/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.5(25).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA QUE A LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DA PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO TEÑAN EN CONTA AS CANTIDADES GLOBAIS RECADADAS NOS IMPOSTOS E EXERCICIOS SOBRE OS QUE SE FAI O CÁLCULO INICIAL, INCLUÍNDO AS RECADADAS COMO CONSECUENCIA DA LOITA CONTRA O FRAUDE FISCAL. REXISTRO PLENO 1329/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de febreiro de 2016, número 1329/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

A Axencia Estatal de Administración Tributaria ven de facer públicos os datos relativos ás actuacións de loita contra o fraude fiscal. Os ingresos por esta materia ascenden a 15.664 millóns de euros, o que supón un aumento do 27% respecto a los 12.318 millóns recadados no ano anterior (2014). Esta cifra, representa un 1,5% do PIB, e deriva das actuacións realizadas polo Estado para perseguir o engano no pago de impostos e contra a economía somerxada en España

Entre os impostos comprobados se atopan o IRPF, o Imposto sobre Sociedades, o IVE, os Impostos Especiais. Unha parte da recadación destes impostos lle corresponde ás Facendas Locais, xa sexa pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) ou pola porcentaxe que na recadación territorializada lle corresponde aos Municipios de Gran Poboación.

E de xustiza, pois, que esta recadación adicional derivada da loita contra o fraude lle corresponda, tamén, aos municipios posto que son a Administración que maiores esforzos veu realizando durante estes anos de axuste derivados da crise económica, a Administración Local, que é ademais a máis cercada as necesidades da cidadanía.

Ademais, o Ministerio de Facenda ven recalculando as contías que lle corresponden aos municipios pola Participación nos Ingresos do Estado, co resultado de obrigar aos Concellos a facer unha devolución das cantidades percibidas inicialmente, o que se cifra nunha menor disposición de fondos do Estado.

O Concello de Vigo percibe, neste ano 2016, un menor importe na Participación nos Ingresos do Estado pero estas cantidades non contemplaron o efecto derivado das actuacións de loita contra a fraude fiscal.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar ao Ministerio de Facenda do Goberno de España para que a liquidación definitiva da participación nos ingresos do Estado teña en conta as cantidades globais recadadas nos impostos e exercicios sobre os que se fai o cálculo inicial das cantidades que deben de terse en conta á hora de elaborar os Orzamentos Xerais dos Concellos e, deste xeito, se incremente a capacidade de financiamento das Facendas Locais.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: O motivo desta moción é solicitar o cumprimento por parte do Ministerio de Facenda da normativa en vigor, no relativo a que as cantidades percibidas pola participación nos ingresos do Estado e pola recadación territorializada que lle corresponde aos municipios de gran poboación como é o caso de Vigo, teña en conta estas cantidades adicionais que se derivan da recadación das actuacións contra a loita contra o fraude fiscal.

Recentemente a Axencia Tributaria ven de facer públicos os datos relativos á recadación derivada da loita contra o fraude fiscal, os ingresos por esta materia ascenden a máis de 15.000 millóns de euros, o que supón un incremento de máis do 27% respecto do ano anterior. Esta cifra hai que ter en conta que representa máis do 1,5% do PIB e deriva das actuacións realizadas polo Estado, neste caso pola Axencia Estatal de Administración Tributaria para perseguir o engano no pago nos impostos, é dicir, a loita contra a economía somerxida en España, polo tanto, tratase de cantidades que tratan de ser ocultadas ao fisco e que xeran que os que cumprimos cos impostos teñamos que pagar máis cantidade da debida para precisamente cubrir esta falla de ingresos dos que tratan de enganar á Facenda Pública.

Entre este impostos atópanse algúns como o Imposto das Rendos das Persoas Físicas ou imposto sobre sociedades, pero fundamentalmente o IVE ou os impostos especiais que funcionan como nunha especie de foto fixa posto que as liquidacións que fai o Ministerio de Facenda non ten en conta estas recadacións tradicionais, baséanse as recadacións en datos estatísticos de consumo ou ben en datos anteriores de recadación, polo tanto do que se trata con esta moción é instar ao Ministerio de Facenda a que cumpra co disposto na lei e que teña en conta estes máis de 15.000 millóns de euros adicionais recadados no ano anterior por parte da Axencia Estatal de Administración Tributaria, trátase de que cumpra con esta recadación adicional, con este aporte adicional ás entidades locais que son as administracións que máis preto están dos cidadáns e que máis e mellor cumpriron neste tempo cos obxectivos legais de estabilidade e de atención aos cidadáns.

Polo tanto, trátase de que ese esforzo que fixemos as administracións locais se vexa tamén recoñecido con estas maiores cantidades adicionais que tería que desembolsar o Ministerio de Facenda, isto é importante porque nestes últimos anos

o Ministerio de Facenda ven recalculando as contías que lle corresponden aos municipios pola participación nos ingresos do Estado e o resultado disto é que a maioría dos concellos teñen que facer unha devolución das cantidades percibidas inicialmente, polo tanto, isto trata de compensar esa menor recadación, ese menor aporte de ingresos que percibimos os concellos, basta sinalar que o Concello de Vigo cumpriu con esa devolución xa, e que viña obrigada polo Ministerio de Facenda no pasado mes de novembro e que outros concellos de Galicia están precisamente en plans especiais de pago para facer fronte a esa devolución neste período 2016. Vigo, insisto, xa o fixo no momento oportuno, no mes de novembro, sen acudir a recursos externos e facéndoo coa súa propia Tesourería e polo tanto, cumpriu adecuadamente con este obriga, pero, insisto, hai que ter en conta que estas cantidades adicionais deben ser sumadas e deben ser recalculadas correctamente por parte do Ministerio de Facenda para evitar estes xogos de devolución e menores achegas por parte do Estado. Isto é así porque neste ano 2016 o Concello de Vigo, igual que tódolos concellos de España, percibe menos cantidade dos ingresos do Estado porque precisamente non se teñen en conta estas bolsas adicionais de fraude fiscal que afortunadamente son descubertas por parte dos órganos da administración tributaria. Trátase polo tanto de que o sistema funcione, de que o sistema se base en que todos contribuímos ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa nosa capacidade económica e cumprindo adecuadamente coa normativa legal existente, polo tanto, que non hai fugas de impostos e que as cantidades que lle corresponden aos concellos sexan correctas, e que o Ministerio de Facenda cumpra adecuadamente coa obriga de trasladar aos concellos as contías suficientes para que os concellos fagan as políticas municipais que teñan encomendadas.

SR. PÉREZ CORREA: Nos imos apoiar esta moción, a verdade é que eu pensei que era unha moción xeral do Partido Socialista pero non, nos parece bastante ben proposta, a parte parécenos unha iniciativa moi interesante, incluso para trasladar politicamente en ámbitos que non sexan deste Concello, non sei se isto forma parte dunha proposta do propio concelleiro, si que é interesante, solventaría unha parte substancial dese desequilibrio que se está a dar no que finalmente se liquida da participación dos imposto do Estado, subxace unha parte das demandas históricas

de esquerda, de mellorar o financiamento dos concellos e sobre todo pon en valor unha cuestión que é moitas veces esquecemos as administracións públicas, que practicamente o 24% do PIB, é dicir, máis da suma de toda a nosa industria e de todo o noso sector agrícola neste país é fraude fiscal, puro e duro, cando non é evasión fiscal a outros países, nós estamos de acordo e pensamos que é interesante que na administración xa que supostamente, dicimos supostamente porque só se está a recadar o 1,5% do PIB no Estado, cando hai case unha bolsa de 88.000 millóns anuais de fraude fiscal, é certo que gran parte dese fraude fiscal fano as grandes industrias, nun sistema a parte de denunciálo sistematicamente con ese conglomerado industrial e moitas veces de grandes compañías que se facturan entre elas mesmas, entre partes dunha mesma estrutura de compañía, iso xa está a ser investigado polo propio Ministerio, nós pensamos que sería interesante que sexa unha fonte de financiamento. Ben é certo que algúns concellos sabendo que existe no seu ámbito pois digamos que ese fraude fiscal menor que son os impagos que se dan nas tributacións locais, algúns concellos como Sevilla, Palma de Mallorca, Santa Cruz de Tenerife, dentro das súas oficinas de recadación xa están a crear plans de loita contra o fraude fiscal, algúns concellos como o de Sevilla leva case 80 millóns recadados por esa vía, non sei se tamén sería bo que propuxeramos a posibilidade dun plan de loita contra esa pequeno fraude fiscal que se da tamén nas administracións locais e que as axencias de recadación tamén tiveran eses plans, digo por analoxías a outros concellos deste país que está a funcionar xa ese seguimento de fraudes que teñan que ver sobre todo co ICIO, co imposto de obras, co que ten que ver co IBI e que está a dar algúns froitos interesantes. Nos estamos de acordo, ben é certo que parte deses recursos hai que adicalos a engrandecer o sistema de control, é dicir, o sindicato de inspectores e técnicos de Facenda, GESTHA, leva moitos anos demandando máis recursos para facer eses famosos peiteados, esas visitas que se fan ás empresas, ás industrias, case 21.000 dentro deste plan sorpresa para pedir os libros de contabilidade de moitas industrias pequenas e grandes, e nós pensamos que tamén unha parte importante deses recursos teñen que ser para que administración tributaria teña máis inspectores de facenda, capacidade executiva dos técnicos que é algo que levamos moitos anos demandando pero nos parece unha vía interesante para que non haxa ese agravio comparativo logo de

devolucións da participación da administración local nos impostos do Estado, pero si que consideramos que xa que hai unha parte equivalente do PIB que ten que ver con esta actividade fraudulenta, os concellos no momentos en que se recada e se consolida deberíamos tamén de participar de maneira análoga no que logo se nos transfire para soste os servizos públicos.

Polo tanto, estamos de acordo coa moción.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar, dicir Sr. Aneiros que nós non temos ningún inconveniente en debater aquí o que queiran pero sinceramente pensamos que non se pode confundir o Pleno de Vigo con outro lugar, e o lóxico é que no Pleno de Vigo se debatan asuntos de Vigo como o urbanismo da cidade, como a cultura, o deporte, o turismo, comercio, educación, emprego, etc. de Vigo e non confundir este Pleno con Pleno da Federación Española de Municipios e Provincias. Sr. Aneiros, as súas razóns terá, ao mellor o Alcalde lle ordenou que debatera esta moción aquí, seguramente lle poderá dicir agora que está en Madrid que foi todo ben, chámeo e dígalle que foi todo ben, a moción foi ben, o Partido Popular e a Marea de Vigo votáronnos a favor, así que segue negociando con Sr. Albert Rivera a investidura falida do Sr. Sánchez, pero aquí as cousas seguen ben, non notamos a súa falla.

Si que nos molesta que se utilice o Pleno de Vigo como coello de indias para logo o Alcalde nos seus Plenos ou Xuntas de Goberno da FEMP presumir das cousas que leva tan interesantes no Pleno municipal.

Sobre o asunto que nos propoñen, a primeira impresión que reflicte é que os instrumentos e as políticas do Partido Popular contra o fraude fiscal están a funcionar porque se recada moitos máis, cada ano 15.600 millóns recadados no 2015, que supoñen un 27% máis que no 2014, entendo e compartimos o que vostede propón, o que di na súa moción que ven a dicir que xa que este traballo do Partido Popular está a incrementar os ingresos, este traballo contra a economía mergullada e o fraude fiscal do Partido Popular está aflorando unha serie de ingresos, pois que tamén nos beneficiemos os concellos deses ingresos que a maiores afloran, visto así parece lóxico é por iso o vamos apoiar, imos a votar a favor, pero todo o mundo ten que saber por tanto cal é unha gran parte, un terzo, dos presupostos municipais de onde veñen, porque di que o Goberno de España

marxina aos concellos, e ao Concello de Vigo, pero hai que dicir á xente que gran parte deses ingresos veñen do Goberno de España, do IRPF, do IVE, do imposto de sociedades e dos impostos especiais que se recadan en Vigo. A modo de curiosidade pódese consultar na páxina web do ministerio os últimos datos dispoñibles, para o ano 2016 estas transferencias do Estado en función dos impostos recadados en Vigo supoñen 75 millóns de euros, case 12 millóns en concepto de impostos cedidos, 5,5 millóns por IRPF, 4,6 millóns por IVE, 66.000 euros por alcohol, 21.000 euros por cervexa, 595.000 euros por tabaco, 974.000 por hidrocarburos e 63 millóns do fondo de complemento de financiamento.

Hai outras cuestións que di na súa moción no que non podemos estar de acordo, que di que os concellos son os que maiores esforzos e axustes fixeron con motivo de crise, non, non foron os concellos, foi toda a sociedade española, non foron os concellos, non se crean vostedes o embigo do mundo. Tampouco podo estar de acordo no que dixo de que estas previsións se fixeron sempre, se fixeron mal cando gobernaba o Sr. Zapatero porque o Sr. Zapatero negaba a crise e facía unhas previsións que non eran realistas, co cal agora lle temos que devolver ao Estado parte deses cartos que nos adiantou no seu día. Sinceramente a min non se me ocorre mellor maneira de calculalo, igual vostede que é un digno insigne profesor universitario e padriño de tantas promocións nos poida dicir outra cousa.

SR. ANEIROS PEREIRA: Mire Sr. Fidalgo, se falar do financiamento deste Concello non é falar de asuntos que interesen a toda a cidadanía, que interesen a esta cidade, apaga e ímonos e por suposto está vostede dando razón ao que xa dixo o voceiro deste grupo e que Vigo ten presenza máis aló desta cidade, inflúe evidentemente na FEMP, en Galicia, claro que si porque o que aquí pensamos, analizamos, estudamos tamén é trasladable a outros concellos de Galicia e do resto de España, polo tanto non estamos a facer nada extraordinario, estamos atendendo ao que ten interese, primeiro, para Vigo e despois para o resto de Galicia e para o resto de España, polo tanto, estamos a tratar temas de moito interese, fíxese se é de interese que vostede nesa suma de cifras que de todo o que dixo non suma 75 millóns, vou regalarlle unha calculadora para que me recalcule esas cifras, é tan relevante o que temos hoxe aquí que cada mes o Concello de Vigo percibe case que un millón de euros menos do Ministerio de

Facenda, iso é o relevante.

Por confirmarlle outra cousa, o Alcalde non ordena, o Alcalde dirixe, coordina este grupo e respecta o traballo que facemos os concelleiros/as deste grupo municipal, polo tanto, non me sinto aludido con esas cuestións.

Se trata de manter a xustiza tributaria, facer que todos contribuamos de acordo coa lei, que todo o mundo pague os impostos que ten que pagar, que non haxa falsas amnistías fiscais que permiten que aqueles que non pagaron se escapen do control do fisco, iso é o que pretendemos e que esa loita contra o fraude fiscal reverta en beneficio dos concellos, que somos a administración máis próxima aos cidadáns, os concellos que prestamos servizos, que avogamos o que outras administracións non fan, as bolsas de comedor, as bolsas de inglés, que mantemos un albergue público, claro que si, que axudamos ao deporte, claro que somos nos os que facemos todo iso.

Sr. Pérez, claro, a administración municipal funciona, e xa dende hai anos ten un plan local de loita contra o fraude fiscal neste ámbito, no seu ámbito de competencias que é administración local pero non é un plan de loita contra o fraude fiscal só, senón que é un plan que pretende informar aos contribuíntes das súas obrigas e axudarlles a cumprir coas súas obrigas precisamente para aqueles que non teñan medios, que non coñecen exactamente a normativa poidan cumprir e poidan evitar digamos situacións duras, como poden ser o embargo das súas contas ou dos seus vehículos, polo tanto, non só se loita contra fraude senón que tamén se axuda aos cidadáns a cumprir convenientemente, acabo de asinar o plan de loita contra o fraude fiscal no ano 2016 neste concello, polo tanto se aplica a normativa.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.02.2016 (Rex. Nº 1329/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta

transcrito nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

Non houbo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

Non houbo.

1.3(26).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 27.01.2016, REFERENTE Á MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL DO 20.07.15, DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES EN FUNDACIÓNS E EN DIVERSOS ÓRGANOS E ENTIDADES PÚBLICAS (IFEVI). EXPTE. 62/1102 (REXISTRO PLENO 1314/1101).

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 27 de xaneiro de 2016, que di o que segue:

“2.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA X. GOBERNO LOCAL DO 20.07.15, DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES EN FUNDACIÓNS, EN DIVERSOS ÓRGANOS E ENTIDADES PÚBLICAS - (IFEVI).

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do Excmo. Alcalde, do 27.01.16, que di o seguinte:

Con data 20/07/2015, a Xunta de Goberno Local acordou designar como representante municipal no Padroado e no comité Executivo do Instito Feiral de Vigo” IFEVI, o seu alcalde, D. Abel Caballero Álvarez.

Por cuestión organizativas resulta necesario proceder á modificación do dito a cordo, polo que de conformidade co sinalado no art.127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da

Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

De conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de Patrón da Fundación "Instituto Feiral de Vigo" (IFEVI), actuará no Padroado e no Comité Executivo da mesma, a través do concelleiro-delegado de Xestión Municipal D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado, ao Instituto Feiral de Vigo (IFEVI), e dar publicidade do mesmo a través do Portal de Transparencia do Concello de Vigo e así mesmo ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que realice. O presente acordo entrará en vigor dende a data da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no BOP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe."

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

1.4(27).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 3.02.2016, REFERENTE Á DELEGACIÓN NO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE FOMENTO, LIMPEZA E CONTRATACIÓN DO SEGUIMENTO PARA A NOVA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS. EXPTE. 64/1102 (REXISTRO PLENO 1324/1101).

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 3.02.2016, que di o que segue:

"Por Resolución desta Alcaldía de data 19 de xuño de 2015 levouse a cabo a estruturación das Áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos Sres/as Concelleiros/as do goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude de dita resolución foi creada entre outras a Área de Fomento, Limpeza e Contratación, dixida polo Concelleiro Delegado da Área, membro da Xunta de Goberno Local e 2º Tenente de Alcalde, D. David Regades Fernández, atribuíndoselle a dirección, xestión, organización, planificación e coordinación da actuación na Área co fin de acadar os obxectivos previstos.

Existindo unha serie de proxectos ou asuntos determinados que pola súa natureza, carácter transversal e interrelación con outros asuntos requiren dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais, que en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía ex artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

RESOLVE

Primeiro.- Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza, Contratación e 2º Tenente de Alcalde, D David Regades Fernández, tódalas atribucións precisas, para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tratamitación e execución necesarias para a nova contratación do servizo de limpeza de colexios

Segundo.- Para os efectos da presente delegación utilizaranse os créditos necesarios dentro do programa de gasto 3230 (funcionamento de centros docentes de e.), sen prexuízo da modificación que sobre os créditos orzamentarios inicialmente previstos ou outras cuestións dos mesmos puidera efectuarse para garantir a correcta execución do proxecto.

Terceiro.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.”

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

1.5(28).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 3.02.2016, REFERENTE Á DELEGACIÓN NO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE

XESTIÓN MUNICIPAL, PERSOAL, PATRIMONIO E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO SEGUIMENTO DAS OBRAS E INSTALACIÓNS DO INMOBLE DO “AUDITORIO MAR DE VIGO” PARA A IMPLANTACIÓN DA UNED. EXPTE. 64/1102 (REXISTRO PLENO 1234/1101).

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 3.02.2016, que di o que segue:

“Por Resolución desta Alcaldía de data 19 de xuño de 2015 levouse a cabo a estruturación das Áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos Sres/as Concelleiros/as do goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude de dita resolución foi creada entre outras a Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, dirixida polo Concelleiro Delegado da Área, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, atribuíndoselle a dirección, xestión, organización, planificación e coordinación da actuación na Área co fin de acadar os obxectivos previstos.

Existindo unha serie de proxectos e asuntos determinados que pola súa natureza e carácter transversal requiren dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais, que en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía ex artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

RESOLVE

Primeiro.- Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias para a realización das obras e instalacións precisas para a adecuación do inmoble alugado no Auditorio Mar de Vigo coa finalidade da implantación da Universidade Nacional a Distancia.

Segundo.- Para os efectos da presente delegación utilizaranse os créditos necesarios dentro do programa de gasto 3231 (promoción educativa), sen prexuízo da modificación que sobre os créditos orzamentarios inicialmente previstos ou outras cuestións dos mesmos puidera efectuarse para garantir

a correcta execución do proxecto.

Terceiro.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.”

DEBATE:

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Que ausencias significativas ademais do Alcalde, é a do Sr. Pardo, gustaríame que estivera aquí para poder falar con el, en todo coso nós o que queremos saber é por que hai está delegación de competencias, a que ven isto, que obras se van facer no Auditorio, cando custan esas obras? E non nos esquecemos da moción que presentamos o outro día, que se aprobou con seus votos a favor, non nos esquecemos de que hai 13 millóns de euros hipotecados no Auditorio, nunha concesión e nun concurso que nós cremos que non está feito da forma totalmente transparente que precisa, por iso esiximos transparencia e queremos clarexar aquí que o Auditorio non pode ser un pozo sen fondo, entón que queremos aclaracións por este tema, que lle preguntaremos directamente ao concelleiro cando estea recuperado, que desexamos que pronto se recupere.

SR. LÓPEZ FONT: Clarexar Sra. Egerique que non hai ausencias significativas, hai unha ausencia como lle pasou a vostedes noutras ocasións e punto, e en todo caso o todo relacionado co Auditorio lembre que é unha concesión dun goberno do Partido Popular, e que lle darán tódalas explicacións que queiran, evidentemente.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO

REGULAMENTO DO PLENO.

Non houbo.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non houbo.

4.- MOCIÓNS.

4.1(29).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A QUE INFORME DO CALENDARIO PREVISTO PARA AVANZAR NA REDACCIÓN DO NOVO PLAN XERAL DE VIGO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1319/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro de 2016, número 1319/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado 10 de novembro de 2015 ditouse a sentenza do Tribunal Supremo que anula o plan xeral de Vigo aprobado en 2008. Esta decisión sitúa a cidade coa única vixencia do planeamento de 1993 e nunha situación de incertidume que afecta de xeito sensible ao desenvolvemento de moitas actuacións previstas no municipio.

A situación deixa tamén no aire proxectos de inversión que afectan non soamente ao parque de vivendas, senón a infraestruturas claves para a cidade e mesmo para o seu tecido industrial.

A Xunta de Galicia ven de iniciar a tramitación parlamentaria para aprobar una modificación urxente da Lei do Solo que permitirá o desbloqueo de proxectos esenciais coma a Cidade da Xustiza, a estación intermodal ou a adaptación dos terreos que ocupa a factoría de Citroën en Vigo.

Esta disposición legal é froito do acordo político acadado no Parlamento, despois do estudo das distintas alternativas dispoñibles, primando sempre a opción máis rápida e tamén a máis segura xuridicamente.

Xunto coa urxencia destes proxectos esenciais compre, por unha banda, informar puntualmente aos veciños e veciñas de Vigo sobre a situación de todas as parcelas

e o futuro das mesmas, e sobre a tramitación das licencias en curso e tamén das novas.

E por outra parte é preciso traballar sen perder tempo na redacción do novo plan xeral de Vigo, e facelo desde a intención de acadar o máximo consenso posible para que o resultado sexa un planeamento satisfactorio para as necesidades da cidade, con visión de futuro e adaptado a realidade actual e ás previsións futuras.

Ata o de agora, as únicas accións certas das que temos constancia son os trámites parlamentarios acadados pola Xunta coa nova Lei do Solo e oca tramitación urxente do cambio legal que desbloqueará os proxectos claves de Vigo.

Desde que o pasado 18 de decembro este pleno municipal acordara iniciar as xestións para por en marcha o devandito novo Plan Xeral, nada se ten coñecido do traballo realizado polo goberno local.

Os veciños e veciñas de Vigo, os profesionais afectados pola anulación do PXOM, así como os inversores pendentes de definir proxectos nesta cidade, non teñen nin unha soa referencia certa deste goberno municipal sobre a previsión que manexa o Concello para ter aprobado e operativo un novo plan xeral.

Esta concelleira, no nome do grupo municipal popular, entende que é preciso e urxente que o Concello informe da súa folla de ruta e das datas que manexa para a preparación e presentación dos documentos que integran o Plan Xeral.

Polo anteriormente exposto, esta concelleira propón ao pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Instar ao Goberno municipal a que informe a este pleno do calendario previsto para avanzar na redacción do novo Plan Xeral de Vigo, así como da intención que ten este goberno de consensuar o seu contido co resto das forzas políticas deste concello e cos axentes sociais e económicos da cidade.

E instar tamén ao goberno a que informe da situación actual das licencias e proxectos tramitados ou pendentes ao amparo do anulado Plan Xeral do 2008, sobre a concesión de licencias que cumpran os requisitos do plan vixente de 1993; e a que habilite puntos de información para os cidadáns que teñen dereito a coñecer o estado real das súas fincas e as posibilidades de actuación reais nas mesmas.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión de 23.02.2016, quedou enterada da moción.

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: O 30 de novembro coñecemos na cidade unha sentenza do Tribunal Supremo da que falamos xa moitas veces neste Pleno que supuxo un dos maiores paus que recibiu esta cidade en toda a súa historia e como consecuencia desta sentenza e da anulación do Plan Xeral, dende ese momento a situación da cidade foi de auténtica emerxencia no ámbito urbanístico, vostedes señores do goberno municipal convocaron un Pleno de forma urxente e extraordinaria o 18 de decembro de 2015 para aprobar un acordo sobre a elaboración dun novo Plan de Ordenación Municipal, por certo ata o 18 de decembro non escoitamos a voz da Sra. Caride dando explicacións sobre o que había pasado e nese Pleno tamén escoitamos como a Sra. Caride eludía a súa responsabilidade e a do Alcalde de Vigo neste absoluto desastre para esta cidade, por certo, Alcalde de Vigo que hai que volver a mencionar que neste momento non está, nunha clamorosa ausencia porque señoras/es do Partido Socialista e do Goberno Municipal, eu entendo que vostedes estean moi empeñados en xustificar a ausencia do Alcalde e entendo que estean moi empeñados en resaltar a gran influencia e a gran sorte que temos en Vigo pola gran influencia que ten o Alcalde na política nacional, pois lamentablemente do único que se decatou toda España é que a máxima influencia que tivo o Alcalde de Vigo no acordo de PSOE con Cidadáns é cambiar unha data a partires da cal se admiten imputados e non teñen que dimitir no Partido Socialista, cambiou esa data e me temo que é única e exclusivamente para salvarse a el mesmo, porque se fose por outros compañeiros seus esa data non se houbera modificado. Polo tanto, cando falamos desa influencia imos ser realistas e imos dicir que ata agora que para os vigueses/as esa influencia non serviu absolutamente para nada e se estivera interesado nos problemas desta cidade e no urbanismo desta cidade houbera solicitado un cambio de data do Pleno que nos houberamos estado a favor e houberábase cambiado de día o Pleno para que el puidera estar aquí dando a cara e escoitando o que pasa realmente na cidade.

Imos ao importante que é o que pasa nesta cidade, o importante é a situación que temos despois da anulación do Plan e como dicía, pasado ese Pleno de 18 de decembro, no que aprobamos o inicio, despois de pasado o Pleno de 22 de decembro, no que unha vez máis eludiron as súas propias responsabilidades,

pasado o Pleno do 12 de xaneiro, no que pediron que colabora a Xunta de Galicia no financiamento dunha contratación para a elaboración dun novo Plan, Sr. Font, está moi nervioso tranquilícese e déixeme por favor falar. Xa unha vez que pasamos todos eses Plenos, silencio total e absoluto do Goberno sen dar explicacións claras e contundentes, nin sequera na Xerencia de Urbanismo dando explicacións do que é que van facer e cal é a folla de ruta, porque a realidade é que os cidadáns nos están a dicir que non saben que facer, que hai unha gran preocupación nos veciños, nos profesionais, que non saben que folla de ruta ten o Concello de Vigo, que non sabe que plans está a manexar, que dende o 30 de novembro xa pasaron 3 meses e ninguén contesta as súas preguntas, porque hai contradicións entre o que din na prensa, que é o que máis lles gusta, e o que din os profesionais e os técnicos da Xerencia de Urbanismo, que non se aclaran Sra. Caride, se de verdade están a traballar contestará a esta moción e dará datas claras e concretas, se de verdade ten as cousas claras darán contestación e farán público o seu calendario, a súa folla de ruta, porque hai moitas preguntas sen contestar e eu quería formularllas aquí para que o faga, comezaron a elaboración do documento de inicio do Plan? En que data estiman telo? Comezaron a elaboración do estudo de avaliación ambiental? En que data pretenden telo? Comezaron a elaboración do estudo económico? Cando o van presentar? Cando estiman que se presente a aprobación inicial do Plan? Cando estiman que se presente a aprobación definitiva? Van contar cos grupos da oposición para elaborar o Plan e o consenso de todos como moitas veces lles pedimos? Van dar licencias e están a dar licencias con cargo ao Plan do ano 1993 ou están a facer un bloqueo da concesión de novas licencias e en que se está a amparar? Que solución lle da ás persoas que viron paradas as súas vidas autenticamente parada a súa vida o 30 de novembro con proxectos de futuro, con proxectos de construción da súa casa, que pediran a licencia e neste momento non saben que é o que vai pasar con elas? Que pasa con veciños de Lavadores, de Cabral, da Ronda, que lles teñen que dicir do que van facer con eles, non tire balóns fora e aproveite realmente se teñen un plan para contestar?

SR. PÉREZ CORREA: Nós imos absternos nesta moción, ademais estaba na nosa moción anterior, ese calendario deses prazos, entendemos que é unha demanda,

algúns ímolo coñecendo, certo é, como esa comisión técnica que vai empezar a traballar, nós non entendemos o contido da moción porque si é certo que aquí se propón que hai determinadas cuestións que xa están solventadas, o que ten que ver precisamente co que falabamos antes da ampliación ou das modificacións que se fagan no ámbito do polígono de Balaídos, a Cidade da Xustiza, a estación Intermodal e a vía dos feitos é que non é así, esta semana coñecíamos precisamente que non hai ofertas por parte das construtoras para esa estación, precisamente construtoras con seus gabinetes xurídicos e seguen argumentando que non hai unha substancia xurídica que lles permita estar tranquilos para afrontar a participación nun concurso destas características. Nós pensamos que por parte da Xunta de Galicia non se fixo aínda nada que garanta o desenvolvemento desa parte do Plan, eu creo que houbo un esforzo colectivo do Partido Popular e do Partido Socialista por solventar estas cuestións e nos esquecemos durante uns meses precisamente do que se acaba de verbalizar aquí, de cal é situación na que se quedan os centos de familias que tiñan un proxecto urbanístico pequeno, unha vivenda ou unha promoción pequena, a xente que tiña unha situación urbanística complexa, como quedan, é dicir, o urbanismo que lle interesa á maioría social desta cidade. Polo tanto, vir agora con esta presa de prazos cando o que se priorizou precisamente eran as outras cuestións e se deixou nun limbo a realidade dos vigueses/as no que ten que ver co urbanismo pois parécenos bastante demagórico, sobre todo porque esa lei que propón o Partido Popular creo que vai permitir que moitos concellos queden “sine die”, sen planeamento, vanse ir resolvendo pola vía desa nova inclusión de interese xeral nunha lei e no resto faranse modificacións ou ben do plan vixente, neste caso o do 93, ou se deixará nun limbo determinadas actuacións e volveremos a ver PERIs que quedan aí nos anos no urbanismo que nunca se desenvolven.

Polo tanto, nós pensamos que si que hai que facer un calendario, que ese calendario ten que ter unha posición previa que ten que ser unha comisión permanente neste Concello, non só o que supón a Xerencia de Urbanismo senón que hai que ir a unha comisión participativa, incluso un consello municipal teríamos que pensar a posibilidade de arbitrar porque seguimos pensando que temos que repensar o modelo de cidade, que non vale un corta pega do ano 2008 e que polo tanto ese calendario non é só calendario legal co que ten que ver coa primeira

redacción, co que ten que ver coa avaliación ambiental estratéxica do Plan, o que ten que ver coa exposición inicial senón con todo o que ten ver co modelo de cidade, coa redacción, como imos interlocucionar cos axentes sociais e se de verdade imos a un modelo de cidade que dicía que íamos a ir os 400.000 habitantes ou as 125.000 vivendas, ou se imos reformular ese modelo e polo tanto temos que ter primeiro unha dimensión económica e sociolóxica do modelo da cidade, creo que aquí nesta proposta se obvia esa parte e se nos mete xa no que é o trámite legal de redacción sen que repensemos o modelo de cidade que queremos levar adiante nesta cidade.

Polo tanto, a nosa abstención vai consustanciada con esta posición que nós defendemos xa dende o primeiro momento de coñecer a anulación do Plan Xeral, que era un bo momento de repensar o modelo de cidade e de repensar determinados ámbitos que estaban dentro deste Plan Xeral que no momento inicial da redacción era o auténtico boom da burbulla inmobiliaria neste país e nós pensamos que iso si que require un tempo longo e ao mellor parece que un tempo secundario toda esa toma de datos, ou toda ese traballo colectivo multisectorial e multidisciplinar de como imos a construír un modelo de cidade pero nós pensamos que aquí xa se nos pon como unha vía de que xa hai solucionado as cuestións urxentes e o modelo de cidade e polo tanto vaimos a traballar xa nas cuestións burocráticas do Plan. Nós pensamos que aínda queda un traballo previo e pedimos por exemplo que sexa participativo e non estaría mal que pensáramos nese consello municipal con participación do movemento veciñal, das organizacións sindicais, dos colexios profesionais e que pensemos en como imos afrontar un traballo inxente que dende logo ten que axilizarse no tempo para non estar moitos anos sen Planeamento Urbanístico.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Di vostede emerxencia, eu recoñezo que respecto a outras situacións dende logo é unha situación francamente difícil para Vigo e polo tanto creo que temos que abordar este problema coa rigorosidade que se necesita, agora ben, tamén me sorprende que tendo tanta inquietude por lo que está a suceder co Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo vostede adicara máis da metade do seu tempo a falar da ausencia do Alcalde de Vigo, a verdade é que moito esta cuestión non lle debe preocupar.

Dende o momento da toma de coñecemento da sentenza do Tribunal Supremo, dende a Xerencia de Urbanismo e o Concello de Vigo comezamos a traballar a reo para ter un Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado á lexislación vixente o antes posible. Froito desa situación, como ben sabe, acordamos a constitución dunha comisión técnica de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, a primeira reunión tivo lugar o día 12 de febreiro, polo tanto, xa se constituíu para poñer enriba da mesa cuestións que teñen que ver coa información que a Xunta de Galicia ten que trasladar a este Concello porque ao longo de tres meses aínda non temos toda a información que precisamos, tampouco das institucións do Estado e por outra banda para ver o alcance contido da nova Lei do solo, porque como sabe vostede o Plan Xeral de Ordenación Municipal que temos que tramitar xa ten que estar adaptado á lexislación que vai estar vixente a partires do día 19 de marzo, polo tanto, a primeira cuestión é saber o alcance e contido de cada un dos documentos que deben formar parte das distintas fases de elaboración do Plan Xeral, ese alcance contido está nunha versión inicial no Regulamento que o xoves pasado aprobou a Xunta de Galicia e que ata hoxe non está dispoñible, na súa versión "on line" para que podamos consultala tódolos concellos, por certo aínda nunha fase de exposición pública, pero con ese traballo e con esa información incipiente que temos do documento o que nos imos a asustar e que nos temos que asustar obviamente xa estamos a traballar, e a primeira estratexia que desenvolve este Concello é a redacción de dous documentos, Sra. Muñoz, léase vostede a tramitación do Plan Xeral porque creo que non a entende, os dous documentos que en primeiro lugar hai que mandar para iniciar o procedemento de Avaliación estratéxica ambiental, son o documento estratéxico e o borrador, documentos nos que o Concello de Vigo está traballando e espera ter rematados en breve. Agora ben, como vostede sabe no Plan Xeral de Ordenación Municipal hai moitos prazos que non son competencia deste Pleno Municipal nin deste Concello, nós podemos dar conta dos prazos de traballo que queremos establecer para as distintas fases de elaboración do Plan Xeral, pero como sabe vostede hai moito dos informes sectoriais do Plan Xeral que non corresponden a esta administración, e hai algún informe sectorial que pode incluso chegar a tardar seis meses, polo tanto, na programación dese calendario nos daremos conta dos traballos que vai efectuar este Concello e como sabe vostede estamos dando conta puntualmente no

Consello da Xerencia de Urbanismo, pode vir vostede cando queira a ese Consello se non lle informan prontamente porque dende logo alí damos conta de tódalas cuestións que teñen que ver coa incidencia do Plan Xeral.

Do mesmo xeito lle informo que tivemos moitas consultas porque si é verdade que hai proxectos de cidadáns que desafortunadamente quedaron truncados coa nulidade do Plan, e intentamos dar resposta a tódolos cidadáns que se achegan para preguntarnos cal é a súa situación. Froito dese traballo atendemos nos primeiros dez días do mes de decembro, aproximadamente a 100 consultas diarias, nos seguintes días do mes de decembro, laborais oitos días, aproximadamente 45 consultas diarias, nos 19 días laborais do mes de xaneiro a redor de 35 consultas diarias e no que levamos do mes de febreiro ao redor de 30 consultas diarias, pero por poñerlle un exemplo, o venres pasado había máis de 40 consultas. Iso significa que atendemos a máis de 2.500 consultas que estamos intentando solventar os problemas dos cidadáns directamente co persoal da Xerencia de Urbanismo, co persoal de información da Xerencia complementado co servizo do Rexistro, porque lle direi que se suprimiron durante o mes de decembro e xaneiro as vacacións do persoal de Información e do Rexistro, que os funcionarios encargados en ningún dos días transcorridos dende a notificación da sentenza abandonou o seu posto de traballo ata que non foron atendidas tódalas persoas que solicitaron información, máis alá do horario estrito de atención ao público, por certo un traballo que eu lle agradezo aos funcionarios e traballadores da Xerencia de Urbanismo. Polo tanto, estase a dar cumprida resposta a unha necesidade que como vostede sabe requiriu moito traballo, entre outras cousas volver a poñer a disposición o Plan Xeral de Ordenación Municipal do ano 1993, e lles pedimos que se sumen e que non poñan atrancos.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade, Sra. Caride, despois de escoitar a súa intervención me parece que está vostede a vivir unha historia que non é a mesma que está a vivir os vigueses/as co Plan Xeral, contounos aquí unha historia moi bonita, eses pasos que se seguiron, iso si non deu nin unha soa data que é exactamente o que lle están a pedir os colectivos profesionais, os veciños, todos aqueles que queren facer algo, investir en Vigo e ós que vostedes deberían de darlles esas datas, pero aparte desa historia tan bonita e desas miles de consultas

que non sei de quen, deben estar a chamar doutros concellos para preguntar, realmente non nos deu nin unha soa solución. Dende logo a súa obriga, Sra. Caride, é dar respostas ás dúbidas que están a formulando os cidadáns, non é de recibo Sra. Caride, que na Xerencia de Urbanismo resulta que para que a alguén lle atendan e para que atender aos profesionais haxa que chamar por teléfono os martes ou os xoves e que lle dean cita un día á semana, se a vostede lle parece que co “problemón” que temos nesta cidade un día á semana chega para resolver as miles de dúbidas que hai, entón apaga e ímonos, porque non se está vostede decatando do grave problema que ten a cidade e que a concelleira de Urbanismo e que a principal responsable non se decate e queira negar o principal problema que ten esta cidade é bastante preocupante, porque insisto, hai moitos vigueses que non están a ter resposta aos seus problemas e resposta a súas situacións. Insisto, que pasa coas licencias? Hai unha negación encuberta de dar novas licencias ou non? Non nolo respondeu, non o dixo vostede aquí non Pleno claramente, están vostedes concedendo licencias? Cantas concederon con cargo ao Plan do 93? diga cantas? Porque eu vexo as ordes do día e falo cos meus compañeiros porque nós no grupo municipal do Partido Popular falamos entre nós, non sei se vostedes poden dicir o mesmo, e temos permanente información de todo o que están vostede a facer, e o que están a facer é nada. Abran un punto de información para os cidadáns, amplíen os horarios de información aos profesionais, fagan unha planificación realista e fágana pública, porque os que queren investir na cidade se non teñen claro os prazos vanse levar os seus cartos a outro sitio e imos ser máis pobres nesta cidade e non imos a aproveitarnos de por fin despois destes anos de crise económica, aproveitan que a crise se está a acabar e está volvendo o crecemento, e a volverá a todos menos a Vigo e a cidade será máis pobre por vostede e polo Alcalde, o Sr. Abel Caballero, que por suposto é un tema fundamental que estea ausente neste Pleno, porque el e vostede, vostede e el cargáronse o urbanismo de Vigo e aínda estamos a padecer as consecuencias da súa actitude. Corrixan o erro, non nos volvan a facer caer no mesmo e dende logo non alonguen a agonía dos vigueses como consecuencia desta situación.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido

Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 17.02.2016 (Rex. Nº 1319/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.2(30).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL ACORDE COAS CONCESIONARIAS DOS APARCADOIROS PRÓXIMOS A CENTROS PÚBLICOS DE SAÚDE, A REBAIXA DAS SÚAS TARIFAS, ASÍ COMO OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1320/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de febreiro de 2016, número 1320/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Gago Bugarín, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Dende o inicio do proceso de tramitación e construción do hospital público Álvaro Cunqueiro, o Goberno Municipal non fixo máis que obstaculizar a normal posta en marcha desta importantísima infraestrutura para a cidade de Vigo.

Incorrendo mesmo en deixación de funcións ao non dar ao hospital públicos os servizos básicos que son da súa competencia, entre outros, un aparcadoiro publico municipal.

Resulta especialmente chocantes as criticas sobre as tarifas do aparcadoiro do

hospital cando nos parkings municipais da cidade cóbranse o dobre aos vigueses e viguesas.

Compre lembrar que no pasado mes de decembro de 2015, a Xunta de Galicia fixo efectivo o acordo coa concesionaria do parking do Hospital Álvaro Cunqueiro, no que se reduciu de forma drástica as tarifas e abonos dos usuarios e traballadores do mesmo.

A pesares do resolución recollida no contrato que establecía os prezos do aparcadoiro do hospital en función da tarifación media dos parkings da cidade, a Xunta foi quen de renegociar os prezos de cobro coa concesionaria.

O acordo supuxo un total de 500 prazas gratuítas e abonos de 30€ ao mes para as traballadoras e traballadores do hospital, así como o establecemento das seguintes tarifas para os usuarios:

0 - 30 minutos: gratuidade
31- 60 minutos: ata 0,90 céntimos
A partir da primeira hora: 1€/hora.

O resultado de dita negociación supón ter na contorna do hospital público Álvaro Cunqueiro o parking concesionado máis barato de todos os existentes na cidade de Vigo e de Galicia.

O encarecemento dos prezos dos parkings e as humanizacións feitas nos derradeiros anos que propiciou unha sensible redución das prazas de aparcadoiros en superficie, provoca unha clara discriminación para os milleiros de vigueses e viguesas usuarios dos centros de saúde públicos do casco urbán onde carécese de prazas de aparcadoiro e supoñen unha clara contradición coas declaracións do alcalde de Vigo.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular demandamos ao Goberno Local a que acometa as actuacións correspondentes para que os usuarios dos centros de saúde e hospitais da cidade poidan aparcar nos parkings próximos que se encontran en réxime de concesión municipal, alomenos ás mesmas tarifas e condicións que o poden facer no Álvaro Cunqueiro. Entendemos que os dereitos dos usuarios e usuarias da sanidade pública no hospital Álvaro Cunqueiro, deben ser os mesmos que calquera outro usuario dun centro de saúde ubicado no centro da cidade.

Ademais disto, entendemos que debe ser atendida con carácter urxente a longa demanda da veciñanza de Teis sobre a instalación dunha escaleira mecánica nos accesos ao centro de saúde da parroquia. A meirande parte dos usuarios habituais do centro público de atención primaria, teñen unha idade avanzada e moitos deles teñen problemas de mobilidade.

Estas persoas vense na obriga de afrontar pendentes do 15% e case 700 metros de lonxitude que fan moi custoso o acceso ao recinto sanitario.
Por todo isto,

ACORDO:

Instar ao Concello de Vigo a que acorde coas distintas concesionarias dos aparcadoiros ubicados próximos aos centros públicos de saúde do casco urbano, a rebaixa das súas tarifas, co fin de igualar nestes estacionamentos alomenos as tarifas actualmente en vigor no hospital público Álvaro Cunqueiro.

Por outra banda, instar ao Concello de Vigo a integrar no seu Plan Vigo Vertical as escaleiras mecánicas demandadas polos veciños de Teis nos accesos ao centro de saúde da parroquia.”

A Comisión Informativa de Fomento, Limpeza e Contratación, na súa sesión de 23.02.2016, quedou enterada da moción.

DEBATE:

SR. GAGO BUGARÍN: Hoxe o que imos comprobar aquí con esta moción que presentamos dende o grupo municipal do Partido Popular é saber se vostedes discriminan aos vigueses en función de onde utilizan a sanidade pública, é certo que vostedes fixeron moita demagogia, anticipóme e xa sei o que me van responder, pero o certo é como a hemeroteca non falla, si falla a memoria pero non a hemeroteca, voulles lembrar que dende o inicio do proceso de tramitación e de construción do hospital público máis importante construído nos últimos anos en España, en plena crises económica, o Goberno Municipal e máis concretamente o Sr. Alcalde, adicouse dende o minuto un a obstaculizar a normal posta en marcha desta importante infraestrutura para a cidade de Vigo, deulles exactamente igual non exercer as funcións ás que estaban obrigados, e adicáronse a non dar ao hospital público os servizos imprescindibles e básicos que son competencia exclusivamente do Concello de Vigo. Entre eles, un aparcadoiro público e gratuíto, e iso que vostedes tiñan o terreo e tiñan as competencias para facelo. Pero o certo é tamén que o aparcadoiro propio do hospital era caro, é certo que era caro, por iso convén lembrar que era caro porque estaba recollido así por contrato, que o prezo do aparcadoiro do hospital sería igual á media da tarificación de tódolos aparcadoiros da cidade, por iso o aparcadoiro do hospital público Álvaro Cunqueiro era caro. Así danos unha idea de como están de caros os aparcadoiros desta cidade, porque dende que o Sr. Caballero goberna nesta cidade os aparcadoiros

públicos duplicaron a súa tarifa, vostedes subiron un 50% as tarifas dos 80 primeiros minutos de tódolos aparcadoiros da cidade no ano 2008. Pero o certo é que o Partido Popular a través da Xunta de Galicia foi quen de negociar coa concesionaria e de reducir drasticamente as tarifas e os abonos para usuarios e traballadores do hospital, de feito como vostedes saben, hoxe os traballadores teñen 500 prazas gratuítas no hospital e teñen bonos de 30 euros ao mes para aqueles que non acceden á praza gratuíta, e saben tamén que os usuarios hoxe en día teñen a primeira media hora gratis e pagan tan só un euro por cada hora, é dicir, que nesa obra recén feita, camaleónica como é facer o Álvaro Cunqueiro a Xunta de Galicia converteu o aparcadoiro no máis económico con moita máis diferenza de tódolos que hai na nosa cidade, e agora xorde un problema moi importante que é que hai vigueses de primeira e de segunda en materia de Sanidade Pública, e nós o que vimos a solicitar aquí, por moito que lles doa, en nome de miles de usuarios dos centros públicos do centro da cidade e en nome de centos de traballadores, é que vostedes fagan o propio, o que fixo a Xunta de Galicia e que negocien coas concesionarias para que os aparcadoiros próximos aos centros de saúde do casco urbano da cidade, onde no hai aparcadoiro gratuíto, teñan ao menos as mesmas tarifas que ten o aparcadoiro de Álvaro Cunqueiro, porque agora creouse unha discriminación moi clara entre os que han de utilizar as consultas dos centros de saúde urbanos e os que han de ir ao Álvaro Cunqueiro. Nós esixímoslle algo que debería saír de vostede e é que non discriminen en materia sanitaria a ningún vigués, pedímoslle que equiparan eses prezos, a vostedes lles parece normal que un médico ou que unha enfermeira do Centro de Saúde de Rosalía de Castro teña que saír cada dúas horas a mover o coche porque o teñen na zona azul? Lles parece normal que teñan que pagar 30, 40 euros ao día por aparcar no aparcadoiro ou alugar unha praza de garaxe, 90 euros ao mes, cando vostedes insistiron unha e outra vez na gratuidade e nos bonos que tiñan que pagar os aparcadoiros, non lles parece unha auténtica demagogia? Pois agora teñen vostedes a pelota no seu tellado e esperemos que eses máis de 150.000 usuarios que hai adscritos, vigueses que teñen asinadas as consultas nos centros de saúde da zona centro da cidade pois que poidan por fin gozar dunha igualdade de competencias e de dereitos como ten o resto dos vigueses.

Eu simplemente lles digo e remato, que vostedes decidirán e agora veremos a

verdadeira cara de todos vostedes, a verdadeira cara do Alcalde, de saber se están preocupados porque as persoas utilicen a Sanidade Pública ou máis ben lles preocupa unicamente xerar polémica e utilizar esa polémica politicamente.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Desculpe o grupo do Partido Popular máis eu non sei como se atreven sequera a nomear voluntariamente nada que teña que ver co hospital Álvaro Cunqueiro. Demostran vostedes unha insensibilidade extraordinaria, dende o inicio do proceso de tramitación e construción deste hospital o único que se pode contar como atrancos e obstáculos son as carencias de infraestruturas e recursos que padecen día tras día pacientes e traballadores/as, derivados dun hospital privado disfrazado de público que xa lle custou unha manifestación de 200.000 persoas ademais de moitas denuncias. É unha mostra clara de cinismo e de hipocrisía que o grupo Popular desta cidade demande a xeneralización das tarifas dos aparcadoiros próximos aos centros de saúde cando foi o seu partido de man do Sr. Feijóo, quen fixo que aparcadoiro do hospital fose de pago cambiando o proxecto inicial que prevía que fose gratuíto. Despois de moita presión por parte da poboación resolveron rebaixalo de prezo, que “boiños” que son, escoitando á xente, é o seu xeito de facer política, de quitarnos dez e despois devolvernos unha e pensan que llo imos agradecer, en fin, pois non.

Señores/as do Partido Popular o aparcadoiro segue sendo caro, primeiro, porque cando vas ao hospital por urxencias non estás alí unha hora nin dúas horas, estás alía seis, sete ou oito horas como mínimo, co cal tes que pagar un euro por hora, sae “carísimo”, e xa non che digo se tes unha persoa hospitalizada, porque entón botas alí 24 horas, un día si e outro tamén, pagando aparcadoiro.

Nin cinismo nin hipocrisía nin concesións a empresas que se lucran cos cartos dos/as contribuíntes, falar dos aparcadoiros que dean un servizo de calidade pasa por falar de municipalización dos aparcadoiros, tamén do resto da cidade, con prezos reducidos sobre todo nos que se atopan preto dos centros públicos, tanto sexa sanitarios como xulgados como outros centros públicos, e pasa tamén pola gratuidade dun aparcadoiro no Álvaro Cunqueiro, xa sexa dentro ou fora do hospital.

Manifestámonos pois en contra da moción do Partido Popular por considerar que está cargada de cinismo e de hipocrisía pois ben sabemos que o facilitarlles a vida

á xente que precisa acudir a estes centros non é precisamente a finalidade das políticas do Partido Popular e instamos así mesmo ao Concello de Vigo a que acabe coas concesionarias dos aparcadoiros municipalizando o seu servizo.

Por outra banda pronunciámonos a favor de escoitar á veciñanza de Teis a que se atendan as súas demandas o antes posible.

SR. LÓPEZ FONT: Si é certo que hai que ter moita cara e moita hipocrisía para traer esta moción aquí Sr. Gago, esta moción literalmente é a moción da mala conciencia que teñen vostedes porque este é único hospital privado de Galicia, o único, e llo dicía antes, vostedes son os concelleiros da única cidade de Galicia que teñen que soportar un hospital privado. Podían ter aproveitado esta moción para calquera outra cousa, que fixeron, poderían ter pedido trasladar o Sireno, solucionar o problema do pan en Venezuela, poderían ter feito calquera cousa, pero o que teñen que pedir vostedes aquí é que o aparcadoiro que é de todos, sexa gratuíto, e vostedes non o piden, ese aparcadoiro é de tódolos cidadáns de Vigo, pero como se atreve a dicir cidadáns de primeira e segunda, se son vostedes os que converten aos cidadáns en segunda ou terceira? Onde se paga no aparcadoiro tecnolóxico de Valladares? Onde se paga no aparcadoiro na Universidade de Vigo Sr. Gago? Págase aparcadoiro no hospital privado e ademais cunha consecuencia tamén, e non enganen á xente, cun truco, vostedes acordaron unha redución dos prezos que acabará pagando o Sergas ou que acabarán pagando nunha ampliación da concesión.

Polo tanto, é absolutamente falso, mire esta é a proba de que non estamos a falar dun hospital público, ao Concello de Vigo diríxese a sociedade concesionaria do hospital, a persoa que asina este escrito en nome do hospital non é ningún cargo nomeado pola Xunta de Galicia, non pertence ao Sergas, pertence a uns intereses económicos que vostedes están a potenciar.

Polo tanto, este aparcadoiro, insisto, se converte nun copago, e ademais pero como se atreven a dicir que fixeron unha redución das tarefas e que queren facer unha media se o que lles está a reclamar a cidadanía é que as dúas parcelas que llo demostramos por activa e por pasiva que teñen vostedes para un aparcadoiro non poñen en gratuidade, falan de respectar os acordos deste Pleno, pois executéno.

Polo tanto, aquí estamos desviando a atención, e facelo con respecto aos centros

de saúde xa é o máis grotesco das bromas, porque descoñecer que os actuais centros de saúde da cidade non teñen aparcadoiro gratuíto no seu entorno é non coñecer o tema da cidade, ou non o saben.

Por que non fala Sr. Gago dos cinco centros de saúde pendentes por parte da Xunta de Galicia de levar a cabo nesta cidade, porque non fala, por que en vez de mencionar ao veciños de Teis non menciona aos veciños de Bouzas dicíndolles e ensinándolles a parcela que cedeu o Concello de Vigo ao Sergas e á Xunta de Galicia para facer un centro de saúde, pero que hipocrisía é esta de falar de que os cidadáns teñen dificultades para ir aos centros de saúde, se vostedes pecharon o centro de saúde de Beiramar, se é o colmo, trasladárono e o pecharon e crearon un gran problema aos cidadáns porque posiblemente iso que vostede defende que teñen que aparcar se non houberan trasladado o centro de Beiramar irían andando. Polo tanto, preocúpense mais da sanidade, preocúpense máis da dotación que lle ten que dar a Xunta de Galicia e preocúpese menos doutras historias, ademais os aparcadoiros nesta cidade foron concesionados por vostedes, pero se o sabe todo o mundo, se que a min encántame oírles falar a vostedes da concesión do Auditorio, se eu lembro o cartel do Auditorio que dicía concesionado en 78 millóns máis IVE, e ao mes de estar aquí de concelleiro nos atopamos cunha execución de obra de 165 millóns, pero de que me falan.

Se tanto lle preocupa o tema dos aparcadoiros e se tanto lle preocupa a gratuidade dos mesmos, como os de Zona Franca non son concesionados pídale á Zona Franca que sexan gratis, e o colmo da moción é xa desviar a atención ao Vigo vertical e a unha petición que parece ser que é histórica, Sr. Gago, cando fale de Vigo vertical faga un recoñecemento ao que fixo este goberno, a que o Vigo vertical no se falara nesta cidade nunca ata que o propuxo o Alcalde. Polo tanto, este é o recoñecemento que deberían facer e non se preocupen polo cidadáns de Teis os que máis se preocupa é este goberno.

SR. GAGO BUGARÍN: Sra. López Barreiro, a verdade é que eu sabía que vostedes ían facer política, porque están aquí precisamente para facer política, pero o que non nos imaxinábamos é que poñéndolles a ovo, e me permitirán que diga esta expresión, algo tan básico e tan necesario para a cidadanía, unha discriminación tan evidente para os que utilizan a sanidade pública nos centros de saúde da zona

centro da cidade e os que agora o fan no Álvaro Cunqueiro nunca me puider imaxinar que vostedes que o teñen a ovo, voten en contra e estean en contra e entren no xogo da demagogia que fai o Partido Socialista, en calquera caso vostedes serán consecuentes coa votación e iso é o que reflectirán aos 150.000 usuarios dos centros de saúde.

Sr. Font, máis do mesmo, levamos 5 meses, 6 meses utilizando a mesma demagogia, estámoslle a trasladar un problema Sr. Font, é un problema que hai na cidade, nestes momentos hai 150.000 usuarios de diferentes centros de saúde da cidade que teñen que pagar o dobre ou o triplo que o resto dos cidadáns, Sr. Font, hai un problema e nós a través da Xunta de Galicia a través do Partido Popular, a través dun aparcadoiro que era caro, nós o rebaixamos e demos prazas de aparcadoiro, 500 prazas de aparcadoiro gratuítas para os traballadores, pero vostedes non saben que hai centos, centos de enfermeiros, médicos que traballan nos centros de saúde e que teñen que pagar 90 euros, 100 euros, 110 euros por unha praza de aparcadoiro na zona centro, que teñen que pagar euros e euros se o teñen na zona azul, que teñen que saír, deixar de atender ás persoas para saír a cambiar o ticket, para saír a cambiar a hora, esa é a realidade e é polo que nos presentamos a moción, aquí non se trata de facer historia, Sr. Font, aquí trátase de solucionar os problemas e vostedes son uns artistas en desviar a atención e non solucionar os problemas dos cidadáns, nós non lle pedimos nada que non sexa de xustiza, nós non lle pedimos nada máis que un de cada dous vigueses que está afectado, prexudicado, que está sendo discriminado nesta cidade teña unha solución coherente tal e como vostedes demandaron e solicitaron facendo enorme demagogia e crispando á cidade e sacándoa a rúa, mira agora como a maioría da xente non lle fai caso, pero intente agora facer unha manifestación en contra do hospital e xa verá como non van nin a metade dos que vostedes fomentaron, dígollo eu Sr. Font, xa case ninguén fala do hospital, agora do que se fala Sr. Font e que hai unha discriminación e dígollo eu, vou ao centro de saúde da Rúa Cuba e teño que pagar se levo o coche, así que por favor solucionen o problema e non discriminen aos vigueses.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido

Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e dezasete votos en contra dos membros dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 17.02.2016 (Rex. Nº 131201101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Gago Bugarín, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓN URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

Non houbo.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

5.1(31).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO Á ASOCIACIÓN TORREIRO EN COIA.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Tendo en conta que creo que se vai empezar co dos ascensores en Coia, eu rogaría, tendo en conta a poboación de Coia que é moi maior, que nesa asociación que creou para tal efecto do Sr. Caballero que se chama Asociación Torreiro, se puxera unha persoa para atender a tódolos cidadáns, e moi importante porque a poboación é moi maior, entón eu rogaría que fixeran iso.

PRESIDENCIA: Queda recollido ese rogo.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

6.1(32).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO A CREACIÓN DUNHA OFICINA DE CONSULTA E ASESORÍA URBANÍSTICA.

SR. PÉREZ CORREA: Pensa este goberno municipal artellar unha oficina específica de consultas urbanísticas e asesoría sobre a situación de propiedades, licencias, etc. ou servizos que cubra estas necesidades e que evite a desinformación que moitos veciños/as están a trasladar no movemento veciñal?

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Como xa comentei hai un intre, o servizo de urbanismo está dando cobertura ás necesidades de información aos cidadáns de Vigo, reforzaremos o servizo para poder atender tódalas demandas.

6.2(33).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. JÁCOME ENRÍQUEZ, RELATIVO Á OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: De que xeito vai dispoñerse o calendario das oferta públicas de emprego 2012-2016 despois da anulación da oferta do 2010-2011, así como a asunción de responsabilidades políticas de tal anulación?

SR. LÓPEZ FONT: No menor tempo posible e sempre de acordo coa normativa vixente.

6.3(34).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO AO ACOLLEMENTO SOCIAL DO ALBERGUE MUNICIPAL.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Por que partindo do feito de que ten que tratarse dunha entidade pública, non se aproba para o Albergue Municipal unha resolución que permita o acollemento residencial de máis de 10 días para as persoas empadroadas en Vigo e cun historial biopsicosocial de vulnerabilidade crónica?

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: No diario oficial de Galicia, do venres 15 de febreiro do 2008, define cales son os criterios para os albergues, e di “son establecementos para o aloxamento de carácter temporal destinados a acoller persoas en situación de emerxencia social, persoas transeúntes e que están sen fogar proporcionándolle aloxamento e manutención por un período limitado de tempo”. Temos unha media de 655 usuarios ao ano, o que nos da 38 prazas que é o que nos autoriza a Xunta de Galicia, nos tiñamos solicitadas 44 creo lembrar, por 365 días, total de 13.870 pernoitas no Albergue, unha media de 21 días se quedan. O problema que nos estamos a atopar que non é competencia deste Concello, o dispositivo social, o feito que lle damos preferencia as persoas con historial biopsicosocial, transformaríao nun centro socio-sanitario e que ese centro non é competencia municipal. Se teñen historial biopsicosocial deberían entrar nun dispositivo de atención sanitaria, como mínimo baixo a supervisión dos servizos de saúde, pero cando tratamos de cidadáns que son dependentes, independentemente da dependencia que teñan, deberían optar a unha praza nesa residencia por dependencia. En todo caso, nós atendemos dunha forma especial, previo un informe a algunhas persoas que incluso nos remiten da Xunta de Galicia, tomen nota, a un centro socio-sanitario en Pontevedra que atende a persoas dependentes, voulles poñer un exemplo, méteno nun taxi e o mandan para Vigo, a un señor de 75 anos cunha dependencia tremenda, que lle cortaron unha perna, e que pide e chega nun taxi á Praza da Princesa, un venres ás 13,45, cousa que o único que temos que facer é atendelo, sendo conscientes de que non temos médicos nin temos medios nin nada de nada para volver o luns e notificarllo ao Fiscal para que se faga cargo destas historias tan complicadas e tan difíciles como é meter a unha persoa nun taxi e traelo para aí. Hai que diferenciar os centros socio-sanitarios do que é neste caso un Albergue, de feito seguímolos atendendo con risco porque non temos médicos e non temos competencias, as competencias tenas a Xunta de Galicia.

6.4(35).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA, RELATIVO AO INICIO DO TRÁMITE PARA A DECLARACIÓN DAS CÍES COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Xa que nos decatamos hai pouco de que non se iniciara o trámite de Cíes Patrimonio da Humanidade que tanto presumira o Alcalde diso, queremos preguntarlle a el ou que lle trasladen a pregunta, de cando pensa iniciar ese trámite?

PRESIDENCIA: Contestarémolles por escrito.

6.5(36).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO AO HORARIO LABORAL DO ALCALDE PEDÁNEO DE BEMBRIVE.

SR. GAGO BUGARÍN: Hai numerosos veciños da pedanía de Bembrive que afirmar ver ao Alcalde Pedáneo a calquera hora do día, pola mañá e pola tarde e entón nos trasladan se é que o Sr. Alcalde Pedáneo ten unha excedencia non legal nas súas funcións laborais no Concello, entón o que queríamos saber e se está a cumprir co horario laboral.

PRESIDENCIA: Contestarémolles por escrito.

PRESIDENCIA: Non habendo máis preguntas, dígolle que me sentín orgulloso de presidir este Pleno e doulle as grazas a tódolos concelleiros/as e moi boa tarde a todos.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás

doce horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.